

MEMORIA RESPONSABILIDADE SOCIAL UNIVERSITARIA



RS | UDC 2012



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

MEMORIA RESPONSABILIDADE SOCIAL UNIVERSITARIA

A elaboración da Memoria de responsabilidade social da Universidade da Coruña (UDC) é froito do convenio de colaboración asinado por INDITEX, S.A. e a UDC, o 10 de marzo de 2010, polo que ambas as institucións acordaron sumar esforzos co obxecto de promoveren a implantación dun modelo de responsabilidade social universitaria.

A coordinación técnica das actuacións que se levaron a cabo está a cargo do Vicerrectorado do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social e do Consello Social da UDC, en calidade de órgano de participación da sociedade na universidade.



ÍNDICE

Compromiso e responsabilidade: carta do reitor da Universidade da Coruña.	8
Avanzando pola senda da responsabilidade social: carta da vicerreitora do Campus de Ferrol e responsabilidade social da Universidade da Coruña.	10
Unha universidade con compromiso social: carta do presidente do Consello Social da Universidade da Coruña.	12
A razón de ser da Memoria de responsabilidade social da Universidade da Coruña.	14
1. QUE SOMOS? COMO SOMOS?	16
Que somos? Natureza da Universidade da Coruña.	18
Como somos? O compromiso social da Universidade da Coruña.	20
1. A MISIÓN DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.	20
2. A VISIÓN DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.	21
3. OS VALORES DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.	22
4. O COMPROMISO GLOBAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.	23
2. OS GRUPOS DE INTERESE DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.	24
Por que os grupos de interese?	26
I. A comunidade universitaria.	27
1. ESTRUCTURA DA UDC.	27
1.1. Estructura territorial.	27
1.2. Estructura académica.	27
2. OS ESTUDANTES.	28
2.1. Composición do colectivo dos estudantes.	28
2.2. Oferta académica.	32
2.3. Bolsas, contratas e premios.	42
2.4. Acceso ao mercado laboral.	46

3. O PERSOAL DA UDC.	52
3.1. Composición do persoal da UDC.	52
3.2. Formación para o persoal da UDC.	53
3.3. Promoción do persoal da UDC.	54
3.4. Acción social co persoal da UDC.	59
4. IGUALDADE DE XÉNERO.	62
4.1. Estudantes.	62
4.2. Persoal docente e investigador (PDI).	63
4.3. Persoal de administración e servizos (PAS).	66
4.4. Órganos de goberno.	68
4.5. Incorporación das perspectivas de igualdade de xénero na docencia.	69
5. PARTICIPACIÓN E IMPLICACIÓN NA TOMA DE DECISIÓNS DA UDC.	70
5.1. Valedor universitario.	71
5.2. Asesoría xurídica.	72
5.3. Asociacionismo e representación.	72
6. INTERNACIONALIZACIÓN.	73
6.1. Visibilidade internacional.	73
6.2. Programa de docencia en inglés.	73
6.3. Acordos de intercambio e mobilidade.	73
7. PROMOCIÓN DA LINGUA GALEGA.	78
7.1. Formación.	78
7.2. Sensibilización e difusión.	78
7.3. Asesoramento profesional.	79
7.4. Iniciativas da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística.	79
8. BIBLIOTECA UNIVERSITARIA.	80
9. ACTIVIDADES DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA.	83
9.1. Cultura.	83
9.2. Deportes.	83
9.3. Actividades complementarias.	84

10. NOVAS TECNOLOXÍAS (TIC).	85
10.1. Información.	85
10.2. Investigación e bibliotecas.	85
10.3. Rede de comunicacións.	85
10.4. Innovación tecnolóxica.	85
10.5. Servizo internet e intranet.	85
10.6. Xestión económica e administrativa.	87
11. FORMACIÓN CONTINUA.	88
11.1. Formación informática.	88
11.2. Formación en idiomas.	89
II. A sociedade e o medio.	91
1. A SOCIEDADE.	91
1.1. O Consello Social.	91
1.2. Cooperación co desenvolvemento e voluntariado.	92
1.3. Igualdade de oportunidades.	97
1.4. Comunicación.	99
1.5. Universidade Sénior.	101
1.6. Xestión económica e calidade.	102
2. O MEDIO.	106
2.1. Xestión sustentable.	106
2.2. Coidado do medio.	108
2.3. Edificación sustentable.	111
III. As empresas e os emprendedores.	113
1. TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO.	113
1.1. Grupos de investigación.	113
1.2. Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI).	115
1.3. Servizo de Apoio á Investigación (SAI).	117
1.4. Parque Tecnolóxico da UDC.	119
1.5. O Consello Social.	125
1.6. Premios de investigación.	125
1.7. Institutos universitarios de investigación.	125
1.8. Ética na investigación.	126
1.9. Financiamento da investigación.	126

2. EMPRENDEMENTO.	130
2.1. Empresas de base tecnolóxica (EBT).	130
2.2. Viveiro de empresas.	131
2.3. Fundación da Universidade da Coruña.	132
2.4. Cátedras empresariais.	140
IV. As administracións públicas.	141
3. INDICADORES DE RESPONSABILIDADE SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.	142
ANEXO I. ENDEREZOS WEB.	155
ANEXO II. SIGLAS.	158

COMPROMISO E RESPONSABILIDADE:

CARTA DO REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Un ano máis, a elaboración e edición da memoria anual ofrécenos a oportunidade de renovar publicamente o compromiso da Universidade da Coruña coa responsabilidade social universitaria (RSU).

Non só as persoas pertencentes aos grupos de interese, senón calquera cidadán pode ter acceso, a través da documentación recollida neste texto, ás directrices e á documentación que detallan os grandes eixes da actividade da UDC baixo o específico prisma –que nós pretendemos esixente– da responsabilidade corporativa.

O impulso ás accións específicas ou transversais que teñen que ver coa responsabilidade social universitaria realízase, na actualidade, desde a Vicerreitoría de Ferrol e Responsabilidade Social. Este departamento promove criterios, axita vontades e estimula a incorporación, consolidación e interiorización da RSU en todo tipo de actividades. Tanto nas estritamente

académicas, como nas científicas, nas de xestión ou naquelas outras que na estrutura clásica das universidades adoitaban englobarse baixo a epígrafe da extensión universitaria.

Como é lóxico nunha institución das características dunha universidade pública, ao traballo máis directamente vinculable coa RSU (unidades específicas para a igualdade de xénero, para a atención á diversidade, oficina de medio ambiente, voluntariado, normalización lingüística etc) engádeselle unha acción transversal na formación, na investigación, na transferencia e na xestión.

Débese entender que a aplicación da RSU non pode ser o resultado dunha mera táctica de imaxe ou dunha estratexia de reputación. Isto non sería aceptable en ningures e moito menos nunha universidade. Do que se trata é de que o estilo socialmente responsable impregne todas as actuacións. Así, por exemplo, cando



a Universidade da Coruña alenta os grupos de investigación e os proxectos científicos inspirados por criterios de desenvolvemento sustentable, está a levar á práctica un claro criterio ético que a compromete coa sociedade á que serve.

A Universidade da Coruña cumpre os seus compromisos cos seus grupos de interese. Faino con transparencia, cun sistema de goberno amplamente participativo e co rendemento de contas ante os seus órganos de goberno e ante as institucións de control galegas e estatais.

Mais cómpre reiterar que na cerna da nosa responsabilidade social está a nosa misión como institución encargada do servizo público da educación superior, asentados nos campus da Coruña e de Ferrol e imbricados no sistema universitario galego. Non perdemos isto de vista, como veño subliñando desde que tiveron a honra de asumir a máxima responsabi-

lidade na xestión da UDC. Protexer a nosa condición de servizo público implica defender o exercicio do dereito de todas as persoas a acceder aos estudos superiores en igualdade de condicións e sen que llo impida atranco ningún, nomeadamente de índole social ou económica.

Xosé Luís Armesto
Reitor

AVANZANDO POLA SENDA DA RESPONSABILIDADE SOCIAL:

CARTA DA VICERREITORA DO CAMPUS DE FERROL E RESPONSABILIDADE SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Na estrutura actual do equipo de goberno da Universidade da Coruña temos aglutinadas na vicerreitoría -que teño a honra de dirixir- a xestión de áreas moi visibles no ámbito da responsabilidade social universitaria.

O ano 2012 foi o primeiro na historia da UDC en que a responsabilidade social se organizou a nivel de vicerreitoría, compartida neste caso coa xestión do Campus de Ferrol. Xa que logo, a Vicerreitoría de Ferrol e Responsabilidade Social agrupou as áreas de atención á diversidade, igualdade de xénero e o centro de estudos de xénero e feministas.

A creación da Vicerreitoría de Responsabilidade Social non foi unha decisión de carácter simbólico -que tamén-, senón a lóxica correspondencia organizativa cos criterios que veñen inspirando a nosa acción de goberno, coincidentes coas formulacións dunha verdadeira responsabilidade social universitaria.

Porque a responsabilidade social universitaria visualízase mellor nalgúns dos aspectos mencionados máis

arriba, pero, se é auténtica, ten que se percibir con clareza na orientación de todos e cada un dos ámbitos en que a universidade asume responsabilidades.

Mais a estratexia da Universidade da Coruña en responsabilidade social ten, como se sabe, outra magnitude, que afecta, de xeito horizontal, a todas as súas liñas estratéxicas de actuación: na docencia, na investigación, na transferencia de resultados ao tecido produtivo e na xestión.

É certo que as políticas de responsabilidade social xurdiron no ámbito da organización empresarial. Pretendíase promover entre as empresas un comportamento respectuoso coa sociedade e co medio. Naceron non para ofrecer un verniz de mercadotecnia ou de retórica para as grandes empresas, senón coa intención de levar á práctica empresarial cotiá determinados principios éticos e códigos de conduta.

Porén, a Universidade da Coruña, xunto con outras institucións e organizacións, sumouse ao Pacto Mundial



sobre responsabilidade corporativa, auspiciado pola Organización das Nacións Unidas. Fíxoo en 2004, consciente de que a súa adhesión ofrecía unha oportunidade para fixar, revisar ou mellorar o propio compromiso da universidade cos seus grupos de interese que, no noso caso, inclúe a sociedade no seu conxunto.

Nós somos unha universidade pública e esa condición implica unha consideración de servizo público que debe empregar cantas ferramentas estean ao seu alcance para elevar o seu nivel de esixencia e calidade. A idea de responsabilidade social obríganos a extremar a vixilancia sobre o impacto das nosas actividades na sociedade, a atender as demandas que nos fan os grupos de interese e a medir, con responsabilidade e sentido de servizo, o alcance do noso traballo e da nosa influencia na sociedade.

Xa que logo, sen perdermos de vista as obvias diferenzas coas organizacións empresariais, a nosa institución universitaria fixo propia a actitude que implica a asunción explícita de determinados compromisos

característicos da responsabilidade corporativa. Trátase, en todo caso, de mellorar a relación entre os membros da comunidade universitaria y de esta co seu contorno social.

Coido que a presente memoria é un bo exercicio de transparencia. Ofrecenos a oportunidade de resumir o que se fixo e como se fixo ao longo de 2012 en relación coas misións universitarias de facilitar o ascenso social mediante a educación e a cultura, formar profesionais altamente cualificados, investigar e transferirlle á sociedade os resultados da investigación.

Araceli Torres Miño
Vicerreitora

RESPONSABILIDADE SOCIAL UNIVERSITARIA: CATALIZADOR DA INNOVACIÓN

CARTA DO PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A Universidade da Coruña (UDC) é unha institución que, malia a súa xuventude relativa, en a penas un cuarto de século, xerou un evidente impacto positivo no seu contorno e logrou converterse nun dos axentes protagonistas do desenvolvemento socioeconómico e cultural de Galicia.

O documento que hoxe se presenta en sociedade é unha proba evidente dos notables esforzos da institución en materia de investigación, innovación e transferencia de tecnoloxía. A aposta da UDC nestes ámbitos, cuxo desenvolvemento é imprescindible para dinamizar a nosa economía, resulta innegable.

Igual que no caso da UDC, a importancia da contribución do conxunto das universidades públicas ao progreso socioeconómico de España é evidente. Éo tamén o camiño que queda por percorrer para lograr satisfacer as necesidades dunha sociedade que require máis e mellor formación, investigación e transferencia de

resultados. É unha das claves para a creación de riqueza e emprego que tanto necesita a sociedade española hoxe en día.

Transitar por este camiño, nun contexto de inestabilidade e escaseza de recursos, supón o reto máis difícil ao que se enfrontan as nosas universidades. Modernización, internacionalización, máis e mellor formación, I+D+i e transferencia de resultados. Todos estes conceptos poderán encaixar na mesma ecuación se logramos compasar a loita por un xusto e mellor financiamento co fomento da innovación no ámbito do goberno, a xestión universitaria e a colaboración universidade-empresa.

A responsabilidade social pode, sen dúbida, contribuír a este obxectivo. A súa aplicación no ámbito universitario presupón a definición de modelos de goberno e xestión baseados no diálogo continuo coa sociedade e asentados en principios e valores éticos, sociais e



ambientais. Trátase de que actúe como un catalizador da innovación, ao obrigar as universidades a repensar os modelos sobre os que se asenta o seu funcionamento de cara a unha maior eficiencia.

A experiencia de colaboración entre Inditex e a Universidade da Coruña neste ámbito constitúe un excelente exemplo do potencial da universidade socialmente responsable e da responsabilidade social como catalizador da innovación e da colaboración público-privada. No ano 2010, ambas as institucións formalizaron un acordo de colaboración para a promoción conxunta da responsabilidade social no ámbito universitario, que non só supuxo a sinatura dun contrato universidade-empresa, o que xa de por si é relevante, senón e sobre todo a creación dun rico espazo de colaboración público-privada que está sendo capaz de xerar innovación e proxectos de interese común para a sociedade.

A publicación desta terceira edición da memoria de responsabilidade social, coordinada pola Vicerreitoría de Ferrol e Responsabilidade Social da UDC e polo Consello Social da UDC, é un dos resultados deste marco de colaboración. Demostra, sobre a base de feitos, o potencial da responsabilidade social no ámbito universitario e o nivel da aposta da UDC nesta materia.

Antonio Abril Abadín
Presidente del Consejo
Social de la UDC

A RAZÓN DE SER DA MEMORIA DE RESPONSABILIDADE SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Unha das características diferenciais da Universidade da Coruña é a nosa capacidade de evolucionar e recoller as tendencias e novas esixencias da sociedade á que lle damos servizo. Neste sentido, os tempos actuais esixen ir máis alá das nosas obrigas formais, desenvolvendo unha estratexia que nos permita poñer á disposición da sociedade todas as nosas capacidades, co obxectivo de sermos un actor relevante no seu fortalecemento e desenvolvemento.

O noso exercicio de responsabilidade social encádrase neste marco, dentro do cal desenvolvemos moi diversas accións que buscan atender as necesidades de todos os grupos de interese identificados como relevantes, e que son reflexo dos nosos compromisos.

Entre eles encóntrase a transparencia e a rendición de contas, que nos impulsa a desenvolver e a poñer a disposición de toda a sociedade esta Memoria de responsabilidade social. Este exercicio é fiel reflexo do compromiso do reitor, do equipo de goberno e do Consello Social da UDC, para facilitarlles a toda a comunidade universitaria e á sociedade unha ferramenta de traballo que permita entender cal é a nosa achega de valor e facilite a participación daqueles que queiran construír unha universidade sólida, eficaz e moderna.

Esta iniciativa voluntaria permítenos ir máis alá que a maioría das universidades europeas e internacionais e

anticípanos ás directrices da “Estratexia Universidade 2015. O camiño para a modernización da Universidade”¹. Este documento propón un eixe central de traballo dedicado á responsabilidade social e establece como obxectivo inminente o que, no horizonte temporal do ano 2015, todas as universidades terán que contar cun proxecto de responsabilidade social aprobado polo Consello de Goberno e polo Consello Social, que difundirán entre a súa comunidade universitaria e a farán partícipe deste.

No ano 2010, elaboramos e publicamos a nosa primeira Memoria de responsabilidade social, o que constituíu un feito destacado no ámbito das universidades españolas.

Esta memoria é o terceiro documento publicado dende o ano 2010 e constitúe un elemento fundamental de recoñecemento de obrigas e asunción de compromisos e o punto de apoio para o desenvolvemento da terceira misión.

A execución deste documento e dos traballos necesarios para a súa elaboración foi coordinada pola Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social e o Consello Social da UDC.

Seguindo a metodoloxía de traballo deseñada no ano 2010, a Memoria de responsabilidade social 2012 estrutúrase en tres grandes bloques.

1 Documento publicado en xuño de 2010 polo Ministerio de Educación do Goberno de España.



Imaxe 1. Estrutura da Memoria de responsabilidade social da UDC.

Bloque I. Que somos? Como somos?

No apartado “Que somos?” presentamos o perfil da Universidade da Coruña, co fin de facilitarlles o alcance e a dimensión das actuacións da institución aos nosos grupos de interese. Mentres que no apartado “Como somos?” expoñemos a misión, a visión, os valores e os compromisos da Universidade, apoiándonos no Plan estratéxico 2013–2020.

Bloque II. Os grupos de interese da UDC

Nesta edición integramos os diferentes grupos de interese en catro áreas, fronte ás sete existentes na edición anterior, co obxectivo de unificarmos a información e axilizarmos a exposición, evitando posibles reiteracións.

Este apartado estrutúrase nos seguintes grupos de interese, identificados como prioritarios:

- A comunidade universitaria
- A sociedade e o medio
- As empresas e os emprendedores
- As administracións públicas

Bloque III. Indicadores de responsabilidade social da Universidade da Coruña

Para a elaboración da Memoria de responsabilidade social 2012, baseámonos nos indicadores da “Guía para a elaboración de memorias de sustentabilidade” de *Global Reporting Initiative* (GRI) na súa versión G 3.1. Neste último bloque preséntanse aqueles indicadores relevantes, atendendo á singularidade da Universidade da Coruña, como unha institución pública de educación superior sen ánimo de lucro.




QUE SOMOS? COMO SOMOS?

A UDC, unha universidade
pública, moderna e en
constante evolución.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



QUE SOMOS? NATUREZA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A Universidade da Coruña é, dende o seu nacemento hai 23 anos, un axente clave no desenvolvemento socioeconómico e na modernización de Galicia, formando profesionais, difundindo coñecemento, investigando e innovando en colaboración coas empresas e facilitando a igualdade e a estruturación social, entre outros labores.

Somos unha institución de educación superior de tamaño medio, que xestiona a formación dos estudantes procedentes dunha área xeográfica na cal se concentran 650.000 habitantes, arredor do 25% da poboación total de Galicia. Consolidada pola solvencia e a calidade dos nosos servizos, a Universidade da Coruña é un servizo público que mide os seus resultados non

só baixo os criterios económicos, os cales afrontamos cumprindo cos principios de sustentabilidade, austeridade e eficiencia, senón cos criterios de rendibilidade social, cuxos resultados son presentados nesta Memoria de responsabilidade social.

Impartimos un ensino de calidade e de clara vocación internacional, co fin de que os estudantes adquiran os coñecementos, as capacidades e as habilidades interdisciplinarias necesarias para empregaren todo o seu potencial no mercado laboral. Xeramos unha investigación de excelencia en áreas científicas e tecnolóxicas relevantes e de forte impacto no mundo empresarial, e impulsamos as actividades de transferencia dos seus resultados á sociedade, mediante a colaboración con

entidades públicas e/ou privadas, fomentando a cultura da innovación.

Destacamos polo número de titulados altamente preparados que, ano a ano, finalizan o paso polas nosas aulas, para exercer a súa profesión nas distintas áreas científicas en que foron formados.

E para esta formación contamos cun equipo de profesionais altamente cualificados, que son o motor do noso desenvolvemento.

O noso exercicio de responsabilidade social potencia a presenza dos principios de igualdade de oportunidades, a integración social, a cooperación co desenvolvemento,

a eficiencia no uso de recursos e a protección e o respecto ao medio en todas as nosas decisións.

Por todas estas razóns, a Universidade da Coruña é máis que un centro de ensino superior, xa que nos convertemos nun axente social imprescindible que lle axuda á sociedade a responder aos novos e complexos retos aos que nos enfrontamos no século XXI. Para logramos este obxectivo pretendemos ser unha institución que escoita, colabora e lidera os procesos de cambio que se están a dar nos últimos anos, achegando unha sociedade mellor formada e educada en valores e contribuíndo á consolidación dunha economía sustentable e responsable.



COMO SOMOS? O COMPROMISO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A Universidade da Coruña é unha institución singular entre todos os axentes que configuran o tecido socioeconómico e cultural, pois os colectivos que a conforman, en especial os estudantes, incorporan todos os anos novos compoñentes que contribúen a construír o noso proxecto de Universidade. Así mesmo, en cada curso académico súmanse novas alianzas e colaboracións con outras universidades, investigadores, empresas e institucións. De aí a nosa obriga de transmitirlles á comunidade universitaria e aos grupos de interese unha mensaxe homoxénea que nos permita traballar na mesma dirección.

Neste marco, e tras o cambio do equipo de goberno a finais do ano 2011, establecemos as bases sobre as que construír un novo modelo de facer universidade. Coa elaboración do Plan estratéxico da UDC 2013-2020

e a implicación dos órganos colexiados de goberno e os grupos de interese neste, buscamos facilitar a comprensión de como somos e abordarmos o enfoque da UDC fronte aos novos retos.

O Plan estratéxico da UDC 2013-2020 permitiunos revisar e reformular a nosa misión, visión e valores no novo marco dos compromisos de responsabilidade social. Así, o plan estrutúrase arredor de cinco amplos eixes.

- Investigación, innovación e transferencia
- Responsabilidade social
- Docencia e aprendizaxe
- Financiamento e uso eficiente dos recursos
- Internacionalización

1. A misión da Universidade da Coruña

A Universidade da Coruña ten como finalidade contribuír ao avance cultural, social e económico da sociedade por medio da xeración, xestión e difusión da cultura e do coñecemento científico, tecnolóxico e profesional. A Universidade da Coruña concibe a súa misión como un servizo público, galego e de calidade.

Forma parte da misión da Universidade da Coruña a formación dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática, cooperativa e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.

Son funcións da Universidade ao servizo da sociedade

- A creación, o desenvolvemento, a transmisión e a crítica da ciencia, da técnica e da cultura.
- A preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de métodos e coñecementos científicos e artísticos.
- A difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida e do desenvolvemento económico.
- A difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e a formación ao longo de toda a vida.

Imaxe 2. Misión da UDC.



unha universidade
comprometida co
ensino
de **calidade**

2. A visión da Universidade da Coruña

A visión da UDC recolle a idea de Universidade á que se quere chegar a ser no horizonte 2020.

No horizonte do ano 2020 a Universidade da Coruña aspira a ser:

Unha universidade que se achegue á sociedade para ser quen de entender as súas necesidades e darlles resposta aos cambios que se produzan no seu contorno.

Unha universidade que colabore con todos os seus axentes sociais e entidades públicas e privadas para estudar, diagnosticar e achegarlles solucións aos retos formulados pola sociedade.

Unha universidade que xere canles de participación solidaria e se comprometa co desenvolvemento sustentable e co ambiente mediante a innovación.

Así mesmo, a Universidade da Coruña pretende ser:

Unha institución docente que ofrezca unha formación axustada ás necesidades presentes e futuras do noso contorno e responda tamén a unha aprendizaxe adaptada ao avance individualizado do estudante mediante o fomento de metodoloxías docentes innovadoras e eficaces na adquisición das habilidades e competencias requiridas polas titulacións.

Unha institución docente implicada, alén da formación integral das persoas, no desenvolvemento das competencias que melloren a empregabilidade dos seus estudantes no ámbito local, estatal e internacional.

Unha universidade que fomenta a creación e desenvolvemento de redes estatais e internacionais de grupos de investigación básica e aplicada que contribúa ao progreso científico, tecnolóxico, económico e social.

Unha universidade recoñecida pola transferencia dos seus resultados de investigación mediante iniciativas innovadoras para a posta en valor dos servizos técnicos e científicos de que dispón e que ofrece o seu Parque Tecnolóxico.

Unha universidade que combina a promoción dun coñecemento universal en todas as ramas do saber coa especialización naquelas áreas científicas e tecnolóxicas en que destaca.

Unha universidade que xestiona os seus recursos con eficacia, eficiencia, equidade e transparencia e que dispón dun sistema de financiamento público suficiente e estable, que se completa coa colaboración do sector privado.

Unha universidade cunha proxección internacional cada vez maior de todas as súas actividades docentes e investigadoras.

Unha organización dotada dun sistema de dirección estratéxica que favoreza a consecución dos seus obxectivos mediante a implicación e a colaboración do conxunto da comunidade universitaria.

Imaxe 3. Visión da UDC.



3. Os valores da Universidade da Coruña

A Universidade da Coruña, no cumprimento dos seus propios fins, e como institución pública, civil, autónoma, inclusiva e laica, rexerase polos seguintes valores e principios:

- Valores e principios da Universidade da Coruña:
- A igualdade de oportunidades mediante a aplicación dos criterios de mérito, capacidade e igualdade e, así mesmo, mediante a defensa do acceso universal á universidade e ao fomento dunha cultura de non-discriminación.

O esforzo das persoas como aspecto clave do progreso e do desenvolvemento individual, como a coordinación de vontades e capacidades persoais orientadas á resolución de problemas, á superación de conflitos e á consecución dos obxectivos colectivos orientados ao interese común.

A participación, fomentando as canles de comunicación entre todos os membros da comunidade universitaria no proceso de toma de decisións, como instrumento para aproveitar todas as capacidades e os recursos dispoñibles.

O compromiso e a responsabilidade social para contribuír activamente á mellora do sistema socioeconómico do noso contorno e implicarnos na xeración de benestar económico para o conxunto da sociedade.

O compromiso con Galicia, coa transformación e o desenvolvemento da sociedade galega responsabilizándonos do cultivo, da protección e da transmisión dos valores patrimoniais e culturais, tanto no ámbito artístico coma no urbanístico, arquitectónico, documental ou lingüístico.

O respecto ao medio como universidade socialmente responsable, xestionando os recursos ao noso dispor para que xeren o menor impacto ambiental posible e procurando a maior eficiencia e eficacia no seu uso.

A eficiencia, como responsables da xestión de recursos públicos para conseguir o seu uso eficaz, orientado a satisfacer as necesidades da sociedade e o ben común.

A calidade como meta e vontade de mellora continua na docencia, na investigación, na xestión e nos servizos, co fin de acadar maiores cotas de benestar social.

A transparencia como mecanismo de rendición de contas para xustificar as nosas decisións e propiciar a verificación adecuada das nosas actuacións.

Imaxe 4. Valores da UDC.

4. O compromiso global da Universidade da Coruña

Sobre a base dos compromisos cos nosos grupos de interese e co noso ámbito social máis achegado, a UDC asumiu, hai nove anos, o cumprimento dos dez principios do Pacto mundial de Nacións Unidas. Con iso, buscamos un marco global que nos facilite o desenvolvemento da nosa estratexia e accións de responsabilidade social e nos permita aliñarnos coas principais iniciativas internacionais, en coherencia coa proxección internacional que queremos ter. O compromiso da UDC coa responsabilidade social é hoxe máis firme ca nunca.

A elaboración destes dez principios está baseada na Declaración universal dos dereitos humanos, a Declaración da organización internacional do traballo relativa aos principios e dereitos fundamentais no traballo, a Declaración de Río sobre medio e desenvolvemento e a Convención de Nacións Unidas contra a corrupción. O noso compromiso con eles lévanos a traballar e progresar no seu cumprimento a través destes dez principios:

1. Apoiar e respectar a protección dos dereitos humanos.

2. Non ser cómplice de abusos dos dereitos humanos.

3. Apoiar os principios da liberdade de asociación e sindical e o dereito á negociación colectiva.

4. Eliminar o traballo forzoso e obrigatorio.

5. Abolir calquera forma de traballo infantil.

6. Eliminar a discriminación en materia de emprego e ocupación.

7. Apoiar o enfoque preventivo fronte aos retos ambientais.

8. Promover maior responsabilidade ambiental.

9. Alentar o desenvolvemento e a difusión de tecnoloxías respectuosas co medio.

10. As empresas deberán traballar contra a corrupción en todas as súas formas, incluídas a extorsión e a criminalidade.

GRUPOS DE INTERESE

A UDC, unha universidade
integrada no seu contorno
institucional.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA




POR QUE OS GRUPOS DE INTERESE?

Por grupos de interese entendemos todos os individuos e colectivos aos que lles poidan afectar, directamente ou indirectamente, positivamente ou negativamente, as estratexias, os obxectivos, as decisións ou as accións da Universidade, e viceversa. Así, os grupos de interese teñen a capacidade de condicionar como ha de ser o exercicio de responsabilidade social da Universidade, aspirando con iso a veren cumpridas as súas expectativas.

O noso compromiso require o emprego de mecanismos de diálogo funcionais e de carácter aberto, co

obxecto de, por unha banda, coñecer cales son as inquedanzas destes grupos de interese e, por outra banda, comunicar as actuacións levadas a cabo como resposta a estas.

Aínda que para a súa elaboración empregamos a mesma metodoloxía de traballo que en anos anteriores, para esta terceira memoria optamos por unha ordenación que reúne os gupos de interese, para simplificar e aglutinar actividades comúns. Para iso efectuamos un estudo de materialidade que permitiu coñecer cales son as cuestións máis relevantes para cada un deles.



Imaxe 5. Por que os grupos de interese?

Nas páxinas seguintes presentamos a información específica e relativa para cada un deles. Con este enfoque, a Universidade pretende mellorar a transparencia e a rendición de contas, agardando con iso fortalecer e mellorar o diálogo entre a institución, a comunidade universitaria e a sociedade en xeral.

A COMUNIDADE UNIVERSITARIA

A comunidade universitaria está constituída polos estudantes, o persoal docente e investigador (PDI) e o persoal de administración e servizos (PAS). Na UDC estamos envorcados no reto de que estes colectivos


satisfagan as súas expectativas de forma simultánea e colaboradora, dado que constitúen a esencia da nosa actuación e o motor que nos permite chegar a outros grupos externos e xerar valor para a sociedade.

1. Estrutura da UDC

1.1. Estrutura territorial

A nosa Universidade está estruturada territorialmente nos campus da Coruña e de Ferrol, buscando con iso un desenvolvemento equilibrado de todo o territorio, achegándolle a oportunidade de participar a toda a sociedade, e unha atención especial ás singularidades locais.


A Reitoría e os principais servizos administrativos están localizados na Maestranza, A Coruña. O Campus de Esteiro, Ferrol, conta cunha Vicerreitoría específica que o dota de maior autonomía, contribuíndo así co obxectivo de fortalecer a relación da UDC coa cidade de Ferrol e co seu ámbito.



Imaxe 6. Estrutura territorial da UDC.

1.2. Estrutura académica

A estrutura académica da UDC está integrada por facultades, escolas, departamentos, institutos universitarios de investigación e outros centros.



Imaxe 7. Estrutura académica da UDC.

2. Os estudantes

O colectivo dos estudantes é o grupo de interese máis relevante e a razón da ser de toda institución da educación superior. Na UDC buscamos formar non só excelentes profesionais, senón tamén cidadáns excepcionais, fomentando, a través da formación regrada e permanente, o espírito crítico, o compromiso social e a capacitación profesional.

O fin da UDC é dotar os estudantes dun ensino de calidade para que adquiran o coñecemento, as habilidades e as competencias necesarias, estimulando todo o seu potencial co obxectivo dunha rápida e eficaz inserción laboral.

2.1. Composición do colectivo dos estudantes


Con 3.386 novos estudantes no curso académico 2012/2013, mantivemos, a pesar da crise, a taxa de

matrícula con respecto aos anos anteriores, xa que esta cifra só representa un descenso do 4,07%. A progresiva implantación dos títulos de grao implicou que, por primeira vez, os estudantes de grao superasen en número os estudantes das titulacións de 1.º e 2.º ciclo, estudos que están en fase de extinción.

Sendo os estudantes o colectivo ao que se dirixen os esforzos principais da UDC, coñecer a súa estrutura e evolución permítenos avaliar a calidade da nosa docencia e o valor social que achegamos.


A continuación presentamos unha serie de gráficas que reflicten esta evolución e os resultados da nosa xestión.

Evolución da estrutura de estudantes matriculados				
Gráfico 1	2009	2010	2011	2012
	2010	2011	2012	2013
Núm. de matriculados en graos e títulos non adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES)	20.203	19.962	19.581	19.084
Núm. de matriculados en títulos propios de posgrao	434	535	625	575
Núm. de matriculados en programas de mestrados oficiais	871	933	1.054	1.099
Núm. de matriculados en programas de doutoramento	1.363	1.259	1.351	1.363
TOTAL	22.871	22.689	22.611	22.121




Estrutura dos estudantes, especificado por campus

Gráfico 2




Estrutura dos estudantes, especificado por centros

Gráfico 3



Estrutura dos estudantes, especificado por áreas científicas

Gráfico 4




Evolución dos estudantes de novo ingreso, especificado por xénero

Gráfico 5

	Mulleres	Homes
2009-2010	1.962	1.690
2010-2011	1.925	1.667
2011-2012	1.883	1.647
2012-2013	1.717	1.669

Evolución dos estudantes titulados

Gráfico 6



Evolución dos estudantes que solicitaron a expedición de título, especificado por xénero

Gráfico 7


	Mulleres	Homes
2009	1.641	1.109
2010	1.666	1.231
2011	1.759	1.280
2012	1.441	1.219



3.386
novos estudantes


Evolución dos estudantes que leron a tese, especificado por xénero

Gráfico 8




Evolución dos estudantes que presentaron o Diploma de Estudos Avanzados (DEA), especificado por xénero

Gráfico 9




Evolución dos estudantes matriculados en graos e títulos non adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), especificado por procedencia

Gráfico 10




Evolución dos estudantes matriculados en programas de mestrado, especificado por procedencia

Gráfico 11



Evolución dos estudantes matriculados nos programas de doutoramento, especificado por procedencia

Gráfico 12



2.2. Oferta académica


Desde que se iniciaron os traballos no marco do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), desenvolveuse unha oferta académica moderna e adaptada á evolución social, estruturada en cinco categorías.



A evolución da oferta académica por tipo de estudos impartidos, dende o ano 2009 ata o ano 2012, permítenos apreciar o esforzo no desenvolvemento de Programas de mestrados adaptados ás demandas sociais.

Evolución da estrutura dos estudos impartidos

Gráfico 13




	2009	2010	2011	2012
Núm. de graos	26	38	38	38
Núm. de programas de mestrados	40	45	48	51
Núm. de titulacións non adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES)	47	47	47	47
Núm. de programas de doutoramento	31	38	39	39
Núm. de programas de doutoramento con mención de excelencia	10	10	10	11
Núm. de títulos propios de posgrao	20	24	28	22

a. Graos

A continuación presentamos a relación de graos impartidos no curso académico 2012/2013, especificada por áreas científicas, así como a súa evolución.


Evolución dos graos

Gráfico 14



Especificación dos graos por área científica

Gráfico 15



Área de Ciencias:

- Grao en Bioloxía
- Grao en Química

Área de Ciencias da Saúde:

- Grao en Enfermaría (A Coruña / Ferrol)
- Grao en Fisioterapia
- Grao en Logopedia
- Grao en Podoloxía
- Grao en Terapia Ocupacional

Área de Ciencias Sociais e Xurídicas:

- Grao en Administración e Dirección de Empresas
- Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte
- Grao en Ciencias Empresariais
- Grao en Comunicación Audiovisual
- Grao en Dereito
- Grao en Economía
- Grao en Educación Infantil
- Grao en Educación Primaria
- Grao en Educación Social
- Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (A Coruña / Ferrol)
- Grao en Socioloxía
- Grao en Turismo
- Programa de simultaneidade do grao en Turismo e o grao en Ciencias Empresariais
- Programa para a simultaneidade do grao en Administración e Dirección de Empresas e o grao en Dereito

Área de Enxeñaría e Arquitectura:

- Grao en Arquitectura
- Grao en Arquitectura Naval
- Grao en Arquitectura Técnica
- Grao en Enxeñaría de Obras Públicas
- Grao en Enxeñaría de Propulsión e Servizos do Buque
- Grao en Enxeñaría Eléctrica
- Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática
- Grao en Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento de Produto
- Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais
- Grao en Enxeñaría Informática
- Grao en Enxeñaría Mariña
- Grao en Enxeñaría Mecánica
- Grao en Enxeñaría Náutica e Transporte Marítimo
- Grao en Tecnoloxía da Enxeñaría Civil


Área de Artes e Humanidades:

- Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios
- Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios
- Grao en Humanidades
- Grao en Información e Documentación
- Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios


b. Programas de mestrado universitario

Os gráficos, a continuación, reflicten o crecemento próspero dos Programas de mestrado universitario no proceso de adaptación ás demandas sociais:

Evolución dos programas de mestrado
Gráfico 16



Especificación dos programas mestrado por área científica
Gráfico 17



145 títulos oficiais,
38 graos, 47 non adaptadas
ás EEES, 51 mestrados,
39 programas de doutoramento.

Área de Ciencias:

- Mestrado Universitario en Acuicultura
- Mestrado Universitario en Bioloxía Mariña
- Mestrado Universitario en Bioloxía Molecular, Celular e Xenética
- Mestrado Universitario en Biotecnoloxía Avanzada
- Mestrado Universitario en Ciencias, Tecnoloxía e Xestión Ambiental
- Mestrado Universitario en Física Aplicada
- Mestrado Universitario en Neurociencia
- Mestrado Universitario en Técnicas Estatísticas

Área de Ciencias da Saúde:

- Mestrado Universitario en Asistencia e Investigación Sanitaria
- Mestrado Universitario en Ciencia e Tecnoloxía en Termalismo e Balneoterapia
- Mestrado Universitario en Xerontoloxía
- Mestrado Universitario en Xestión e Investigación da Discapacidade e a Dependencia
- Mestrado Universitario en Intervención na Discapacidade e na Dependencia
- Mestrado Universitario en Investigación, Ordenación e Avaliación de Servizos Sociosanitarios

Área de Ciencias Sociais e Xurídicas:

- Mestrado Universitario en Avogacía
- Mestrado Universitario en Asesoramento Xurídico Empresarial
- Mestrado Universitario en Banca e Finanzas
- Mestrado Universitario en Dereito: Estudos da Unión Europea
- Mestrado Universitario en Estudos Avanzados sobre a Linguaxe, a Comunicación e as súas Patoloxías
- Mestrado Universitario en Xestión e Dirección Laboral
- Mestrado Universitario en Xestión e Políticas Públicas
- Mestrado Universitario en Innovación, Orientación e Avaliación Educativa
- Mestrado Universitario en Metodoloxía da Investigación en Ciencias Sociais: Innovacións e Aplicacións
- Mestrado Universitario en Migracións Internacionais: Investigación, Políticas Migratorias e Mediación Intercultural
- Mestrado Universitario en Planificación e Xestión de Destinos e Novos Produtos Turísticos

- Mestrado Universitario en Prevención de Riscos Laborais e Riscos Comúns
- Mestrado Universitario en Procuradoría
- Mestrado Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas

- Especialidade Artes (Artes Plásticas e Visuais)
- Especialidade Ciencias Experimentais (Ciencias Experimentais)
- Especialidade Ciencias Experimentais (Educación Física)
- Especialidade Ciencias Experimentais (Tecnoloxía)
- Especialidade Formación Profesional (Formación Profesional e Orientación Laboral)
- Especialidade Formación Profesional (Sector Servizos)
- Especialidade Linguas e Literatura (Lingua e Literatura Galega e Lingua e Literatura Castelá)
- Especialidade Linguas e Literatura (Linguas Estranxeiras)
- Especialidade Orientación Educativa (Orientación Educativa)

- Mestrado Universitario en Psicoloxía Aplicada

Área de Enxeñaría e Arquitectura:

- Mestrado Universitario en Arquitectura da Paisaxe Juana de Vega
- Mestrado Universitario en Arquitectura Sanitaria e Asistencial
- Mestrado Universitario en Computación de Altas Prestacións
- Mestrado Universitario en Dirección Integrada de Proxectos
- Mestrado Universitario en Fotónica e Tecnoloxías do Láser
- Mestrado Universitario en Enxeñaría da Auga
- Mestrado Universitario en Enxeñaría Informática
- Mestrado Universitario en Enxeñaría Mariña
- Mestrado Universitario en Enxeñaría Matemática
- Mestrado Universitario en Investigación en Tecnoloxías Navais e Industriais
- Mestrado Universitario en Materiais Complexos: Análise Térmica e Reoloxía
- Mestrado Universitario en Rehabilitación Arquitectónica

- Mestrado Universitario en Tecnoloxías de Edificación Sustentable
- Mestrado Universitario en Tecnoloxías da Información e Comunicacóns en Redes Móviles
- Mestrado Universitario en Urbanismo: Planos e Proxectos. Do Territorio á Cidade

Área de Artes e Humanidades:

- Mestrado Universitario en Ciencias Documentais no Contorno Dixital
- Mestrado Universitario en Lingua e Usos Profesionais
- Mestrado Universitario en Lingüística e as súas Aplicacións
- Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade
- Mestrado Universitario en Patrimonio Cultural: a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal






c. Títulos non adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES)

A continuación presentamos a relación de títulos non adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) impartidos no curso académico 2012/2013, analizada por áreas científicas, e os gráficos coa súa evolución.


Evolución dos títulos non adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES)

Gráfico 18



Especificación dos títulos non adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES)

Gráfico 19



Área de Ciencias:
Licenciatura en Bioloxía (En proceso de extinción)
Licenciatura en Química (En proceso de extinción)
Área de Ciencias da Saúde:
Diplomatura en Enfermaría (A Coruña / Ferrol) (En proceso de extinción)
Diplomatura en Fisioterapia (En proceso de extinción)
Diplomatura en Podoloxía (En proceso de extinción)
Diplomatura en Terapia Ocupacional (En proceso de extinción)
Área de Ciencias Sociais e Xurídicas:
Diplomatura en Ciencias Empresariais (En proceso de extinción)
Diplomatura en Educación Social (En proceso de extinción)
Diplomatura en Graduado Social (En proceso de extinción)
Diplomatura en Logopedia (En proceso de extinción)
Diplomatura en Relacións Laborais (A Coruña / Ferrol) (En proceso de extinción)
Diplomatura en Turismo (En proceso de extinción)
Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas (En proceso de extinción)
Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (En proceso de extinción)
Licenciatura en Comunicación Audiovisual (En proceso de extinción)
Licenciatura en Dereito (En proceso de extinción)
Licenciatura en Dereito e Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas (En proceso de extinción)
Licenciatura en Economía (En proceso de extinción)
Licenciatura en Psicopedagogía (En proceso de extinción)
Licenciatura en Socioloxía (En proceso de extinción)
Maestro, Especialidade en Audición e Linguaxe (En proceso de extinción)
Maestro, Especialidade en Educación Física (En proceso de extinción)
Maestro, Especialidade en Educación Infantil (En proceso de extinción)
Maestro, Especialidade en Educación Primaria (En proceso de extinción)
Área de Enxeñaría e Arquitectura:
Arquitecto (En proceso de extinción)
Arquitecto Técnico en Execución de Obras (En proceso de extinción)


Diplomatura en Informática (En proceso de extinción)
Diplomatura en Máquinas Navais (En proceso de extinción)
Diplomatura en Navegación Marítima (En proceso de extinción)
Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos (En proceso de extinción)
Enxeñeiro en Informática (En proceso de extinción)
Enxeñeiro Industrial (En proceso de extinción)
Enxeñeiro Naval (En proceso de extinción)
Enxeñeiro Naval e Oceánico (En proceso de extinción)
Enxeñeiro Técnico en Deseño Industrial (En proceso de extinción)
Enxeñeiro Técnico en Informática de Xestión (En proceso de extinción)
Enxeñeiro Técnico en Informática de Sistemas (En proceso de extinción)
Enxeñeiro Técnico en Obras Públicas - Especialidade en Construcións Cívís (En proceso de extinción)
Enxeñeiro Técnico Industrial (En proceso de extinción)
Enxeñeiro Técnico Industrial - Especialidade en Electricidade (En proceso de extinción)
Enxeñeiro Técnico Industrial - Especialidade en Electrónica Industrial (En proceso de extinción)
Enxeñeiro Técnico Naval (En proceso de extinción)
Enxeñeiro Técnico Naval - Especialidade en Estructuras Mariñas (En proceso de extinción)
Enxeñeiro Técnico Naval - Especialidade en Propulsión e Servizos do Buque (En proceso de extinción)
Licenciatura en Máquinas Navais (En proceso de extinción)
Licenciatura en Náutica e Transporte Marítimo (En proceso de extinción)
Área de Artes e Humanidades:
Diplomatura en Biblioteconomía e Documentación (En proceso de extinción)
Licenciatura en Documentación (En proceso de extinción)
Licenciatura en Filoloxía Galega (En proceso de extinción)
Licenciatura en Filoloxía Hispánica (En proceso de extinción)
Licenciatura en Filoloxía Inglesa (En proceso de extinción)
Licenciatura en Humanidades (En proceso de extinción)

d. Programas de doutoramento

Tamén é salientable o desenvolvemento dos programas de doutoramento.

Evolución dos programas de doutoramento

Gráfico 20



Área de Ciencias:


- Programa Oficial de Doutoramento DO*MAR Marine Science, Technology and Management
- Programa Oficial de Doutoramento en Acuicultura (interuniversitario)
- Programa Oficial de Doutoramento en Bioloxía Celular e Molecular
- Programa Oficial de Doutoramento en Biotecnoloxía Avanzada
- Programa Oficial de Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Ambiental
- Programa Oficial de Doutoramento en Estatística e Investigación Operativa (interuniversitario)
- Programa Oficial de Doutoramento en Física Aplicada (interuniversitario)
- Programa Oficial de Doutoramento en Química Ambiental e Fundamental

Área de Ciencias da Saúde:

- Programa Oficial de Doutoramento en Ciencias da Saúde
- Programa Oficial de Doutoramento en Ciencias Sociosanitarias
- Programa Oficial de Doutoramento en Xerontoloxía
- Programa Oficial de Doutoramento en Neurociencias (interuniversitario)

Especificación dos programas de doutoramento por áreas científicas

Gráfico 21



Área de Ciencias Sociais e Xurídicas:

- Programa Oficial de Doutoramento en Competitividade, Innovación e Desenvolvemento: Análise Económica e Empresarial
- Programa Oficial de Doutoramento en Deporte, Educación Física e Ocio Saudable
- Programa Oficial de Doutoramento en Dereito
- Programa Oficial de Doutoramento en Dirección e Planificación de Turismo
- Programa Oficial de Doutoramento en Innovación, Orientación e Avaliación Educativa
- Programa Oficial de Doutoramento en Investigación Psicolóxica en Contextos Educativos
- Programa Oficial de Doutoramento en Investigacións en Migracións Internacionais
- Programa Oficial de Doutoramento en Psicoloxía da Saúde
- Programa Oficial de Doutoramento en Saúde, Discapacidade e Dependencia

Área de Enxeñaría e Arquitectura:

- Programa Oficial de Doutoramento DO*MAR Marine Science, Technology and Management
- Programa Oficial de Doutoramento en Arquitectura e Rehabilitación



- Programa Oficial de Doutoramento en Computación
- Programa Oficial de Doutoramento en Dirección Integrada de Proxectos
- Programa Oficial de Doutoramento en Fotónica e Tecnoloxías do Láser (interuniversitario)
- Programa Oficial de Doutoramento en Enxeñaría Civil
- Programa Oficial de Doutoramento en Enxeñaría da Auga
- Programa Oficial de Doutoramento en Enxeñaría Industrial
- Programa Oficial de Doutoramento en Enxeñaría Marítima
- Programa Oficial de Doutoramento en Investigación en Tecnoloxías da Información (interuniversitario)
- Programa Oficial de Doutoramento en Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas
- Programa Oficial de Doutoramento en Planos e Proxectos. Do Territorio á Cidade
- Programa Oficial de Doutoramento en Tecnoloxías da Información e Comunicacions en Redes Móviles (interuniversitario)
- Programa Oficial de Doutoramento en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions
- Programa Oficial de Doutoramento en Tecnoloxías Navais e Oceánicas

Área de Artes e Humanidades:

- Doutoramento en Estudos Lingüísticos e Literarios do Galego e do Portugués
- Programa de Doutoramento na Sociedade do Coñecemento: Novas perspectivas en Documentación, Comunicación e Humanidades. Interuniversitario (en proceso de verificación)

- Programa Oficial de Doutoramento en Lingua, Texto e Expresión Artística
- Programa Oficial de Doutoramento en Lingüística e as súas Aplicacións (interuniversitario)
- Programa Oficial de Doutoramento en Lóxica e Filosofía da Ciencia (interuniversitario)
- Programa Oficial de Doutoramento en Novas Aproximacións aos Estudos Anglo-Norteamericanos e Irlandeses

Como resposta aos cambios introducidos polo Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzaas oficiais de doutoramento e en liña coa Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, as universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) consensuamos no ano 2012 un texto de base común para o Regulamento de estudos de doutoramento.


Logo de adaptar este regulamento aos aspectos propios da UDC, crearase e dotarase de funcionamento e estrutura a **Escola Internacional de Doutoramento da UDC** (EIDUDC). Trátase dun centro que asumirá a organización, a planificación, a xestión, a supervisión e o seguimento da oferta global de actividades propias de doutoramento na UDC. Organizarase coma unha escola interdisciplinar, cun modelo de formación de doutoramento flexible e de calidade, orientado a potenciar as liñas de investigación desenvolvidas dentro dos programas de doutoramento adscritos a esta, así como a buscar a súa proxección e visualización máis alá da propia Universidade.

e. Títulos propios de posgrao

Presentamos nos seguintes gráficos a evolución do número de títulos propios de posgrao impartidos desde o ano 2009 ata o ano 2012, así como a súa análise total por tipoloxía no curso académico 2012/2013, e a relación destes:


Evolución dos títulos propios de posgrao

Gráfico 22



Especificación dos títulos propios de posgrao

Gráfico 23



Mestrado:

Actividade Física e Saúde
Dependencia e Xestión de Servizos Sociais
Deseño Arquitectónico
Produción e Xestión Audivisual
Valoración e Intervención en Xerontoloxía e Xeriatría
Xestión e Planificación Portuaria e Intermodalidade

Curso de especialización:

Auditoría de Contas
Coaching
Coidados Paliativos
Dependencia e Xestión de Servizos Sociais
Dirección de Centros Deportivos
Intervención Familiar
Periodoncia, Cirurxía e Implantoloxía Oral
Prescrición de Exercicio Físico en Patoloxías
Produción Cinematográfica
Produción Televisiva
Promoción da Actividade Física Saudable
Xestión da Calidade

Curso de formación específica de posgrao:

Análise de Xogo e Especialización Profesional do Adestrador-Analista no Fútbol
Atención Especializada e Coidados Sociais na Terceira Idade e Grandes Dependentes
Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais
Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes no Contorno Familiar
Comercialización Internacional de Contidos Audiovisuais
Cooperación Internacional co Desenvolvemento e Xestión de Organizacións non-Gobernamentais
Didáctica Escolar da Teoloxía Católica
Dirección e Xestión de Centros de Servizos Sociais
Dirección e Comunicación Política
Habilidades Directivas e Competencias Profesionais
Intervención Especializada en Traballo Social con Dependentes
Introdución e Iniciación ao Coaching
Protocolo, Comunicación e Imaxe Corporativa
Responsabilidade Social
Técnico de Emprego: Planificación e Xestión de Proxectos para a Mellora da Empregabilidade

f. Difusión da oferta docente

Co obxecto de fomentar a difusión da información relativa á súa oferta docente, desenvolvemos as seguintes actuacións:

- Mantemento das edicións actualizadas dos programas “Tu futuro en buenas manos”/“(O teu futuro en boas mans”)), orientado a difundir a oferta académica da UDC en todos os niveis do sistema educativo.
- Participación na “Feira Unitur”.
- Asistencia á I Edición de EDUGAL. Mostra realizada en Pontevedra que ten por finalidade dar a coñecer a oferta académica do Sistema Universitario de Galicia (SUG).
- Participación na mostra “Educación Galicia 2012”, realizada na Coruña.
- Organización, en colaboración co Concello da Coruña, das XX Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional, que reuniron a preto de 1.650 estudantes procedentes do ensino medio e da formación profesional.
- Organización da “IV Feira de Asociacións de Estudantes.”

Destacamos a organización do “Foro Xuventude en Movemento”, en colaboración coa Deputación da Coruña e “Europe Direct”, destinado a dar a coñecer a pluralidade de técnicas coas que os estudantes poden marcar a diferenza e camiñar cara ao éxito persoal e profesional.

Para iso, organizamos talleres e seminarios que lles permitiron aos asistentes coñecer de primeira man as tendencias e as novas pautas do mercado de cara a conseguir unha maior e mellor inserción laboral.

Seminarios previos ao foro:

Seminario 1: COÑÉCETE
Seminario 2: PRESENTATE
Seminario 3: VÉNDETE

Talleres do foro:

Taller Rede EURES. “Queres traballar noutro país da Unión Europea?”
Taller “Vivir e traballar en Alemaña”
Taller “Vivir e traballar en Italia”

Taller “O teatro como estratexia de venda persoal”
Taller “Quero ser voluntario europeo, que fago?”
Taller “Vivir e traballar en Dinamarca”
Taller “Entrepreneurship is on the air! Estudar ou esperar?”
Taller “Entrepreneurship is on the air! Como darlle forma ao que teño na cabeza?”
Taller “Entrepreneurship is on the air! Encontrar traballo vs. poñer en marcha o meu traballo”
Taller “Entrepreneurship is on the air! Obter financiamento para o que queremos facer”
Taller de busca de emprego en Italia
Taller de clausura: “Impulsando emprendedores. Un soño feito realidade”

Seminarios do foro:

Seminario “The importante of de personal branding to find a job”
Seminario “Hired! Claves para a busca de emprego en inglés”
Seminario “Dime a onde vas e saberás como!”

Como colaboradores actuaron as seguintes entidades:

- Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia
- Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)
- Departamento de Emprego do Concello da Coruña
- Conselleiros EURES
- Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)
- Escola de Negocios Novagalicia Banco
- Fundación Barrié de la Maza
- Fundación Galicia Europa
- Fundación Empresa Universidade Galega (FEUGA)
- Fundación Universidade da Coruña (FUAC)
- Universidade Sénior da UDC
- Oficina de Cooperación e Voluntariado da UDC




2.3. Bolsas, contratas e premios

Contamos co noso propio programa de axudas aos estudantes. É unha acción do compromiso social da Universidade, que vai alén dos programas nacionais e rexionais, buscando a cohesión social e evitando que a falta de recursos económicos sexa un impedimento para acceder á educación superior.

A **Sección de Bolsas e o Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudiante** (SAPE) son os servizos responsables de xestionar e coordinar as bolsas dos estudantes ante os organismos públicos correspondentes, cumprindo co seu cometido de ampliar as fontes de financiamento e reforzar a política de axudas da UDC.

Evolución dos programas de colaboración


Gráfico 24



	2008/2009		2009/2010		2010/2011		2011/2012	
	Nº	Importe	Nº	Importe	Nº	Importe	Nº	Importe
Programas de colaboración en departamentos	110	158.400 €	110	166.100 €	119	190.080 €	127	178.416 €
Programas de colaboración en tarefas bibliográficas	82	104.140 €	76	101.460 €	39	47.520 €	43	39.729 €
Programas de colaboración en aulas net	46	153.594 €	44	95.040 €	44	142.560 €	44	158.556 €


Evolución dos programas de bolsas do Ministerio de Educación, Ciencia e Deporte

Gráfico 25




Evolución dos programas de bolsas para realizar mestrado

Gráfico 26



Evolución das axudas da UDC


Gráfico 27



O **Premio UDC á Excelencia Académica no Bacharelato** reconece o esforzo e a dedicación dos estudantes que acadaron resultados excelentes neste período de estudos. O premio élles outorgado aos mellores expedientes que formalicen a matrícula nalgunha das titulacións oficiais que se imparten nos centros da UDC.

Evolución dos Premios UDC á Excelencia no Bacharelato

Gráfico 28




	2008/2009		2009/2010		2010/2011		2011/2012	
	Nº	Importe	Nº	Importe	Nº	Importe	Nº	Importe
Premios UDC á Excelencia no Bacharelato	15	11.535 €	18	13.842 €	15	11.535 €	20	15.380 €

Así mesmo, grazas aos **Premios Extraordinarios de Fin de Carreira** e aos **Premios de Doutoramento** premiamos o rendemento académico dos estudantes, en cuxos expedientes consta unha nota media de sobresaliente. A súa evolución preséntase nos seguintes gráficos.

Evolución dos premios concedidos aos estudantes


Gráfico 29




Tamén apoiamos economicamente os gañadores das olimpíadas científicas co fin de fomentar outros métodos de coñecemento e de premiar a formación dos participantes, sendo a súa evolución a seguinte.

Evolución das axudas aos gañadores das olimpíadas científicas

Gráfico 30



	2008/2009		2009/2010		2010/2011		2011/2012	
	Nº	Importe	Nº	Importe	Nº	Importe	Nº	Importe
Axudas aos gañadores das olimpíadas científicas convocadas	12	5.200 €	12	5.200 €	12	5.460 €	19	8.190 €
Axudas aos gañadores das olimpíadas científicas concedidas	0	0,00	4	0	1	0,00	3	0,00



2.4. Acceso ao mercado laboral

Asumimos a importancia da empregabilidade como a capacidade de atopar e manter un emprego adecuado á formación, así como de moverse no mercado laboral e progresar na carreira profesional ao longo da vida. Os rápidos cambios socioeconómicos esixen que a formación sexa flexible, permitíndolles aos estudantes adaptarse ás demandas sociais en todo momento, afrontando os devanditos cambios con pensamento crítico.

Por iso, a UDC fai un esforzo especial de adaptación da oferta formativa aos criterios de empregabilidade do mercado, como clave para o crecemento persoal e o éxito profesional dos estudantes e o desenvolvemento social do contorno.

a. A Fundación da Universidade da Coruña (FUAC)

A Unidade de Emprego e Formación da Fundación da Universidade da Coruña (FUAC) é o órgano impulsor e xestor de todas as iniciativas que se adoptan en materia de emprego, sendo o seu obxectivo contribuír á inserción laboral dos universitarios e á mellora da súa empregabilidade.

Esta unidade fomenta e xestiona anualmente programas de prácticas en entidades públicas e privadas, plans experimentais de emprego e programas integrais de inserción laboral. Ademais, proporcionalles aos estudantes formación para o emprego, desenvolve políticas activas de intermediación laboral entre ofertas e demandas de emprego e realiza o seguimento da inserción laboral dos seus bolseiros.



Imaxe 9. Datos da FUAC.

a.1. Programa de prácticas FUAC

A Fundación Universidade da Coruña (FUAC) facilita o primeiro contacto dos estudantes co ámbito laboral a través dos programas de prácticas. As empresas desempeñan un labor imprescindible na formación dos estudantes, completando a posta en práctica dos coñecementos que se adquiren na UDC e facilitando a adquisición de competencias profesionais.


a.1.1. Portal de emprego EMPLEA

Co obxectivo de continuar ampliando as canles de relación dos universitarios coas empresas e facilitar o seu encontro, púxose en marcha o “portal de emprego EMPLEA”. É unha ferramenta de captación de ofertas das empresas, baseada nas novas tecnoloxías da información. Mediante este portal as empresas poden publicar directamente as ofertas de emprego e prácticas e os estudantes poden presentar a súa candidatura a estas.

Os resultados deste portal preséntanse a continuación.


Evolución dos estudantes participantes e as empresas colaboradoras de EMPLEA

Gráfico 31



Evolución dos volumes de xestión e comisión de EMPLEA (€)

Gráfico 32




a.1.2. Programa de prácticas TEMPUS

O programa de prácticas TEMPUS ten a característica de estar vixente só os meses de verán. Os resultados deste portal preséntanse a continuación.

Evolución dos estudantes participantes e as empresas colaboradoras en TEMPUS

Gráfico 33



a.2. Programa e proxectos de emprego

a.2.1. Programa de emprego UNINSERT

“UNINSERT” é un plan integral para a mellora da empregabilidade dos nosos titulados desempregados no ámbito da cidade da Coruña, que combina accións de información, orientación e asesoramento, formación, práctica laboral e mobilidade xeográfica. O carácter experimental e innovador do programa é o de achegar a relación Universidade-Empresa a través dun programa orientado a persoas con titulación universitaria na procura de emprego.

O programa foi financiado pola Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e beneficiou un total de 100 titulados inscritos no Servizo Público de Emprego.

a.2.2. Programa Assessment Week

Mediante o programa Assessment Week preténdese impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información en Galicia, no marco do Plan estratéxico galego da sociedade da información e o Plan avanza, dirixidos a mellorar a empregabilidade dos nosos estudantes.

O seu obxectivo consiste en que os estudantes se familiaricen coas particularidades das tecnoloxías da información e da comunicación de cara á busca de emprego, sobre todo no que se refire ás de base tecnolóxica e cun compoñente importante de investigación, de tal forma que poidan mellorar os seus itinerarios personalizados de inserción laboral.

O programa foi financiado pola Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e beneficiou un total de 60 mulleres en situación de desemprego.

a.2.3. Programa Xente Emerxente

O programa Xente Emerxente está dirixido aos estudantes e titulados da UDC menores de 30 anos e ten como obxectivo mellorar a empregabilidade e a ocupabilidade dos participantes a través da execución de diferentes actividades: orientación baseada na metodoloxía IPI (itinerario personalizado de inserción), formación, outdoor training, mentoring, networking e inserción laboral.

O programa foi financiado pola Obra Social La Caixa e beneficiou un total de 150 estudantes e titulados da UDC.

a.2.4. Xornada Véndete

A xornada Véndete, organizada como evento de motivación e autocoñecemento, trata sobre a actitude que deben ter todas as persoas que se encontran en situación de desemprego ou que están a valorar a posibilidade de cambiar de posto de traballo, para acadaren con éxito unha oportunidade laboral. O seu obxectivo céntrase en potenciar a automotivación dos estudantes na busca de emprego, e en dotalos dos coñecementos, das habilidades e das actitudes necesarias para aprenderen a enfrontarse aos procesos de selección con seguridade nun mesmo.

O programa beneficiou un total de 75 estudantes e titulados da UDC en situación de desemprego inicial.

a.3. Aula Universitaria de Promoción Económica

A finalidade da Aula Universitaria de Promoción Económica é facilitarlles aos estudantes e titulados da UDC as ferramentas para melloraren a súa empregabilidade dende o punto de vista do deseño e execución de programas de promoción económica na provincia da Coruña. Os seus obxectivos son:

- Fomentar e facilitar o emprendemento desde entidades non-lucrativas.
- Abrir unha liña de incubación de ideas e proxectos que poidan enlazar cun programa de I+D+i social.
- Vincular a comunidade universitaria cos programas de desenvolvemento económico.
- Difundir o concepto de emprendedor social.


O programa foi financiado pola Deputación da Coruña e beneficiou un total de 29 estudantes e titulados da UDC en situación de desemprego ou ocupados.

b. O Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudiante (SAPE)

O Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudiante (SAPE) presta asesoramento laboral e facilita información sobre as bolsas e axudas convocadas, a través da promoción de accións de difusión e da organización de cursos enfocados á inserción laboral dos titulados, tal e como recolle a táboa seguinte.

Evolución dos participantes nos cursos impartidos polo Servizo de Apoio e Promoción do Estudiante

Gráfico 34



	2010	2011	2012
Núm. de participantes de Seguridad Vial	96	90	0
Núm. de participantes de Técnicas de Manejo del Estrés	66	67	18
Núm. de participantes de Técnicas de Estudio	32	35	16
Núm. de participantes de Habilidades Comunicativas (escritas)	55	55	16
Núm. de participantes de Habilidades Comunicativas (orais)	39	40	63
Núm. de participantes de Dinámica de Grupos	21	22	0
TOTAL	309	309	113

A UDC *promove* accións vinculadas
ao emprendemento e á inserción laboral.



c. Consello Social da UDC

Na súa decidida aposta pola educación como vía para a xeración dunha sociedade competitiva do coñecemento, o Consello Social da UDC promoveu diversas accións no ano 2012, vinculadas ao emprendemento e á inserción laboral.

c.1. Programa de desenvolvemento de competencias Escola de Emprendedores

Escola de Emprendedores é un programa de formación orientado ao fomento da cultura emprendora no ámbito universitario, promovido polo Consello Social da UDC e a Fundación Universidade da Coruña, en colaboración coa Fundación Ronsel.

Trátase dunha iniciativa dirixida a estudantes e titulados universitarios recentes, cuxo obxectivo é facilitar-lles a estes colectivos a adquisición de competencias e coñecementos útiles para poñeren en marcha unha iniciativa empresarial.

No ano 2012, o Campus de Riazor acolleu a primeira edición deste programa, que contou coa participación de 30 estudantes e titulados universitarios procedentes de diversos puntos da xeografía galega. A posta en marcha desta iniciativa contribuíu ao nacemento de iniciativas empresariais innovadoras como “Saborplacé” ou “Viajeros Lowcost”.



A primeira edición da Escola de Emprendedores foi posible grazas ao apoio da Asociación Galega da Empresa Familiar.

c.2. Prácticas profesionais

O Consello Social da UDC e a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) desenvolven conxuntamente un programa de prácticas profesionais dirixido a estudantes universitarios matriculados nalgũa das titulacións impartidas pola UDC. Durante o curso académico 2011/2012, 107 estudantes procedentes de diversas titulacións foron beneficiarios deste programa.

c.3. Laboralia

Laboralia é un proxecto de formación e orientación laboral, promovido polo Consello Social da UDC e a Fundación Universidade da Coruña, en colaboración coa Fundación Ronsel. Trátase dunha iniciativa dirixida a estudantes e titulados universitarios interesados en melloraren a súa empregabilidade e accederen a información útil para comprenderen as dinámicas do mercado laboral.

Laboralia é unha iniciativa que nace, ademais, co propósito de achegar o fenómeno empresarial ao colectivo de estudantes e titulados da UDC. O programa conta para iso coa colaboración de persoal vinculado aos departamentos de recursos humanos de diferentes empresas galegas, técnicos de selección de empresas de traballo temporal, consultoras e empresarios.

No ano 2012, tivo lugar a segunda edición de Laboralia. Nesta edición, o programa logrou congrega 200 alumnos e titulados universitarios, procedentes de diversos puntos da xeografía galega. Colaboraron no desenvolvemento desta iniciativa 18 empresas e institucións, públicas e privadas, de recoñecido prestixio, no ámbito local, nacional e internacional.

d. Observatorio Ocupacional

O Observatorio Ocupacional da UDC creouse no ano 2004 co obxectivo de adaptarse ás novas esixencias de calidade do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), que incluía a creación de bases de datos sobre a inserción laboral dos titulados.

O Observatorio Ocupacional da UDC é a unidade responsable de analizar a inserción laboral dos graduados universitarios e de presentarlles os resultados correspondentes aos órganos de goberno da Universidade para que tomen as medidas que puideren resultar necesarias ante estes, co fin de corrixiren os posibles desaxustes que se puideren detectar durante este proceso, entre o período en que os estudantes finalizan os seus estudos e o período en que comezan a súa carreira profesional.

No marco desta actividade, o Observatorio Ocupacional elabora anualmente un resumo cos datos máis relevantes do estudo de inserción laboral do curso académico que corresponda, para ser presentado ante a sociedade. Así, no ano 2012, presentouse o informe “A inserción laboral dos graduados da UDC 2009/2010”, no cal se observaron resultados moi esperanzadores no contexto xeral de crise económica:

- A mellora en Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) que mostran titulacións tradicionalmente asociadas a baixos índices de empregabilidade.
- O crecemento do emprendemento nos titulados universitarios.
- O aumento dos estudos de posgrao na UDC.
- O mantemento de elevados niveis de satisfacción cos estudos cursados (superior á media nacional).
- A maior empregabilidade dos graduados universitarios respecto ao resto da poboación da mesma idade e xénero, pero de menor nivel educativo.

As competencias e áreas de traballo do Observatorio Ocupacional ampliáronse dende a súa creación e, ac-

tualmente, dedícalles amplos esforzos á prospección de necesidades formativas e de emprego nas empresas que desenvolven a súa actividade na área xeográfica de influencia da UDC.

Entre os traballos máis destacados do ano 2012 podemos citar o “Estudio sobre innovación en el municipio de A Coruña y áreas limítrofes”// “Estudo sobre innovación no municipio da Coruña e áreas estremeiras”. Trátase dunha análise polo miúdo sobre a competitividade das industrias coruñesas respecto á súa capacidade innovadora. Un dos obxectivos deste informe era a inserción de titulados universitarios, o cal se acadou, dado que ao final do proceso se incorporaran ás empresas innovadoras seleccionadas 15 graduados da UDC. A investigación foi financiada polo Fondo Social Europeo e o Concello da Coruña.

No ámbito da investigación aplicada en temas de mercado laboral, o Observatorio Ocupacional tivo unha presenza activa e importante en varios foros internacionais:

- IX Foro de Avaliación da Calidade da Investigación e da Educación Superior, realizado en Santiago de Compostela.
- XXI Xornadas da Asociación de Economía da Educación, realizadas no Porto.

O Observatorio Ocupacional desenvolveu tamén interesantes informes en materia de competencias profesionais, entre os que cabe destacar: “Competencias profesionais dos graduados da UDC” (2010) e “Competencias específicas nas ensinanzas tecnolóxicas da UDC” (2011).

Nestes estudos, desenvolvidos por encarga do Consello Social da UDC, analizáronse as competencias adquiridas e aplicadas polos graduados da UDC, así como as requiridas polas empresas da provincia da Coruña. O obxectivo destas investigacións é achegar a información sobre as carencias e fortalezas do ensino universitario no que respecta á adaptación dos seus plans de estudo ás necesidades reais da sociedade.

3. O persoal da UDC

3.1. Composición do persoal da UDC

Un dos aspectos en que a UDC destaca é na calidade profesional e eficiencia do noso equipo, tanto no ámbito do persoal docente e investigador (PDI) como do persoal de administración e servizos (PAS). Iso permítenos ser unha universidade eficiente e comprometida co noso estudantado e co noso ámbito social.

Apoiamos o traballo do persoal que compón o noso equipo para que este se desenvolva baixo a premisa de máxima calidade, fomentando as súas capacidades, aproveitando o seu talento e garantindo o cumprimento do principio de igualdade de oportunidades, nun ambiente de traballo seguro, san e enriquecedor.

a. Composición do persoal docente e investigador (PDI)

O persoal docente e investigador (PDI) ten como funcións principais a prestación de servizos en labores docentes e investigadores, tutoría ou asistencia aos estudantes e atención ás necesidades de xestión dos centros e dos departamentos. Está composto por funcionarios dos corpos docentes universitarios e por persoal contratado: **PDI funcionario** e **PDI laboral**.

As actividades docentes comprenden, por un lado, a preparación e realización de actividades académicas dirixidas, o deseño de materiais docentes, a elaboración e corrección de exames, as tutorías aos estudantes e calquera outra actividade relacionada coa aprendizaxe. E, por outro lado, a actividade investigadora comprende o desenvolvemento da investigación científica, técnica e artística, así como a formación de investigadores, atendendo tanto á investigación básica como á aplicada.

b. Composición do persoal de administración e servizos (PAS)

O persoal de administración e servizos (PAS) é o grupo que traballa nas áreas funcionais da administración e os servizos, prestando apoio conxunto da Universidade no seu funcionamento. Así, o funcionamento eficaz da Universidade depende en grande medida do persoal de administración e servizos (PAS), en canto que lles presta apoio fundamental á comunidade universitaria e a todos os que se achegan á UDC para realizaren todo tipo de xestións administrativas.

O PAS está formado polo persoal funcionario das escalas propias da Universidade e polo persoal laboral contratado, así como polo persoal funcionario pertencente aos corpos ou escalas doutras administracións públicas que presten servizo na UDC: PAS laboral e PAS funcionario.



3.2. Formación para o persoal da UDC

a. Formación para o persoal docente e investigador (PDI)

Para apoiar o compromiso do PDI coa mellora e a innovación, proporcionámoslles oportunidades de desenvolvemento profesional a través de diferentes cursos e talleres.

O **Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa** (CUFIE) ten como labor organizar actividades para asesorar e formar o profesorado dos distintos niveis educativos, a través dos seguintes programas:

- O Plan de formación inicial (PFI), cuxa evolución de resultados nos cursos académicos 2010/2011 e 2011/2012 presentamos na seguinte táboa.

Evolución do Plan de formación inicial						
Programa	Cursos		Horas		Prazas	
	2010 2011	2011 2012	2010 2011	2011 2012	2010 2011	2011 2012
Metodoloxía Didáctica	12	17	134	236	60	90
Tecnoloxía Educativa	8	8	107	108	40	40
Ensinanza semipresencial	3	6	36	72	15	30
Saúde e Prevención de Riscos Laborais	4	4	48	48	20	20
Contexto Socioinstitucional e Traballo na UDC	7	6	70	62	25	45
TOTAL	34	41	395	526	160	225

Táboa 1

- O Plan de apoio á aprendizaxe (PAA), cuxa evolución de resultados nos cursos académicos 2010/2011 e 2011/2012 presentamos na seguinte táboa.

Evolución do Plan de apoio á ensinanza						
Programa	Cursos		Horas		Prazas	
	2010 2011	2011 2012	2010 2011	2011 2012	2010 2011	2011 2012
Metodoloxía Didáctica	12	17	134	236	350	415
Tecnoloxía Educativa	8	8	107	108	160	160
Ensinanza semipresencial	3	6	36	72	60	120
Saúde e Prevención de Riscos Laborais	4	4	48	48	100	100
Contexto Socioinstitucional e Traballo na UDC	7	6	70	62	125	160
TOTAL	34	41	395	526	795	955

Táboa 2

Entre outras actividades de formación organizadas para o PDI, destacamos as seguintes:


- O desenvolvemento dos talleres Campus Virtual Moodle.
- Os cursos para proporcionar ferramentas lingüísticas e técnicas docentes para impartir contidos curriculares en inglés.
- A programación de diversos cursos de formación específica en cuestións de xénero.

b. Formación para o persoal de administración e servizos (PAS)

O Plan de formación integral do PAS para o trienio 2011/2013 preveu especificamente a promoción da igualdade entre homes e mulleres e a valoración das propostas presentadas polos responsables dos diferentes centros e unidades da UDC, dándolles así resposta ás necesidades que puidesen xurdir e que non fosen recollidas expresamente neste. A evolución das accións formativas reflicte un crecemento destacado.

Evolución das accións de formación

Gráfico 35



Puxemos en marcha o Plan de mellora de necesidades formativas para o PAS, en colaboración co Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa [CUFIE]. Ao tempo que se analizaron os novos requisitos formativos das diferentes categorías laborais para melloraren as competencias profesionais do PAS, revísáronse e completáronse os procedementos administrativos dos distintos servizos da UDC, para facilitar a súa extensión a todos os procesos de administración electrónica.

3.3. Promoción do persoal da UDC

a. Promoción do persoal docente e investigador (PDI)

A aprobación da dedicación docente do PDI permitiunos mellorar os resultados da contratación de profesorado de calidade. O incremento da dedicación do profesorado, segundo o marco establecido no Real decreto 898/1985, do 30 de abril, sobre réxime do profesorado universitario, axudou a que os recursos que tiñan que dedicarse a cubrir novas necesidades de profesorado derivadas do solapamento dos plans de estudo puidesen empregarse na promoción mediante a cualificación.

Como aplicación práctica do principio de estabilización e do principio de promoción do PDI máis cualificado, convocáronse, no ano 2012, as seguintes prazas:

- 58 de profesor doutor permanente ou con compromiso de estabilidade
- 6 de catedrático de universidade
- 19 de titular de universidade
- 22 de profesor contratado doutor
- 10 de axudante doutor
- 1 de axudante

Para o seu desenvolvemento, empregamos as seguintes ferramentas:

- A disposición transitoria terceira dos Estatutos da UDC
- O compromiso de estabilidade para os axudantes
- Os programas de promoción para titulares de escala e profesores colaboradores
- O PDI acreditado e investigadores contratados Isidro Parga Pondal
- Os acordos acadados nos convenios colectivos para o PDI laboral polo Sistema Universitario Galego (SUG)

Grazas á aplicación destes principios, incrementamos nun 37% (5,3% no último ano) o núcleo fundamental do profesorado, é dicir, o número de profesores permanentes doutores no período 2004-2012 (de 577 a 792).

A Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (LOM - LOU) declarou os contratos administrativos para extinguir. A súa disposición transitoria cuarta establecía que ao entrar en vigor esta quen estiver con contrato administrativo (Lei de reforma universitaria - LRU) podería permanecer na mesma situación ata a extinción do seu contrato e eventual renovación,


sen que a súa permanencia nesta situación se puiden prorrogar máis de cinco anos.

a.1. Bolsas e contratos de investigación

O gráfico seguinte reflicte unha diminución na oferta de bolsas alleas á UDC, por mor da conxuntura económica.

Evolución das bolsas e contratos de investigación concedidos a investigadores

Gráfico 36



	2009	2010	2011	2012
FPI	23	26	33	36
FPU	14	31	43	43
María Barbeiro	49	56	36	14
Predoutorais UDC	28	32	54	45
Ángeles Alvariño	15	24	12	10
Lucas Labrada	10	8	4	0
Isabel Barreto	11	15	15	10
Parga Pondal	22	22	15	7
Juan de la Cierva	4	3	4	2
Ramón y Cajal	2	2	2	2
Predoutorais Xunta de Galicia	0	0	27	45
Técnicos de apoio	0	0	0	3
TOTAL	178	219	245	217

a.2. Calidade docente

Consolidamos a nosa política de calidade coa inclusión no equipo directivo dos centros do Responsable de Calidade, encargado do seguimento e mellora da política de calidade destes.

Para darlle apoio ao Responsable de Calidade, reforzáronse as funcións do persoal das unidades administrativas, integrando a xestión dos mestrados nas administracións dos centros. A implicación do profesorado, neste ámbito, plasmouse nas seguintes actuacións:

- Incremento da participación nas actividades de formación e innovación docente
- Incremento do uso das ferramentas de apoio á docencia
- Incremento do número de guías docentes elaboradas na plataforma GADU

a.2.1. Soporte á docencia

Soporte á Docencia (SD) asume como fin principal darlle soporte metodolóxico á docencia no proceso de adaptación das titulacións e implantación das novas ensinanzas propias e oficiais de grao e posgrao, con relación á aplicación das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) á educación; promovendo a calidade, a innovación e a excelencia da docencia universitaria no marco da harmonización da UDC ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).

A actividade do curso pasado deste servizo centrouse no proceso de implantación dos títulos de grao e no proceso de elaboración das guías docentes dos graos e os mestrados universitarios.

Atendendo aos datos referentes ao cómputo total do proceso de implantación dos títulos de grao, obsérvase que só queda por cubrir un 7% deste para ser completado.

- No 2.º curso, no curso académico 2011/2012, completouse o proceso de implantación.
- No 3.º curso está previsto que, no curso académico 2012/2013, se complete o proceso de implantación.
- No 4.º curso chegouse a cubrir un 73% do proceso de implantación, que está previsto que se culmine no curso académico 2013/2014.

Evolución da implantación de títulos				
	2009 2010	2010 2011	2011 2012	2012 2013
Graos	28	40	40	40
Mestrados	37	45	55	48
TOTAL	65	85	95	88

Táboa 3

Atendendo ao estado das guías docentes elaboradas por cursos de grao implantados, o proceso de implantación culminarase no curso académico 2013/2014.

Evolución dos graos implantados por cursos				
	2009 2010	2010 2011	2011 2012	2012 2013
1º	100%	100%	100%	100%
2º	21%	70%	100%	100%
3º	36%	15%	70%	100%
4º	25%	28%	33%	73%
TOTAL	38%	53%	76%	93%

Táboa 4

Evolución das guías elaboradas por graos implantados				
	2009 2010	2010 2011	2011 2012	2012 2013
1º	86%	94%	99%	100%
2º	100%	90%	97%	100%
3º	69%	98%	96%	99%
4º	57%	80%	84%	94%
TOTAL	81%	91%	96%	98%

Táboa 5

Evolución dos cursos, materias e guías implantados en graos				
	2009 2010	2010 2011	2011 2012	2012 2013
Cursos implantados				
1º	28	40	40	40
2º	6	28	40	40
3º	1	6	28	40
4º	7	11	13	29
TOTAL	42	85	121	149

Materias dos cursos implantados				
1º	276	385	395	395
2º	61	290	405	405
3º	16	59	315	482
4º	83	106	138	371
TOTAL	436	840	1.253	1.653

Guías dos cursos implantados				
1º	236	362	392	395
2º	61	260	392	405
3º	11	58	301	476
4º	47	85	116	349
TOTAL	355	765	1.201	1.625

Táboa 6

Atendendo ao estado das guías dos mestrados universitarios no curso académico 2011/2012, observouse que só queda por cubrir un 22% deste para ser completado. Neste ámbito, convén considerar a particularidade da situación de compartimento de parte destes mestrados con outras universidades e empregaranse diversos sistemas para a elaboración das guías docentes das materias destes títulos.

Evolución das guías elaboradas por programas mestrado implantados				
	2009 2010	2010 2011	2011 2012	2012 2013
1º	49%	56%	69%	78%
2º	34%	32%	80%	83%
TOTAL	45%	52%	69%	78%

Táboa 7

Evolución dos cursos, materias e guías elaboradas en programas mestrado				
	2009 2010	2010 2011	2011 2012	2012 2013
Cursos implantados				
1º	37	45	55	48
2º	9	7	6	5
TOTAL	46	52	61	53

Guías dos cursos implantados				
1º	762	1.113	1.442	1.040
2º	239	206	93	24
TOTAL	1.001	1.319	1.535	1.064

Guías dos cursos implantados				
1º	370	619	988	812
2º	81	65	74	20
TOTAL	451	684	1.062	832

Táboa 8


a.2.2. Programa Docentia

Na valoración da garantía da calidade do profesorado, un elemento que resulta fundamental é o desempeño da súa actividade docente. Así, coñecer o modo en que o profesor planifica, desenvolve, valora e mellora o seu ensino resulta clave para emitir un xuízo sobre a súa competencia docente. Para favorecer esta avaliación da docencia, a **Comisión Interna de Universidade** (CIU) publicou no ano 2012 a III Convocatoria para a avaliación da actividade docente do PDI, denominado Programa Docentia. Nesta convocatoria avalíase o quinquenio docente correspondente aos cursos académicos 2006/2007 -2010/2011.

Presentamos no seguinte gráfico a evolución do número de participantes (PDI e estudantes) no Programa Docentia dende o curso académico 2008/2009 ata o curso académico 2011/2012.

Evolución de participantes no Programa Docentia

Gráfico 37



a.2.3. Avaliación docente: seguimento de títulos

Contamos en todos os nosos centros coa implantación do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC), sendo unha das universidades españolas con máis servizos certificados en calidade. Grazas a esta implantación, púidose elaborar o informe anual de seguimento de todos os títulos de grao e mestrado, correspondente ao curso académico 2011/2012; e actualizouse a información máis relevante sobre estas, que se publica na nosa páxina web. Estes informes permítenos coñecer as boas prácticas levadas a cabo, analizar as deficiencias e establecer as modificacións necesarias para o seu bo desenvolvemento, realizando o plan de mello-ras correspondente.

A **Unidade Técnica de Calidade** (UTC) é o servizo responsable de revisar os informes e a información pública de cada un dos títulos. Unha vez finalizado o seu labor, estes informes sonlle remitidos á Axencia de Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), a cal emite un informe final de seguimento. No ano 2012, 23 títulos de grao e 19 de mestrado oficial recibiron este informe.

b. Promoción do persoal de administración e servizos (PAS)

Tras a aprobación da última relación de postos de traballo do PAS funcionario no ano 2009, no ano 2012 revísámolo. Iso levou consigo a sinatura dun Acordo para a funcionarización do PAS coas organizacións sindicais, co obxectivo de unificarmos un modelo de emprego público e de relacións laborais para o PAS.

En paralelo, levamos a cabo un proceso de negociación colectiva que, ademais de incluír o proceso de funcionarización de postos ata agora catalogados para o desempeño do persoal laboral fixo, afrontase a nova relación de postos de traballo mediante medidas de reorganización administrativa.

Nesta liña, introducíronse as seguintes modificacións de carácter organizativo e funcional para unha prestación máis eficiente dos nosos servizos, sen incrementar o cadro final do persoal.

- Adaptación da organización administrativa aos requisitos do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) en centros e departamentos. A implantación do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) supuxo a aparición de novas necesidades de xestión antes non existentes e un cambio nos responsables de levar a cabo as novas actividades administrativas e burocráticas na UDC. O aumento da carga de traballo relacionada tanto coa xestión da calidade dos títulos como da investigación fixo necesaria unha reestruturación das unidades de xestión e reordenación do PAS de apoio. Iso optimizaría o catálogo de unidades administrativas, ao dispoñer de novos recursos humanos que poderían ser reorientados de cara ás novas funcións.
- Fortalecemento da estrutura de xestión de investigación para facilitar a coordinación cos investigadores na elaboración dos proxectos e xustificación de gastos. Para reforzar as funcións estratéxicas do Servizo de Investigación,



estableceuse unha nova sección, a Oficina de Coordinación da Investigación (OCI), na Coruña e en Ferrol, dotadas con postos procedentes da reordenación de efectivos dos centros e departamentos. Estas novas unidades prestan apoio en materia de xestión económica e orzamentaria, control e fiscalización, e contabilidade e auditoría.

- Xestión académica integral da comunidade universitaria, asegurando os sistemas de garantía de calidade das titulacións e ensinanzas, co impulso definitivo dos procesos de administración electrónica.

O Acordo para a funcionarización do PAS integrou, ademais, os correspondentes postos de traballo anteriormente catalogados como PAS laboral fixo. O nivel de complemento de destino e o complemento específico, cos que se pasan a catalogar como PAS funcionario, foron homologados cos establecidos con carácter xeral para os postos de funcionarios, dentro do intervalo de nivel que corresponda a cada grupo de clasificación. E os complementos diferentes a estes, vinculados ás características especiais para o seu desempeño, incorporáronse como complemento específico.

3.4. Acción social co persoal da UDC

a. Acoso e actitudes sexistas

O **Regulamento da Oficina para a Igualdade de Xénero** (OIX) sinala que é obxectivo específico desta “coñecer, informar e, de ser o caso, mediar nos posibles conflitos por discriminación de xénero na actividade académica e laboral da UDC”.

Malia non existir un mecanismo específico para presentar e resolver estas cuestións, o **Servizo de Prevención de Riscos Laborais** elaborou un “Procedemento de actuación por violencia psicolóxica ou física no traballo” que considera os casos de acoso sexual. Ademais, o **Valedor Universitario**, que é o órgano encargado de velar polo respecto dos dereitos e liberdades da comunidade universitaria, conta cun rexistro propio de carácter reservado para responder calquera cuestión desta índole.

Como medidas de sensibilización para evitar o acoso, as actitudes sexistas ou o trato discriminatorio por razón de sexo, o artigo 51 do Convenio colectivo do PAS laboral recolle, entre as faltas que dan lugar a responsabilidade disciplinaria, este tipo de comportamentos, considerados como faltas moi graves. No



que se refire ao PAS funcionario e a todo o colectivo PDI rexe a normativa xeral, considerándose, tamén, como faltas graves, tal e como establece o artigo 95 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público.

b. Conciliación familiar e laboral

No curso 2000/2001 creamos a escola infantil da UDC, situada no Campus de Elviña (A Coruña). Do total das súas prazas, todos os cursos académicos se reserva un número importante para o persoal da UDC que traballa no Campus de Elviña. Así, no ano 2012, foron adxudicadas 58 prazas dun total de 61 prazas reservadas. Por outro lado, malia non contar cunha escola infantil propia no Campus de Ferrol, adxudicamos 20 axudas para que os nenos do persoal que traballa neste campus acudisen a escolas infantís.

c. Períodos de excedencia

Na UDC, recoñecemoslle a excedencia como un dereito individual por un tempo non superior a tres anos ao seu persoal para:

- O coidado dos fillos.
- O coidado do cónxuxe ou da persoa coa que conviva de forma marital.
- O coidado dos ascendentes ou dos descendentes que, por motivo de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade, non poidan valerse por si mesmos e non desenvolvan actividade retribuída.

O período durante o cal o persoal permanece nesa situación é computable para os efectos de antigüidade e mantense o seu dereito de asistencia a cursos

de formación. Durante os primeiros dous anos o persoal terá dereito á reserva do seu posto de traballo, pero, unha vez transcorrido ese tempo, quedará referido a unha ocupación da súa categoría ou grupo profesional.

d. Xubilación

Na UDC, entendemos que a xubilación será obrigatoria para o persoal que cumpra os 65 anos. Para as vacantes que se produzan por esta causa, constitúense bolsas de emprego, nas que se inclúen prazas de idéntica categoría profesional ou outras de distinta categoría que se creen por transformación das devanditas vacantes. Excepcionalmente, o persoal que non completase os 35 anos de cotización da Seguridade Social poderá continuar en activo ata completar o devandito período, sendo a xubilación obrigatoria aos 70 anos.

Coa conformidade previa de Persoal e co informe favorable do Comité de Empresa, o empregado poderá xubilarse aos 64 anos, nos casos en que a contratación simultánea doutro empregado sexa aconsellable por circunstancias do servizo ou por indicacións da Xerencia.

e. Beneficios sociais

A oferta de programas de beneficios sociais para o PAS focalízase nos seguintes aspectos:

Matrículas gratuitas

Facilitamos os medios necesarios para conseguir que a matrícula (prezos públicos) sexa gratuíta tanto para o persoal en activo ou xubilado, coma para os seus cónxuxes ou a persoa coa cal conviva de forma marital, así como para os fillos ao seu cargo en:

- Os centros da UDC
- Outras universidades públicas fóra do Sistema Universitario de Galicia (SUG), coas que a UDC asinase convenio
- As escolas de idiomas

Percepcións económicas

- Durante a situación de incapacidade temporal o persoal percibe ata o 100% das súas retribucións mensuais durante os meses que esta dure.
- Coa xubilación forzosa, falecemento ou invalidez permanente, o PAS laboral percibe o importe íntegro de tres mensualidades e unha máis por cada cinco anos ou fracción que exceda dos 15 anos de antigüidade. No caso de prestacións de servizo a tempo parcial, compútase este tempo de xeito proporcional. Ademais, se tivese baixo a súa dependencia directa (ás súas expensas), cónxuxe ou persoa coa que conviva de forma marital, fillos ou ascendentes de primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, diminuídos físicos, psíquicos ou sensoriais, recoñecidos legalmente, e sempre que os ingresos do diminuído non superen o salario mínimo interprofesional en cómputo anual, percibe unha axuda máxima de 150 € ao mes ata completalo, se for o caso.
- O PAS funcionario ten dereito a unha gratificación por xubilación aos 65 anos cando tiver cinco anos de servizos prestados como mínimo.

Instalacións e servizos da UDC

O persoal ten para si, para o seu cónxuxe ou a persoa coa que conviva e para os fillos ao seu cargo, o dereito a usar as nosas instalacións e servizos en igualdade de condicións que a comunidade universitaria.

Anticipos reintegrables

Concedemos anticipos ata unha contía máxima de dúas mensualidades ou 3.000 €, reintegrables no prazo máximo de 18 meses sen xuros.

Seguro de asistencia sanitaria

Co obxecto de financiar accións dirixidas ao persoal, constituímos un fondo de acción social equivalente cada ano ao 1,5% da masa salarial anual, e garántense, como mínimo, os fondos necesarios para a contratación dun seguro de asistencia sanitaria.

f. Seguridade, saúde e prevención de riscos laborais

Cumprimos estritamente coas disposicións vixentes en materia de prevención de riscos laborais e seguridade no traballo grazas ao **Servizo de Prevención de Riscos Laborais**. Iso implica que o persoal ten dereito a participar, por medio dos seus representantes, en materia de seguridade e saúde laboral no traballo. Para iso, e como órgano paritario e colexiado de consulta, o Comité de Seguridade e Saúde Laboral vela pola adopción, o mantemento e o perfeccionamento de medidas en materia de seguridade e saúde laboral en todos os centros de traballo.

O Servizo de Prevención de Riscos Laborais procura a mellora da calidade de vida, a través de mellores condicións de seguridade e saúde no traballo, e as súas actuacións máis destacadas son as seguintes:

- Reducir os accidentes, incidentes e enfermidades laborais, e mellorar o ámbito laboral.
- Reducir os riscos e os impactos persoais, económicos e ambientais.
- Educar en boas prácticas de prevención de riscos laborais e mellorar a condición laboral de forma continua.
- Poñer de manifesto a integración da prevención de riscos laborais na xestión.
- Mellorar a capacitación do persoal e propiciar a adopción de medidas para que estes sucesos non se repitan e/ou para minimizar as súas repercusións.
- Mellorar a calidade de vida da comunidade universitaria e impulsar os hábitos saudables na sociedade, previndo así problemas de saúde.

Durante o período de embarazo ou o período de lactación, as traballadoras teñen dereito ao cambio de posto de traballo se, segundo a prescrición dun facultativo da sanidade pública ou, se for o caso, do Servizo de Vixilancia da Saúde, se certifica que as condicións resultan nocivas para a súa saúde, para a do feto ou impedisen o desenvolvemento normal da actividade que desempeña. Nestes supostos asegúrase que a traballadora non sufra ningunha mingua dos seus dereitos económicos e que se poida volver incorporar ao seu posto habitual cando remate a circunstancia que deu lugar ao cambio.

4. Igualdade de xénero


No ano 2012 publicouse o “Informe sobre o diagnóstico de igualdade 2012” da man da Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX). Neste estudo presentouse a distribución por xénero dos membros da comunidade universitaria: os estudantes, o persoal docente e investigador (PDI) e o persoal de administración e servizos (PAS), así como dos órganos de goberno.

4.1. Estudantes

- Por graos e títulos non adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). Matriculouse un total de 19.084 estudantes, dos que un 49,68% eran mulleres.

Evolución dos estudantes de graos e títulos non adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior, especificado por xénero


Gráfico 38



- Por programas de mestrados. Matriculouse nos programas de mestrado un total de 1.099 estudantes, dos que un 60,41% eran mulleres.

Evolución dos estudantes matriculados en programas de mestrado, especificado por xénero


Gráfico 39



- Por programas de doutoramento. Matriculouse un total de 1.363 estudantes, dos que un 48,78% eran mulleres. A distribución por xénero neste colectivo foi equilibrada.

Evolución dos estudantes matriculados no Programa de Doutoramento, especificado por xénero

Gráfico 40



- Por finalización de estudos de primeiro ciclo. Titulouse un total de 2.660 estudantes, dos que un 54,2% eran mulleres.

- Por campus. A distribución dos estudantes é máis próxima ao equilibrio no Campus da Coruña, cun 46,45% de homes e un 53,55% de mulleres, que no Campus de Ferrol, onde os homes son un 72,65% fronte a un 27,35% de mulleres.

- Por ramas científicas. Móstrase unha clara segregación por xénero nas eleccións vocacionais. Existen áreas científicas moi feminizadas como Ciencias da Saúde, cun 82,02% de mulleres, ou Artes e Humanidades, cun 70,67% de mulleres, fronte a áreas científicas moi masculinizadas como Enxeñaría e Arquitectura, con só un 32,5% de mulleres. Por outro lado, as áreas científicas de Ciencias e Ciencias Sociais e Xurídicas, aínda que feminizadas, están máis próximas á paridade, con porcentaxes de mulleres de 62,33% e 60,17% respectivamente.

- Por lectura da tese de doutoramento. A porcentaxe de mulleres que acadaron o título de doutoras foi igual que o dos homes, un 50%.


- Polo premio de fin de carreira. A porcentaxe de mulleres que obtiveron o premio de fin de carreira foi dun 68%, o que confirma un maior éxito académico das mulleres nesta etapa formativa.

4.2. Persoal docente e investigador (PDI)

- Das 1.448 persoas que configuraron o PDI, un 35,98% eran mulleres.

Evolución da estrutura do PDI doutor / PDI non doutor

Gráfico 41



	2009	2010	2011	2012
Núm. mulleres	282	317	337	352
Núm. homes	584	585	583	583
Núm. total PDI doutor	866	902	920	935
Núm. PDI non doutor	650	611	567	513
NÚM. TOTAL PDI	1.516	1.513	1.487	1.448




un
35,98%
do persoal docente
eran mulleres

- Pola xornada laboral. O PDI a tempo completo estivo formado por un 58,56% de mulleres, mentres que o PDI a tempo parcial estivo formado por un 32,33%.

Evolución da estrutura do PDI a tempo completo e a tempo parcial non completo

Gráfico 42




- Por ramas científicas. As mulleres só superaron os homes na área científica de Ciencias da Saúde cun 54,7% de representación. Na área científica de Enxeñaría e Arquitectura a porcentaxe de mulleres foi dun 17,4%. As demais áreas científicas estiveron próximas á paridade.
- Por categorías profesionais. Púxose de manifesto unha clara segregación vertical, cunha proporción menor de mulleres nos postos máis altos de carreira non universitaria. Tal é así que na categoría de catedráticos de universidade

(CU) só un 12,4% eran mulleres, porcentaxe que está por debaixo do 15,3% de media das universidades españolas. Por categorías profesionais con vinculación permanente - titulares de universidade (TU), catedráticos de escola universitaria (CEU), contratados doutores (CD) e titulares de escola universitaria (TEU). Así as profesoras titulares de universidade constituíron o 39,3%, as catedráticas de escola de universidade o 37,2%, as profesoras contratadas doutoras o 37,64% e os titulares de escola universitaria o 34,3%.

Evolución da estrutura do PDI pertencente a corpos docentes universitarios

Gráfico 43



- Por idade. A proporción de mulleres e homes no PDI variou coa idade, de modo que o perfil das mulleres é de menor idade que o dos homes. En concreto, as mulleres agrupáronse nos intervalos de idade entre os 30 -50 anos, mentres que a maioría dos homes se agruparon no de entre os 40 - 60 anos. Ademais, nos intervalos entre os 60 -70 anos o número de mulleres foi moi reducido.
- Por coordinación dos grupos de investigación. Nos últimos seis anos o número de grupos de investigación aumentou de 97 a 125, ao tempo que a porcentaxe de coordinadoras deses grupos foi crecendo para incrementarse do 15,5% ao 21,6%.
- Pola taxa de éxito na consecución de sexenios. A taxa de éxito das mulleres foi lixeiramente inferior á dos homes (80,85%) cun 78,35%. Con vén sinalar que só se computou o PDI con algún sexenio recoñecido e con contrato na data do estudo e que os sexenios posibles se calcularon tendo en conta unicamente os períodos como PDI funcionario ou contratado doutor de cada membro do PDI.
- Por persoal de I+D captado en convocatorias autonómicas. A porcentaxe de mulleres foi superior ao dos homes tanto en convocatorias de forma-

- ción coma en convocatorias de contratación e incorporación.
- Pola dirección de tese de doutoramento. A porcentaxe de mulleres foi moi baixa, un 22%, cifra que ascende ao 42,9% na área científica de Artes e Humanidades, onde o PDI está moi feminizado. Baixa porcentaxe tamén na área científica de Ciencias da Saúde, malia ser unha das áreas máis feminizada. Tamén destacou que na área científica de Enxeñaría e Arquitectura, onde máis teses se defenderon, o número de directoras foi moi escaso, 14,3%.
 - Por bolsas de viaxe. Concedéronse 125 bolsas, das cales o 42% foron para mulleres.
 - Por anos sabáticos. Os criterios para a concesión de anos sabáticos están recollidos na Normativa sobre permisos e licenzas do PDI. O seu obxectivo é mellorar a calidade da docencia e incrementar o potencial investigador da UDC. Deben ser profesores doutores permanentes na UDC, que teñan interrompido mínimo de sete anos de docencia no réxime de dedicación a tempo completo como profesores permanentes e que se encontren nesta mesma condición no momento da solicitude.




4.3. Persoal de administración e servizos (PAS)

- No ano 2012 o PAS estivo composto por 745 persoas, das cales un 61,07% eran mulleres.

Evolución da estrutura do PAS funcionario e laboral

Gráfico 44




- Por categoría profesional. O 59,46 era PAS funcionario e o 40,54% era PAS laboral. A presenza feminina no PAS funcionario ascendeu a un 76,07%, mentres que no caso do PAS laboral supuxo un 39,07%.
- PAS funcionarios. O 76,84% do PAS funcionario de carreira eran mulleres, o 70,58%

do PAS funcionario interino eran mulleres e no caso do PAS funcionario eventual existiu paridade entre mulleres e homes. As mulleres foron maioría en todos os grupos do PAS funcionario, incluído o grupo A1, e destacou, sobre todo, a súa presenza nos grupos C1 e C2.

Evolución da estrutura do PAS funcionario


Gráfico 45



- Por categorías profesionais – PAS laboral. O 39,32% do PAS laboral fixo eran mulleres, mentres que o 38,54% do PAS laboral a tempo parcial eran mulleres. A porcentaxe de mulleres só superou a dos homes no grupo IV-B, que corresponde ao grupo máis baixo.

Evolución da estrutura do PAS laboral

Gráfico 46



4.4. Órganos de goberno

- No Consello de Dirección. Na actualidade existe unha presenza paritaria de homes e mulleres. É unha situación que non se acadou ata o curso académico 2009/2010, xa que ata ese momento a presenza masculina era predominante.
- No Consello Social da UDC. Do total dos 26 membros que compoñen o Consello Social da UDC, só un 26,9% son mulleres.
- No Claustro. Do total dos 294 membros que compoñen o Claustro, o 43,2% son mulleres. Agás nos membros natos, en todos os sectores existe unha paridade que deriva da aplicación do Regulamento electoral da UDC, que establece un equi-

librio de xénero na composición das candidaturas que se agrupan en listaxe e limita o dereito de voto por razón de xénero. Este regulamento veu imposto pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (LOU), que establecía a necesidade de incluír medidas que propiciasen o equilibrio entre mulleres e homes na composición dos órganos colexiados.

- No Consello de Goberno. Do total de 56 membros que compoñen o Consello de Goberno, só o 32,1% son mulleres.
- Na Dirección de centros e departamentos. Dos 24 centros, só un 16,7% está dirixido por mulleres. Dos 43 departamentos, as mulleres só dirixen un 23% deles. Ademais, ningún dos 6 Institutos



Universitarios de Investigación está dirixido por mulleres.

- Nas Xuntas de Persoal funcionario
 - PDI. A presenza de mulleres é maioritaria, cun 92,3%, dato superior ao peso que estas teñen dentro deste colectivo.
 - PAS. A composición é claramente masculinizada cun 88,2%.
- No Comité de Empresa do persoal laboral
 - PDI. Constituída por 21 persoas, a representación feminina é dun 28,6%, no que se corresponde con peso das mulleres no colectivo do PDI.
 - PAS. Composto por 17 persoas, cun 47,1% de mulleres.

4.5. Incorporación das perspectivas de igualdade de xénero na docencia

No curso académico 2011/2012 a oferta educativa en materia de xénero concentrouse nos graos e titulacións de 1.º e 2.º ciclo sen adaptar ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) das áreas científicas de Ciencias Sociais e Xurídicas (Ciencias da Educación, Socioloxía e Humanidades): ofrecéronse 2 materias obrigatorias (12 créditos), 1 materia de formación básica (6 créditos) e 5 materias de libre elección (27 créditos), así como diferentes cursos e xornadas.

Ademais, na oferta dos mestrados universitarios houbo programas que incluíron materias de igualdade de xénero nas áreas científicas de Ciencias Sociais e Xurídicas e en Humanidades (5 materias optativas e 1 materia obrigatoria).

5. Participación e implicación na toma de decisións da UDC

O Estatuto da UDC é a ferramenta que impulsa a participación de toda a comunidade universitaria na configuración do marco docente, investigador e social das actuacións universitarias que faculta a súa representación nos diferentes órganos de goberno da UDC.

A nosa estrutura é participativa e flexible, tal e como se reflicte na organización da representación dos órganos de goberno, colexiados e unipersoais, así como as súas funcións e competencias. No seguinte gráfico móstrase esta relación e a correspondencia cos capítulos e seccións do Estatuto da UDC en que se regula o seu réxime xurídico.



Imaxe 10. Estrutura de representación da UDC.

No capítulo I do Informe do reitor ao Claustro de 2012 está recollida a actividade realizada polos órganos de goberno durante o ano 2012.

5.1. Valedor Universitario


O Valedor Universitario vela polo respecto dos dereitos e liberdades de todos os membros da comunidade universitaria. As súas actuacións están dirixidas a mellorar o funcionamento da UDC, desenvolvidas baixo os principios de independencia, obxectividade e autonomía no marco do estatuto e o ordenamento xurídico.

Os modos de actuación do valedor universitario son tres: a instancia de parte, de oficio, ou mediación e conciliación. As queixas ou reclamacións que chegan á oficina son tratadas coa parte reclamante, telefónica ou presencialmente, ademais de contar coa colaboración dos distintos órganos e servizos administrativos para unha mellor análise.

Presentamos nos seguintes gráficos a evolución das xestións (casos, consultas e queixas) realizadas polo valedor universitario nos cursos académicos 2010/2011 e 2011/2012.


Evolución da xestión de consultas polo valedor universitario

Gráfico 48




Evolución da xestión de casos polo valedor universitario

Gráfico 47



Evolución da xestión de queixas polo valedor universitario

Gráfico 49



5.2. Asesoría Xurídica

A Asesoría Xurídica da UDC ten atribuída unha dobre función:

- Asesorar en dereito os órganos de goberno e de representación da UDC, a través da elaboración de informes, ditames e propostas de resolución.
- Representar a UDC en calquera tipo de procedemento administrativo ou xudicial.

No Informe do reitor ao Claustro 2012 preséntase a desagregación de actuacións realizadas por este servizo da UDC.

5.3. Asociacionismo e representación

a. Os estudantes

O Estatuto do estudante proporciona o marco de desenvolvemento do dereito de asociación e recoñece o dereito de reunión, manifestación e folga co fin de potenciar a participación do estudantado na actividade diaria da Universidade. Neste sentido, promovemos e axilizamos os trámites para a constitución de asociacións e delegacións de estudantes para a defensa dos seus intereses e dereitos.

A través do Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE), os estudantes reciben información e asesoramento para constituíren unha asociación e para obteren axudas económicas para o desenvolvemento das funcións destas.

Todos os anos se celebra nun centro da UDC a Feira de Asociacións, na que se dan cita todas as asociacións de estudantes, co fin de dárense a coñecer e trasladárenlles aos estudantes os seus obxectivos e actuacións.

b. O persoal da UDC

O persoal da UDC conta con dous órganos de representación dos seus dereitos e intereses. No caso do persoal laboral, o órgano de representación é o Comité de Empresa, e, no caso do persoal funcionario, o órgano de representación é a Xunta de Persoal.

- O Comité de Empresa é o corpo representativo do persoal suxeito a dereito laboral na UDC. Está regulado nos artigos 62 e 63 do Estatuto dos traballadores e está composto polos traballadores que foron elixidos libremente polos seus compañeiros.

Os representantes sindicais da UDC pertencen á Confederación Intersindical Galega (CIG-Administración), Comisións Obreiras (CC.OO.), Unión Xeral de Traballadores (FETE-UXT), Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSI-CSIF) ou á Central Unitaria de Traballadores da UDC (CUT UDC). Este último preside o Comité de Empresa e conta co apoio maioritario dos traballadores.

Os membros do Comité de Empresa gozan dos seguintes dereitos:

- a) Dereito á libre difusión na UDC das súas publicacións, avisos ou opinións que lles puideren interesar ás respectivas persoas afiliadas ao sindicato e aos traballadores, en xeral.
- b) Dereito de reunión nos locais da UDC nas mesmas condicións que se sinalan para a asemblea dos traballadores.
- c) Dereito a gozar de 30 horas mensuais retribuídas para realizaren as xestións conducentes á defensa dos intereses do persoal.
- d) Dereito a seren informados dos asuntos da UDC nos termos fixados para o comité de empresa no Estatuto dos traballadores e deberán observar o sixilo profesional establecido.

- A Xunta de Persoal é o órgano de representación colexiado do PAS funcionario, lexitimado para defender e promover os intereses económicos e sociais dos funcionarios que representa. A Xunta de Persoal aterase no seu funcionamento ao que establece o seu regulamento interno, de acordo coa Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público e a normativa de aplicación.

A Xunta de Persoal está composta polos membros que foron elixidos para tal efecto nas eleccións sindicais correspondente, segundo o que establece a Lei 9/1987, do 12 de xuño, de órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das administracións públicas. A composición da Xunta de Persoal desde o 11/04/2011 é a seguinte: un representante de Comisións Obreiras (CC.OO.), un representante da Unión Xeral de Traballadores (FETE-UXT), tres representantes da Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSI-CISF), catro representantes da Confederación Intersindical Galega (CIG-Administración) e catro representantes da agrupación Alternativa de PAS Asemblearia (APA), sendo a presidenta e o secretario da Xunta de Persoal desta última agrupación de traballadores.

6. Internacionalización

Nun ámbito tan globalizado como o actual, a Oficina de Relacións Internacionais (ORI) traballa con, por e para unha comunidade universitaria procedente de diferentes países e culturas en tres ámbitos principais de traballo.



6.1. Visibilidade internacional

A nosa proxección no eixe internacional foise asentando nas seguintes actividades, nas cales se presenta unha UDC xeradora de ideas, proxectos e oportunidades:

- Presenza en feiras, talleres e eventos universitarios internacionais.
 - Feiras de posgrao (Lisboa e Colombia).
 - Eventos como National Association of Foreign Students Advisors (NAfSA) e European Association for International Education (EAIE), nos que participamos a título particular ou como membro do consorcio Universities of Galicia.
- Modificación da páxina web da Oficia de Relacións Internacionais (ORI).
- Creación dun diario de bitácora: www.uptodateinternacional.udc.es

6.2. Programa de docencia en inglés

O obxectivo do programa de docencia en inglés é completar a formación lingüística dos estudantes e axu-

darlles a adquirir competencias en inglés a través da aprendizaxe integrada de contidos e idioma. No ano 2012, levouse a cabo, por primeira vez, nalgunhas titulacións, a través dos seguintes incentivos:

- 25 horas de redución de docencia
- Sistema de apoio da docencia en inglés
- Talleres específicos no Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE)
- Preferencia para participar no “Programa Erasmus de Mobilidade Docente” (STA)

Os centros que contan con programas de docencia en inglés son os seguintes: Facultade de Ciencias, ETS de Enxeñeiros de Camións, Canais e Portos, Escola Politécnica Superior, Facultade de Economía e Empresa, Facultade de Filoloxía e ETS de Náutica e Máquinas.

6.3. Acordos de intercambio e mobilidade


A nosa tarefa, neste ámbito de traballo, estivo centrada no fomento da sinatura de convenios marco e específicos, na promoción de medidas para a captación de estudantes e no desenvolvemento e aprobación do novo Regulamento sobre mobilidade internacional. Así, presentamos, a continuación, as actuacións que realizamos no ano 2012:

- Sinatura dun total de 174 convenios novos, polo que o 31 de decembro de 2012 estaban activos un total de 545 convenios internacionais.
- Incremento da mobilidade internacional da comunidade universitaria.
 - Incremento e renovación da oferta de convenios do programa Erasmus, con máis destinos para estudantes e profesorado no Lifelong Learning Programme (LLP) da Unión Europea e tamén co Erasmus Intensive Programme (IP).

O seguinte gráfico recolle a evolución do número de PDI participantes no programa de estadias do Ministerio de Educación, Ciencia e Deporte desde o ano 2009 ata o ano 2012.

Evolución do programa de estadias de PDI do Ministerio de Educación, Ciencia e Deporte


Gráfico 50



Presentamos no seguinte gráfico a evolución do número de PDI participantes nos programas de mobilidade nos cursos académicos 2010/2011 e 2011/2012.

Evolución dos programas de mobilidade PDI

Gráfico 51




- Incremento do número de convenios marco e de convenios específicos, destacando os asinados coa Universidade de Magdeburgo, para a implantación do Mestrado de Enxeñaría da Auga; a Universidade de Regensburg e a Universidade Clermont-Ferrand, para a continui-

dade do Programa Iacobus; e a Universidade de París-Diderot, para a implantación do Mestrado de Materiais Complexos.

Todo iso ten reflexo nas cifras, tal e como recollen os seguintes gráficos.

Evolución dos programas de mobilidade para estudantes

Gráfico 52




	2008/2009		2009/2010		2010/2011		2011/2012	
	Núm. saíntes	Núm. entrantes	Núm. saíntes	Núm. entrantes	Núm. saíntes	Núm. entrantes	Núm. saíntes	Núm. entrantes
Programas de mobilidade europeos	410	345	410	303	467	295	472	260
Prácticas Leonardo da Vinci	90	0	0	0	0	0	0	0
ANUIES CRUE	7	11	3	13	4	9	9	15
Programas bilaterais	17	66	32	41	31	33	45	36
Erasmus mundus	0	5	0	3	0	3	0	0
EU articulation scheme	2	0	8	0	8	0	3	0
Programas visitantes	0	7	0	0	1	6	12	10
MAEC AECI	0	2	0	12	0	6	0	5
Convenios bilaterais	26	77	43	54	44	42	54	66
TOTAL	552	513	496	426	555	394	550	412



Erasmus Mundus Tempo engloba un consorcio de **21** universidades europeas

Evolución dos proxectos de cooperación iberoamericana




- Participación no programa de mobilidade internacional do Ministerio de Educación, Cultura e Deportes de Brasil “Ciencia sen Fronteiras”, para a acollida de estudantes de grao brasileiros no curso académico 2012/2013, ao cal se incorporaron un total de 43 estudantes.
- O Programa Erasmus Mundus Tempo engloba un consorcio de 21 universidades europeas que ten como obxectivo promover o intercambio de coñecemento transeuropeo entre as distintas institucións, en áreas de coñecemento relacionadas co desenvolvemento sustentable: Arquitectura, Química, Bioloxía, Enxeñaría Química, Ciencias Ambientais e Administración e Dirección de Empresas.
- Participación en dous Erasmus Intensive Programme (IP):
 - Vilnius Cooperative College, ao que asistiron 4 estudantes e 1 profesor.

- Vilnius Kolegija, ao que asistiron 5 estudantes e 1 profesor.
- Participación no “Programa Iacobus”, desenvolvido na ETS de Arquitectura coa Universidade de Regensburg e a Universidade de Clermont-Ferrand, no que participaron 68 estudantes e 11 profesores provenientes de Francia, Alemaña e España.
- Recepción dunha subvención para o Programa Leonardo da Vinci no curso académico 2012/2013. Este programa de prácticas internacionais dotou dunha axuda a un total de 50 titulados para realizaren prácticas profesionais nun dos seguintes países: Alemaña, Irlanda, Polonia, Chequia e Italia.
- Captación de estudantes internacionais.
 - Fomento da internacionalización a través da convocatoria de axudas dirixidas a cooperar na extensión e/ou consolidación de redes de colaboración internacional xa existentes, mellorando a calidade e o volume da mobilidade.
 - Empregabilidade internacional dos titulados e estudantes da UDC a través da xestión de proxectos de prácticas internacionais, como o Programa Leonardo da Vinci (única universidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG) que o ten adxudicado), o Programa Erasmus Prácticas e a participación en redes de prácticas internacionais, como Universia.
 - Política de captación de estudantes internacionais a través da sinatura dos convenios con

universidades estranxeiras, coa participación en programas internacionais de mobilidade académica.

- Incentivación da participación en campañas de sensibilización xunto con ONG. Convén destacar a participación da Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) nun Erasmus Mundus, coa colaboración de Acción 3, a Universidade de York e a Universidade de Porto (Enhancing Studies and practice of social economy & social capital in higher education).
- Programa de acollida a estudantes de intercambio xestionado pola Oficina de Relacións Internacionais (ORI) coa finalidade de apoiar os estudantes internacionais, cuxos resultados se presentan a continuación.

Evolución dos programas de acollida



No ano 2012, aprobamos un novo Regulamento sobre mobilidade internacional, co que se acadarán os seguintes obxectivos:

- A adecuación definitiva ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).
- A incorporación de todos os coordinadores de relacións internacionais aos equipos de dirección dos centros.
- A incorporación de figuras, como o estudante de prácticas.
- A elevación do coñecemento dos idiomas da universidade de destino a requisito, e non simple mérito, para acceder ás prazas de mobilidade.
- A recomendación do título B1 de inglés para os estudantes entrantes, agás nos casos de Erasmus en prácticas, para os cales é obrigatorio.
- A simplificación e unificación do sistema de asignación de prazas de mobilidade.
- A limitación das estadías de mobilidade internacional por titulación realizada, e non por vida académica, o que lles permitirá a todos os estudantes seguir beneficiándose da posibilidade de estadías internacionais nos segundos ou terceiros graos que poidan cursar.

7. Promoción da lingua galega

O **Servizo de Normalización Lingüística** (SNL) realiza unha intensa actividade que desenvolve ao longo do ano, organizando cursos de formación, xornadas e actuacións de sensibilización e asistindo profesionalmente os membros da comunidade universitaria.

7.1. Formación

- Curso de Lingua Galega online, que contou coa participación de 147 persoas matriculadas
- Curso de Linguaxe Administrativa de nivel medio
- Curso de Linguaxe Administrativa de nivel superior
- V Curso de Verán de Lingua e Cultura Galegas para Persoas Estranxeiras

7.2. Sensibilización e difusión

- II Campaña de “En galego tamén se fai ciencia”, en coordinación coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) e coa Universidade de Vigo (UVI).
- Accións de promoción do galego, levadas a cabo en 11 centros, coa avaliación da Comisión de Seguimento do Plan de normalización lingüística da UDC.

- VIII Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística, Traballando en Lingua, Dinamización Lingüística e Xustiza Social, no marco do Fórum Carballo.
- IX Xornadas sobre Lingua e Usos, dedicadas ao tema Lingua e Tradución.
- IX Premio Luísa Villalta a Iniciativas Normalizadoras, organizado en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) e coa Universidade de Vigo (UVI), en dúas modalidades de participación:
 - Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega, cuxo premio lle foi outorgado a Rocío Toxo Asori, estudante da Universidade de Santiago de Compostela (USC), co traballo titulado “O galego, un mundo por descubrir”.
 - Idea para a promoción do galego, cuxo premio lle foi outorgado a Nuria Freire González, estudante da UDC, co traballo presentado co lema “A túa lingua é”.

Presentamos no seguinte gráfico a evolución do número de axudas outorgadas pola UDC para a realización de traballos de investigación nos anos 2011 e 2012.

Evolución das axudas concedidas para a realización de traballos de investigación en lingua galega
Gráfico 55




7.3. Asesoramento profesional

- Asesoramento lingüístico aos estudantes, vinculado á revisión dos seus traballos de investigación, canalizados a través das axudas previstas para a súa redacción e defensa en lingua galega.
- Edición das actas das VIII Xornadas sobre Lingua e Usos, Lingua e Ecoloxía.
- Revisión lingüística e terminolóxica do volume Anuario da Facultade de Ciencias do Traballo.

Presentamos no seguinte gráfico a evolución do número de actuacións realizadas polo Servizo de Normalización Lingüística (SNL) no ámbito do asesoramento, dende o ano 2009 ata o ano 2012.

Evolución das xestións de asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística
Gráfico 56



7.4. Iniciativas da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística

- Propostas de tradución de manuais para os estudantes de primeiro curso e outras iniciativas.
- Desenvolvemento dun traballo de investigación para coñecer a repercusión do uso do galego na actividade docente e investigadora por parte das diferentes administracións públicas, co obxectivo de facerlles chegar unha proposta de máis recoñecemento obxectivo de uso da propia lingua no ámbito universitario.

O Servizo de Normalización Lingüística realizou máis de **5.000** xestións de asesoramento durante o 2012.

8. Biblioteca universitaria

- A **Biblioteca da UDC** está estruturada en:
- A Biblioteca Xeral, situada no edificio Xoana Capdevielle, Campus de Elviña
 - A Biblioteca da Casa do Patín, situada no Campus de Esteiro
 - As bibliotecas dos centros


É dicir, a Biblioteca da UDC está formada por un total de 17 bibliotecas que ofertan 86 postos bi-

bliográficos, complementados con 1.175 postos dispoñibles nas aulas de docencia, 1.546 postos dispoñibles nas aulas de estudo e 583 postos dispoñibles nas aulas net.

Presentamos nos seguintes gráficos a evolución dos indicadores vinculados á biblioteca, desde o curso académico 2009/2012 ata o curso académico 2011/2012, así como desde o ano 2010 ata o ano 2012.

Evolución dos indicadores da Biblioteca Universitaria

Gráfico 57



Evolución do uso dos servizos da Biblioteca Universitaria

	2010	2011	2012
Entradas ás bibliotecas	1.716.712	1.650.000	1.209.345
Préstamos de libros	574.060	566.700	583.100
Busca en recursos electrónicos de pago/licenza	205.223	365.296	439.607
Consultas textos de recursos electrónicos de pago/licenza	153.774	192.442	277.780
Visitas á páxina web	723.950	742.000	546.931
Consultas ao catálogo	1.327.832	1.675.539	1.142.339
Documentos solicitados a centros externos	4.477	4.495	4.689
Documentos subministrados a centros externos	1.033	1.122	1.238
Formación de usuarios: sesións formativas	83	69	93
Formación de usuarios: número de asistentes	2.510	2.197	2.403

Táboa 9

Evolución dos indicadores cuantitativos básicos da Biblioteca Universitaria

	2010	2011	2012
Metro cadrado / usuario	0,54	0,56	0,56
Estudantes / posto de lectura	7	7	7
Incremento de monografías / usuario	1	1	1
Visitar / usuario	69	67	50
Préstamos / usuario	23	23	24
Visitas á páxina web / usuario	29	30	22
Consultas ao catálogo / usuario	53	68	47
Préstamos interbibliotecarios / investigador	2	2	2

Táboa 10

Evolución dos indicadores cuantitativos básicos da Biblioteca Universitaria


	2010	2011	2012
Gasto en adquisicións / usuario	103	114	89
Gasto en revistas e bases de datos / usuario	566	787	559
% de gastos en monografías	37	35	24
% de gasto en recursos electrónicos sobre o total	32	40	41

Táboa 11

No referente aos recursos da biblioteca da UDC reflíctense nos seguintes gráficos.


Evolución da colección da Biblioteca Universitaria

Gráfico 58




Evolución dos recursos electrónicos accesibles da Biblioteca Universitaria (UDC e BUGalicia)

Gráfico 59



Evolución do investimento en recursos bibliográficos e documentais

Gráfico 60



9. Actividades de extensión universitaria

O deporte e a cultura son parte fundamental da formación integral dos estudantes e da oferta dunha universidade moderna. Por iso realizamos un esforzo especial nesta área, aberta en moitos casos a toda a comunidade universitaria e á sociedade en xeral.

9.1. Cultura

Anualmente, a nosa programación cultural abrangue un amplo espectro de actividades e aspira a darlles resposta a aquelas demandas provenientes da comunidade universitaria, destacando as exposicións fotográficas e pictóricas, festivais musicais, obras de teatro e danza, ciclos de cine e talleres. No Informe do reitor ao Claustro 2012 encóntrase unha relación das principais actividades promovidas neste ámbito.

Pero se algo caracterizou o ano transcorrido foi a apertura e posta en marcha do Centro Cultural Universitario no Campus de Ferrol, pensado para darlles cabida a actividades deportivas, culturais e de voluntariado; e pola capacidade de convocatoria do espazo Normal (Campus A Coruña), como centro organizativo para mostrar a nosa aposta por unha cultura alternativa e innovadora.

Pola súa banda, o Consello Social da UDC, en colaboración coa Fundación Centro Internacional de Estampa Contemporánea (CIEC), convocou o II Certame de Creación Gráfica para novos artistas. O labor é fomentar a traxectoria artística en Galicia, estimulando a creatividade dos mozos que durante a súa etapa de formación destaquen por demostrar aptitudes especiais

no ámbito das artes gráficas.

Tamén é de mencionar a Cátedra Jorge Juan, creada no ano 1993, segundo un convenio de cooperación co Ministerio de Defensa. É unha institución cultural que fomenta actividades e conferencias relacionadas coas seguintes áreas de coñecemento: Humanidades, Navegación e Construción Naval, Dereito, Economía, Enxeñaría e Arquitectura.

9.2. Deportes

A oferta anual é diversa e moi completa en todos os ámbitos: deporte individual, deporte colectivo, deporte recreativo e competicións deportivas, o cal permitiu que preto do 13% da comunidade universitaria desenvolvese algún tipo de actividade deportiva durante o ano 2012.

Entre as múltiples actividades da área de deportes son destacables as seguintes:

- Organización de 40 actividades formativas, entre escolas deportivas, cursos deportivos, actividades náuticas e cursos de formación.
- Nova sala de Fitness, localizada na planta baixa do Centro Cultural Universitario do Campus de Esteiro (Ferrol).
- Acordo de colaboración para o uso das instalacións deportivas da Xunta de Galicia (Elviña, Sardiñeira e Agra II).

- Acordos de colaboración cos concellos de Ferrol e de Narón para o uso das piscinas de Caranza, Esteiro, A Malata e A Gándara.
- A organización do Día do Deporte no Campus de Ferrol e a entrega dos Premios UDC Deportes.
 - O Premio UDC Deportes 2012 foilles outorgado ás regatistas na categoría Elliot 6 m, Támara Echegoyen e Sofía Touro.
 - A Mención Especial UDC Deportes 2012 outorgóuselle ao taekwondista de elite Marco Carrreira.
- 1.500 estudantes participantes nas ligas universitarias internas.
- Máis de 200 representantes da UDC nos Campionatos Galegos Universitarios.
- 115 deportistas da UDC participaron nos Campionatos de España Universitarios.
- A UDC participou en 15 campionatos organizados polo Consello Superior de Deportes, sendo unha das maiores participacións no ámbito estatal.
- Nas competicións internacionais destacou a participación da UDC nos Campionatos Galaico - Durienses das tres universidades galegas e das tres universidades do norte de Portugal (Minho, Porto e Utd), que se realizaron nas cidades de Valença e Tui.
- Nos deportes federados, a UDC segue estando representada con equipos propios como é o caso do voleibol feminino e o tiro con arco. E, noutras modalidades, mantivéronse os convenios de colaboración, tal e como acontece con:
 - Sporting Universidad e a Victoria C.F, de fútbol.
 - Crat, de rugby.
 - Basket Coruña e o Universitario de Ferrol, de baloncesto.
 - OAR Balonmán, de balonmán.
- No ámbito das actividades na natureza participaron preto de 250 persoas.

O esforzo de todos os deportistas que representan a UDC permitiu acadar o seguinte palmarés no ano 2012:

Palmarés da UDC, 2012		
Deportista	Competición	Medalla
Manuel Uriz Corral	Xavelina	Ouro
Begoña Garrido Barro	800 m lisos	Bronce
Francisco J. Sieira Rodríguez	Taekwondo 87 kg	Ouro
Sabela Lonja Dios	Taekwondo 73 kg	Ouro
Aurora Pérez Fernández de Córdoba	50 m braza 100 m braza 200 m estilos	Ouro Ouro Bronce
Ana M. ^a Vidal e M. ^a José Corral Bouza	Voleipraia	Bronce

Táboa 12

9.3. Actividades complementarias

Outras actividades son organizadas pensando nos máis novos (nenos e nenas de entre 4 e 12 anos), e foron as seguintes:

- Os campamentos multideportivos de verán en distintas modalidades
- O “XIII Campus Mauro Silva”, cun total de 175 nenos
- Os campamentos de inglés cun total de 142 nenos, un 16,19% máis que no ano 2011

Case o **13%** do alumnado participou nalgún tipo de actividade deportiva.

10. Novas tecnoloxías (TIC)

A UDC aposta de forma clara polas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), co obxectivo de desenvolver novas formas de traballo e educación, ampliar o potencial das nosas redes de investigación, facilitar as xestións coa institución, difundir coñecemento e mellorar a eficiencia e os custos operativos entre outros.

Baseándose niso, mantivemos unha aposta clara polo uso das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), apoiando o Servizo de Informática e Comunicacións (SIC), como órgano responsable da súa organización, o que nos levou a ser unha das universidades líderes na materia. Os servizos que prestou o **Servizo de Informática e Comunicacións** (SIC) ao longo do ano 2012 estrutúranse en seis áreas.

10.1. Información

- Novo deseño e estrutura da web corporativa. Mellora do acceso á información a través dunha estrutura máis comprensible orientada á comunidade universitaria.
- Novo aplicativo para a xestión de actividades deportivas e culturais con inscrición e pagamento a través da internet.
- Xestión de case 100.000 contas de correo electrónico da comunidade universitaria.
- Xestión de máis de 57.000 notificacións por vía SMS para a xestión universitaria, especialmente as notificacións de notas.

10.2. Investigación e bibliotecas

- Implantación do novo módulo de xestión de identidade a través de SIR - Rediris para a aplicación de préstamo interbibliotecario SOD-GTBIB.
- Posta en marcha do proxecto de desenvolvemento da nova versión da aplicación de Xestión Curricular da Investigación (SUXI-XC 3.00) no Sistema Universitario de Galicia (SUG), a través do CIXUG.

10.3. Rede de comunicacións

- Instalación e posta en marcha da infraestrutura de conexión á nova rede óptica de alta capacidade

de para a investigación RedIrisNova con enlaces 10 G.


- Posta en marcha do CPD de redundancia na Reitoría.
- Despregamento da infraestrutura física de conexión á rede de comunicacións de novos edificios CITIC2, CICA e Área Científica.
- Implantación das oficinas para a emisión e xestión de certificados dixitais das autoridades de certificación Clase 2 e Administración pública, grazas á sinatura dun convenio coa Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE) e coa Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT).
- Proxecto piloto de gravación multimedia de clases para difusión na plataforma de televisión en internet da UDC.
- Instalación do Centro de Despregamento no Centro de Investigacións Tecnolóxicas da Información e das Comunicacións (CITIC).
- Instalación das redes de voz e datos na Universidade Sénior (en Normal).

10.4. Innovación tecnolóxica

- Soporte na versión 1.9 de Moodle, ao aplicativo de Avaliación Docente e ás solicitudes de enquisas universitarias autenticadas.

10.5. Servizo internet e intranet

- Posta en marcha dun sistema antispam baseado en software libre.
- Actualización á última versión do servizo de listaxes de distribución sobre a plataforma open-source Sympa e integración con CAS da UDC.
- Melloras no sistema de copia-restauración de contas de correo que permite unha maior e máis eficiente xestión tanto do proceso de salvagarda de datos coma de restauracións baixo demanda.




- A estrutura corporativa de backup almacena semanalmente preto de 24 TB de datos procedentes de máis de 100 máquinas de infraestrutura da UDC. No sistema existen 2 robots de fitas magnéticas (LTO4 e LTO5) administrados dende o Departamento de Sistemas.
- Sistema Xestor de Base de Datos SQL Server. O sistema dálles soporte a máis de 35 bases de datos e manexa arredor de 1 TB de información. Neste sistema encóntrase algunha das bases de datos máis importantes para o funcionamento da institución.
- Servidor FTP Corporativo. Diseñado inicialmente para os servizos de investigación, permite o intercambio seguro de arredor de 100 GB de importantes informacións científicas con diferentes empresas tecnolóxicas.
- Directorio Activo. No dominio existen uns 37.000 usuarios que poden “loguearse” en máis de 1.500 máquinas formando parte dalgún dos aproximadamente 500 grupos existentes. Estes usuarios acceden a máis de 300 recursos compartidos manexando preto de 3 TB de información.
- Actualización da plataforma de virtualización de servidores baseado na versión Vmware Vsphere 5. Actualmente encóntranse virtualizados o 80% dos servidores da UDC.
- Actualización da wiki corporativa (<https://wiki.udc.es>) que permite a colaboración entre diver-

- sos departamentos da UDC para facilitarlle información á comunidade universitaria.
- Implantación da nova infraestrutura master-slave de servidores de bases de datos MySQL server.
 - Instalación dunha nova plataforma de bases de datos Oracle da versión 11 G para migracións das aplicacións de persoal e Sorolla.

Presentamos no seguinte gráfico a evolución das actuacións neste ámbito do Servizo de Informática e Comunicións (SIC), dende o ano 2010 ata o ano 2012.

Evolución da rede WiFi
Gráfico 61



10.6. Xestión económica e administrativa

- Implantación do portal económico. Permítelles consultar ao persoal e aos estudantes os seus datos económicos; aos investigadores, o estado dos seus proxectos; aos equipos directivos, os seus centros de gasto; e aos provedores, o estado das súas facturas.
- Tramitación electrónica. Destaca o impulso que lle demos á implantación da administración electrónica, para o que puxemos as bases normativas, recursos e formación precisa para o seu futuro desenvolvemento:
 - Implantación da nova versión de Flexia, mediante a implementación de dous novos trámites de solicitudes electrónicas en tecnoloxía web 100% HTML e da nova aplicación de Rexistro de E/S tanto no Rexistro Xeral, coma nos auxiliares en centros e en departamentos.
 - Modificación da parametrización da nómina para adaptala ao Real decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.
 - Implantación dunha plataforma de sinaturas de actas académicas cun programa piloto, que permitiu que o 20% das actas fosen asinadas dixitalmente.

Outras actuacións do Servizo de Informática e Comunicacións (SIC) son as que presentamos a continuación, mostrando a evolución dos seus resultados, desde o ano 2010 ata o ano 2012.

	2010	2011	2012
Núm. de tarxetas universitarias emitidas ou renovadas	7.789	6.657	7.338
Núm. de PDI - PAS que empregan a wiki corporativa	170	230	340
Núm. de web aloxadas no servidor corporativo	218	229	221
Núm. de departamentos con web aloxada	38	32	33

Táboa 13

11. Formación continua


Desde hai anos, contamos cunha ampla oferta de formación complementaria ás ensinanzas regradas, co obxectivo de mellorar coñecementos, habilidades e competencias dos membros da comunidade universitaria, desde unha perspectiva social e ligada ao emprego, en calquera momento da vida.

11.1. Formación informática

A oferta de cursos da **Aula de Formación Informática** (AFI) foi adaptándose ao longo destes anos á demanda social, tanto aos novos plans de estudo coma ao novo contexto socioeconómico, ata contar co número e a variedade actual de cursos, os cales están avalados por un alto grao de satisfacción da comunidade universitaria. A oferta e evolución preséntase a continuación.


Evolución da oferta da formación da Aula de Formación Informática

Gráfico 62



Evolución dos estudantes da Aula de Formación Informática

Gráfico 63



	2011	2012
% estudantes de 1º ciclo	37,61%	49,20%
% estudantes de 2º ciclo	43,59%	32,09%
% estudantes de 3º ciclo	2,56%	2,67%
% estudantes de programa mestrado	1,28%	0,53%
% de PDI	2,99%	2,67%
% de PAS	7,69%	9,63%
% usuarios alleos á comunidade universitaria	4,27%	3,21%
TOTAL	100%	100%

11.2. Formación en idiomas

Durante o ano 2012 o número de matriculados no Centro de Idiomas incrementouse nun 31% con relación ao ano 2011, cun total de 3.402 estudantes. Esta suba na demanda respondeu, entre outras razóns, a circunstancias especiais relacionadas cos requisitos de acreditación de nivel para realizar estudos en universidades estranxeiras.

O Centro de Idiomas tamén é unha das sedes na que se pode realizar o exame International English Language Testing System (IELTS), un sistema que incorpora as tendencias máis actuais en avaliación lingüística, froito da colaboración entre Cambridge ESOL, British Council e IDP-Education -IELTS Aus-


tralia. Nesta liña, recibimos o aval para expedir certificados do título B1 de inglés durante os anos 2012 e 2013.

Como en anos anteriores, organizamos, en colaboración co Centro de Formación de Profesorado do Instituto Cervantes, un curso intensivo de ensino de idiomas Introducción ao Ensino de Idiomas Estranxeiros, con 40 estudantes de segundo ciclo interesados en iniciaren a súa formación como profesores de segundos idiomas.

Por outro lado, realizamos un taller por mor da posta en marcha da certificación da Asociación de Centros de Linguas no Ensino Superior (ACLES), titulado “As probas orais dentro do Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas”


Evolución dos estudantes no Centro de Idiomas

Gráfico 64




Evolución dos estudantes de segundos idiomas no Centro de Idiomas

Gráfico 65



	2008/2009	2009/2010	2010/2011	2011/2012
Núm. de estudantes de alemán	131	175	330	679
Núm. de estudantes de francés	219	233	263	287
Núm. de estudantes de inglés	699	922	1.229	1.551
Núm. de estudantes de italiano	214	219	245	281
Núm. de estudantes de portugués	86	82	100	232
TOTAL	1.409	1.709	2.250	3.030



A SOCIEDADE E O MEDIO

Unha das cuestións que diferencian unha organización que asume un compromiso de responsabilidade social, como o fixemos na UDC, é atender os intereses daqueles grupos que están máis alá do ámbito co que se ten relación directa, como a sociedade. Por iso, escoitar, entender, atender e responder ás inxerencias da sociedade que nos acolle e apoia, convértese nun valor diferencial que require unha dedicación especial para acadar resultados positivos.

Do mesmo xeito, un dos compromisos substanciais e diferenciais da responsabilidade da UDC é a protección do medio e dos seres vivos que o integran, garantíndolles que atendemos ás súas necesidades, e que temos en consideración as necesidades das xeracións futuras, sendo eficaces no uso dos recursos.

Ante ambos os dous retos, desenvolvemos unha preocupación e un esforzo singular, con organismos e persoas dedicados de forma expresa a estes labores, e co apoio de toda a comunidade universitaria.

1. A sociedade

1.1. O Consello Social


O Consello Social da UDC é o órgano que garante a participación da sociedade no goberno da Universidade. A súa achega e o seu labor son fundamentais dende a perspectiva da responsabilidade social universitaria, pois actúa en dous eixes principais: por un lado, recolle as inxerencias e intereses de todos os grupos de interese da sociedade civil e empresarial, trasladándollos á Universidade para axudar a impul-

sar a súa estratexia e mellorar o seu goberno. Por outro lado, pon en valor ante a sociedade o papel e o compromiso da nosa institución co desenvolvemento social e económico do seu ámbito e garante, ante ela, o desempeño correcto dos labores que esta ten encomendados.

O Consello Social da UDC desenvolve o seu compromiso social, traballando de forma planificada, co fin de xerar valor para todos os grupos de interese.

1.2. Cooperación co desenvolvemento e voluntariado

Unha parte substancial da escoita e atención á sociedade vai dirixida a aqueles máis desfavorecidos e necesitados. Para iso, a Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) promove e xestiona diversos proxectos de voluntariado e acción social, en coordinación con diferentes entidades locais de índole social. Un equipo de 9 persoas, con gran vocación e compromiso, desprega unha ampla actividade e este organízase en cinco áreas de actuación:



Imaxe 12. Cooperación e voluntariado na UDC.

a. Sensibilización

O seu propósito é potenciar a súa participación activa na transformación social da comunidade local a través das diversas actividades de voluntariado.

b. Cooperación co desenvolvemento

O fomento da cooperación co desenvolvemento entre a comunidade universitaria e o conxunto da sociedade galega levou á Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) a desenvolver os seguintes proxectos.

Proxectos de coñecemento da realidade

Co fin de que os estudantes poidan poñer en práctica os seus coñecementos no marco da cooperación co desenvolvemento, fíxose a convocatoria de proxectos por sexto ano consecutivo. Con ela fináncianse os gastos do desprazamento ao país de destino, o segu-

ro de viaxe e a xestión e coordinación do proxecto aos estudantes participantes. No ano 2012 aprobáronse 10 proxectos, fronte aos 6 do ano 2011.

No marco deste proxecto, destacou a iniciativa levada a cabo en colaboración coa ONG Solidaridad Gallega e as empresas Pescanova, Talleres Reunidos Beges e Transportes Benito Vega Martínez, pola cal doaron 24 mesas de estudo, 48 cadeiras e 232 cadeiras de palla para as aulas e o salón de actos do Instituto de Las Segovias en Nicaragua. Ademais, iniciouse unha colaboración para crear unha universidade pública na zona, co fin de facer partícipes o PDI e o PAS como intermediarios na creación de contidos e titulacións que se impartan nesta universidade.

Proxectos de coñecemento en cooperación

Os proxectos de coñecemento en cooperación, destinados ao PDI e ao PAS, convocáronse por primeira vez no ano 2012. Cunha dotación de 15.000 € e cunha par-



ticipación de 2 PAS e 3 PDI, estes proxectos consistiron en estadias de ata o máximo dun mes en países en vías de desenvolvemento, seguindo a liña dos proxectos de coñecemento da realidade.

Actividades con outros axentes de cooperación galega

Na busca de colaboración con outros axentes de cooperación galega e co fin de establecer sinerxías que acheguen maior calidade ao traballo de ambas as dúas, organizáronse diversas actividades: xornadas, coloquios, talleres, seminarios, etc. con diversos axentes sociais: Ingeniería sin Fronteras - Galicia, InteRed Galicia, Entreculturas, Solidaridad Internacional Galicia, Ayuda en Acción, Médicos sin Fronteras, Coordinadora Galega das ONG de Desenvolvemento.

Sinalamos como novidade a nosa participación como socios colaboradores no Programa Erasmus Mundus “Consolidando os Estudos e Práctica sobre Economía Social e Capital Social en Educación Superior”, coordinado pola Universidade de York; e a colaboración coa Deputación da Coruña para a participación no “Proxecto Europeo Volwe”, que pretende analizar en diferentes países da Unión Europea a relación entre a Administración pública e as organizacións de voluntariado.

c. Voluntariado

A traxectoria da Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) permite que a UDC presente un amplo catálogo de actividades de voluntariado, cuns moi bos resultados de participación.

Na Coruña, participaron un total de 140 voluntarios nas seguintes actividades:

Hospitais:

- Proxecto de colaboración no Hospital Oncolóxico Rexional: 10 voluntarios
- Proxecto de voluntariado no Hospital Materno Infantil: 25 voluntarios

Menores:

- Proxecto en colaboración co Centro de Acollda de Menores de Bañobre: 25 voluntarios
- Proxecto de voluntariado no barrio do Portiño: 25 voluntarios
- Proxecto de voluntariado no poboado das Rañas: 7 voluntarios
- Proxecto de voluntariado E agora que? “: 3 voluntarios

Exclusión social:

- Proxecto en colaboración co Fogar de Acollida de Homes Sor Eusebia: 4 voluntarios
- Proxecto en colaboración co Fogar de Acollida de Mulleres Santa Lucía: 2 voluntarios
- Proxecto en colaboración coa Cociña Económica: 2 voluntarios
- Proxecto de voluntariado con persoas sen fogar: 10 voluntarios

Persoas con discapacidade:

- Proxecto de colaboración coa Confederación Galega de Minusválidos (COGAMI): 2 voluntarios.

Inmigrantes:

- Proxecto de formación para persoas inmigrantes: 8 voluntarios

Educación para o desenvolvemento:

- Proxectos de sensibilización da comunidade universitaria: 17 voluntarios

E, en Ferrol, participaron un total de 35 voluntarios nos seguintes proxectos:

Hospitais:

- Proxecto de acompañamento no Hospital Arquitecto Marcide: 3 voluntarios

Menores:

- Proxecto de voluntariado en apoio escolar a menores en risco de exclusión social coa asociación Ramiñahui: 4 voluntarios

Exclusión social:

- Proxecto de formación en informática para mulleres en risco de exclusión social: 6 voluntarios
- Proxecto de voluntariado na aula de cultura do Centro Penal de Teixeira: 5 voluntarios

Diversidad funcional:

- Proxecto en colaboración co Centro de Atención ao Minusválido Físico (CAMF): 7 voluntarios

Malores:

- Proxecto en colaboración coa Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer (AFAL): 2 voluntarios
- Proxecto de colaboración coa residencia de maiores Geriatros: 2 voluntarios

Educación para o desenvolvemento:

- Proxecto de sensibilización da comunidade universitaria: 6 voluntarios

Ademais, a Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) realizou outras colaboracións coas seguintes entidades.

Administración pública:

- Concello da Coruña
- Concello de Ferrol
- Deputación da Coruña

Universidade da Coruña:

- Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE)
- Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX)
- Oficina de Medio Ambiente (OMA)
- Área de Cultura UDC
- Oficina de Relacións Internacionais (ORI)
- Equipo de Socioloxía de Migracións Internacionais (ESOMI)



d. Formación

O obxectivo da oferta formativa é que os voluntarios sexan persoas formadas, non só no campo concreto do voluntariado, senón tamén en ámbitos tan relevantes e útiles para unha futura vida profesional, como son os da comunicación e das habilidades sociais.

A continuación detállase a relación dos cursos recibidos tanto polos nosos voluntarios, co obxectivo de fomentar a súa formación continua, como polo persoal propio da Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV), co obxectivo de mellorar a calidade do servizo prestado.

Relación de participantes nos cursos impartidos pola Oficina de Cooperación e Voluntariado

Título	Número
A perspectiva de xénero na participación social a través do voluntariado e a cooperación	30
II Xornada sobre chabolismo e infravivenda na cidade da Coruña	22
III Xornada as persoas sen fogar, unha realidade en voz	81
Curso básico de voluntariado	84
Curso de atención ás persoas con diversidade funcional e os maiores desde o voluntariado	28
Curso de habilidades sociais con persoas con discapacidade	45
Técnicas de improvisación para persoas voluntarias orientado á intervención con bebés menores de 3 anos	21
Curso de persoas mediadoras da saúde e prevención en drogodependencias	25
Curso de voluntariado en contexto penitenciario	15
Risoterapia aplicada ao voluntariado hospitalario	34
X Xornadas de sensibilización sobre inmigración e interculturalidade: modelos de intervención social e sanitaria	48
Taller de psicoloxía oncolóxica	14
Curso de iniciación á cestería	11
NÚMERO TOTAL	459

Táboa 14

175 voluntarios en 23 proxectos de voluntariado.



e. Comunicación e difusión

A integración de todas as persoas que traballan baixo a coordinación da Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) foi posible grazas á mellora da comunicación tanto interna coma externa desta, a través do emprego dos seguintes medios informativos.

- Páxina web propia: www.udc.es/ocv.
- Intranet.
- Reunións periódicas, internas e externas, para mellorar a coordinación e a captación de máis colaboracións.
- Redes para promover o asociacionismo e fomentar a colaboración interasociativa:
 - Rede de Educación para o Desenvolvemento (RED). Punto de encontro do profesorado e do persoal investigador interesado nas temáticas de traballo da Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV).
 - Rede de Asociacións e Colectivos Universitarios (RACU). Punto de encontro das diferen-

tes asociacións e grupos de estudantes, co fin de facilitar e axilizar a comunicación entre eles.

- Redes sociais - Facebook: "Ocv Udc" con preto de 650 seguidores.
- Boletín informativo semanal a todos os colaboradores.
- Taboleiro de anuncios físico nas dúas oficinas.
- Encontros informais como a "Festa Solidaria", co fin de favorecer as relacións entre os colaboradores.
- Presenza nos medios de comunicación (radio e TV locais).

No ano 2012, a Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) estivo dotada con 121.400 € de presuposto, do cal un 21% foi achegado por INDITEX, grazas á sinatura dun convenio de colaboración cuxo obxecto era o desenvolvemento do proxecto "E agora que?" posto en marcha no Centro de Menores de Bañobre.

1.3. Igualdade de oportunidades

Asegurar a igualdade de oportunidades fomentando a integración social das persoas con discapacidade, así como a eliminación das referencias de xénero é un dos nosos labores.




Imaxe 13. Igualdade de oportunidades na UDC.

a. Igualdade de xénero

A creación da **Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX)** tomou como marco lexitimador a defensa do principio de igualdade entre homes e mulleres. Conta cun Consello Asesor que permite implicar a toda a comunidade universitaria na súa toma de decisións e na súa organización de actividades. A súa composición, sendo un 58,3% dos seus membros mulleres, é a seguinte:

Composición do Consello Asesor da Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX)

Gráfico 66



A través da Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX) velamos por acadar a plena incorporación das mulleres en todos os ámbitos de actuación. Iso supuxo o desenvolvemento das seguintes actuacións durante o ano 2012:

- Diagnóstico sobre Igualdade de Xénero na UDC, cuxa elaboración comporta as seguintes vantaxes:
 - Asunción da responsabilidade da universidade como creadora e difusora de cultura.
 - Aumento da motivación e o compromiso do persoal co traballo.
 - Aproveitamento do potencial e das capacidades de todo o persoal.
 - Valorización das mulleres como colectivo e como individuos.
 - Coidado da imaxe da UDC.
 - Aumento da competitividade da UDC nun mundo global.
- Convenios de colaboración:
 - Coa Federación Scout ASDEGA (ASDE-scouts de Galicia) para executar o proxecto "Camiñando hacia la igualdad" (Camiñando cara á igualdade), cuxo obxecto era a promoción da convivencia e a igualdade entre a xente nova a través da educación en valores.
 - Coa Fundación Ayuda en Acción para desenvolver o proxecto: En Acción pola Igualdade dentro da convocatoria de actividades de educación para o desenvolvemento, convocada pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea da Xunta de Galicia.

- Cursos e xornadas:
 - III Xornadas Muller e Ciencia
 - III Ciclo de Conferencias de Xénero, Actividade Física e Deporte
 - Seminario Internacional sobre Xénero, Transnacionalismo e Desenvolvemento
 - A perspectiva de xénero na participación social a través do voluntariado e a cooperación, en colaboración coa Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV)
 - “En acción contra a violencia de xénero”, en colaboración con Ayuda en Acción
 - Curso de verán “Emprender: unha perspectiva de xénero”

Pero, sen dúbida, a actividade máis destacable do ano 2012 foi a creación do **Centro de Estudos de Xénero e Feministas** (CEXEF), o cal marcará un punto de inflexión nos traballos que debe desenvolver a Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX). Concibido como un espazo de investigación de carácter aberto e multidisciplinar, daralles cabida a todas aquelas persoas que desenvolvan liñas de investigación nesta materia. Pretende ser, tamén, un espazo de formación no que se desenvolverán cursos que sirvan de apoio tanto á actividade investigadora como á práctica profesional neste ámbito.

b. Atención á diversidade

O traballo neste ámbito é responsabilidade da **Unidade de Atención á Diversidade** (ADI) do **Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa** (CUFIE), que ten como obxecto facilitar a plena integración da comunidade universitaria que, por razóns físicas, sensoriais ou socioculturais, experimenten dificultades ou barreiras externas a un acceso apropiado e igualitario á vida universitaria. O obxectivo é facilitarlles as mesmas oportunidades a todos os membros da comunidade universitaria, traballando por suplir, na medida do posible, as posibles carencias físicas ou psíquicas que poidan padecer parte destes.

Para cubrir as necesidades específicas que presenta a comunidade universitaria neste ámbito levamos a cabo as seguintes actuacións:

- Ampliación do banco de recursos de material adaptado para persoas con diversidade funcional.
- Exención de taxas, da que gozaron 146 estudantes (52,05% mulleres), o que representou un total


de 86.369,99 € destinados ao pagamento destas matrículas.

- Investimento de 51.656 € en transporte adaptado e asistencia persoal. Para este investimento, tivéronse en conta as necesidades que poida presentar unha persoa con mobilidade reducida dentro do seu centro, mellorando a accesibilidade ás instalacións e o acceso dalgunhas liñas de transporte público. Atendeuse un total de 14 usuarios (42,85% mulleres), destacando que un estudante participante no Programa Erasmus puido beneficiarse destes servizos.

Presentamos no seguinte gráfico a evolución do número e o importe das axudas outorgadas para a atención á diversidade desde o ano 2010 ata o ano 2012.

Evolución do programa de axudas para a atención á diversidade

Gráfico 67



Prestándolle apoio ao labor de **Unidade de Atención á Diversidade** (ADI), contamos coa **Oficina de Atención Multicanal** (OAM), proxecto da Fundación ONCE, cuxos obxectivos principais son:

- Incrementar o acceso das persoas con algún tipo de discapacidade ao ensino superior, facilitándolles a elección de estudos en función das súas aptitudes.
- Reducir a taxa de abandono, coñecendo os recursos ao seu alcance para mellorar a súa adaptación á universidade.
- Mellorar a inserción no mercado laboral dos titulados, accedendo aos proxectos da ONCE encamiñados a posibilitar contratos con empresas.



1.4. Comunicación

Sendo como somos, xeradores de coñecemento, innovación e cultura, e abertos á sociedade, a comunicación convértese nunha ferramenta imprescindible para poñer as nosas capacidades e actividades ao servizo da sociedade.

O **Gabinete de Comunicación** canaliza e centraliza toda a actividade oficial da UDC, sendo os datos máis significativos do ano 2012 os seguintes:

- Elaboración de resumos de prensa diarios con noticias relacionadas coa UDC e a I+D, a disposición de todos os usuarios da páxina web da UDC en aberto.
- Presenza en 204 xornais e 246 revistas en soporte papel, grazas ás 363 notas de prensa enviadas aos medios de comunicación.
- Edición da revista **Universidad&Sociedad (U+S)**. Distribúese entre toda a comunidade universitaria a través do correo electrónico, a páxina web da UDC, as redes sociais e en edición imprimida (9 200 exemplares).
- Emisión, por primeira vez, de varios programas de radio desde o Campus de Ferrol, e realización dunha cobertura especial con motivo da exposición “A Universidade coa Empresa” no Obelisco da Coruña e nos Cantóns de Ferrol. Realizáronse un total de 12 programas de radio producidos en directo desde as nosas instalacións, en colaboración con Radio Coruña-Cadena SER e Radio Voz.
- Difusión de 15 975 exemplares da guía “Uns cantos argumentos para elixir” entre os aspirantes que van ingresar na UDC, tanto en probas de acceso, coma en feiras de educación.
- Inserción de banners de publicidade en distintos medios dixitais. Destaca o da páxina web de La

Voz de Galicia entre os meses de abril e xuño, cun total de 65 insercións. Tivo unha repercusión de 19 212 287 impresións, que se traduciron en 5.590 clics directos á páxina web da UDC.

- Desenvolvemento dunha estratexia de comunicación nas redes sociais, que permitiu contar con 9.371 seguidores en Twitter e 5.690 amigos en Facebook.

A xestión da páxina web da UDC permitiu que alcanzase, no ano 2012, a posición número 16 na clasificación web de universidades españolas e o posto número 315 na clasificación web mundial, tal e como o reflicte o informe realizado polo Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC). Esta clasificación é de notable relevancia xa que acada a todas as institucións de educación superior de todo o mundo, de acordo coas prestacións académicas e de investigación, prestixio, visibilidade internacional e compromiso coas políticas de acceso aberto.

O Consello Social da UDC, en colaboración coa Fundación Universidade da Coruña (FUAC), puxo en marcha no ano 2009 o proxecto **Red Amiga UDC**. Esta iniciativa concibiuse como espazo de comunicación aberto e continuo no que a comunidade universitaria tivese a posibilidade de contribuír á construción da relación UDC - Sociedade, a través da participación en redes sociais.

a. Publicacións

O **Servizo de Publicacións** encárgase da xestión do catálogo editorial, cos seguintes resultados no ano 2012:

- Incorporación de 23 volumes e 6 números de publicacións periódicas.
- Posta en acceso aberto, dentro do Repositorio Institucional (RUC), dos números do ano 2011 das revistas da UDC xa incorporadas a esta aplicación.

- Posta en acceso aberto, dentro do Repositorio Institucional (RUC), dos volumes 51-130 da colección “Cursos e Congresos”.
- Xestión da cesión de códigos ISBN propios da editorial universitaria e xestión dos intercambios con outras universidades e institucións.


No Informe do reitor ao Claustro 2012 encóntrase unha relación das publicacións principais da UDC verbo da seguinte clasificación:

- Monografías
- Actas

- Manuais
- Homenaxes
- Nova Terra
- Biblioteca – Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor
- Anexos da Revista de Lexicografía
- Monografías da Revista Gallega de Filología
- Colección de materiais didácticos de Dereito e cine
- Revistas

Sendo a evolución das publicacións a seguinte:

Evolución das publicacións
Gráfico 68



	2009	2010	2011	2012
Núm. de libros publicados	31	21	22	23
Núm. de libros recibidos	1.007	1.101	519	855
Núm. de libros enviados	1.311	1.243	447	748
Núm. de revistas publicadas	10	11	6	6
Núm. de revistas recibidas	436	442	264	412
Núm. de revistas enviadas	1.078	500	729	199

b. Cursos e conferencias

A **Oficina de Cursos e Conferencias** (OCC) é a responsable da coordinación dos cursos, as xornadas, os seminarios, os encontros e os ciclos de conferencias organizados polos centros, os departamentos e a co-


munidade universitaria. Ao longo do ano 2012, subvencionamos un total de 35 actividades, entre xornadas, ciclos de conferencias e cursos de verán.

1.5. Universidade Sénior

A Universidade Sénior naceu no curso académico 2001/2002, co obxectivo de atender a demanda educativa das persoas de máis de 50 anos. Hoxe en día, tras cumprir unha década e facer esforzos na mellora da calidade do plan docente, ofértanse 20 materias e impártense diversos talleres por un claustro composto por 35 docentes. Nestes últimos anos, multiplicouse por seis o número de estudantes. Ademais, no ano 2012, o traslado da súa sede ao primeiro piso das instalacións de Normal posibilitou o incremento de 120 prazas máis na oferta da Coruña.

Presentamos no seguinte gráfico a evolución do número de estudantes da Universidade Sénior dende o curso académico 2009/2010 ata o curso académico 2012/2013.

Evolución dos estudantes da Universidade Sénior
Gráfico 69




Desde os seus inicios, a dimensión europea foi un trazo característico da Universidade Sénior, xa que desde o primeiro ano participou nos programas educativos dentro do actual Lifelong Learning Programme (LLP) da Unión Europea. Grazas a iso, os estudantes da Universidade Sénior compartiron momentos de aprendizaxe con compañeiros de Alemaña, Finlandia e Italia, entre outros países.

Outro atractivo da Universidade Sénior son as actividades complementarias propostas dentro de cada materia: visitas de estudo, xornadas, conferencias e, mesmo, programas de intercambio, así como a oferta sociocultural que se desenvolve fóra das aulas.

Froito deste traballo, a Universidade Sénior conseguiu o recoñecemento das administracións públicas tanto a través da concesión de financiamento, como mediante premios e solicitudes de colaboración e participación en diferentes iniciativas, relacionadas co eixe das persoas maiores. Así, destacan varias liñas de colaboración para poñer en marcha novos proxectos e experiencias como, por exemplo, coa Xunta de Galicia tanto no “Programa de voluntariado dixital” coma na redacción do “Decálogo de dereitos das persoas maiores” ou a “Guía de boas prácticas para o tratamento das persoas maiores nos medios de comunicación”.

En canto ao financiamento, tanto a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia como o Concello de Ferrol renovaron cadanseus convenios de colaboración con esta. Así, presentamos no seguinte gráfico a evolución dos importes de financiamento procedentes da Administración pública desde o curso académico 2009/2010 ata o curso académico 2012/2013.

Evolución do financiamento da Universidade Sénior, (€)
Gráfico 70



1.6. Xestión económica e calidade

a. Xestión económica

O exercicio 2012 estivo marcado polo cambio do equipo de goberno da UDC. Pola resolución reitoral do 26 de decembro de 2011, e ante a non tramitación de novos presupostos pola Reitoría en funcións, prorrogouse o presuposto para o exercicio 2012. Esta circunstancia e as liñas xerais da programación plurianual 2011-2013, tras efectuar no Plan operativo anual (POA) os axustes necesarios das previsións orzamentarias, condicionaron o presuposto definitivo, ata que o 26 de abril do 2012 se foron aprobados os presupostos tramitados polo novo equipo reitoral.

Nun contexto de difícil financiamento público, tanto dos fondos obtidos do Plan de financiamento do Sistema Universitario de Galicia como das axudas para apoiar o colectivo dos estudantes e o ámbito da investigación, a UDC

fixo un grande esforzo para manter as prioridades previstas na Programación plurianual, o que foi posible grazas aos recursos provenientes de exercicios anteriores, froito dunha administración responsable e sustentable.


Neste escenario de diminución continua de recursos públicos, a clave da nosa institución foi incrementar e potenciar a cultura da mellora continua na xestión e na redución do gasto, atendendo, en correspondencia, á mellora da produtividade.

O presuposto 2012 caeu ata os 123,3 millóns de euros, cifra na que non se encontraba a UDC dende o exercicio 2008. Este descenso tradúcese, en termos porcentuais, nunha caída do 4,9%, o que supuxo 6,4 millóns de euros menos.

Presentamos no seguinte gráfico a evolución do presuposto da UDC desde o ano 2003 ata o ano 2012.

Evolución do presuposto da UDC (millóns €)

Gráfico 71



Con relación aos ingresos, fíxose notar a caída das transferencias correntes provenientes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia en 0,9 millóns de euros, pola aplicación dos novos criterios do Plan de financiamento do Sistema Universitario de Galicia. En termos de capital acumulado dende o exercicio 2009, o presuposto da UDC contabilizou aproximadamente 11 millóns de euros. Non obstante, os esforzos de axuste da UDC en exercicios anteriores posibilitaron unha axuda de 7 millóns de euros de fondos propios ao presuposto 2012.

En canto aos gastos, os serios axustes en gastos correntes e bens e servizos no capítulo de investimentos (un 6,7% e un 29,3%, respectivamente, menos que o presupostado o ano anterior) permitiron manter o gasto salarial efectivo do exercicio 2011, cun aumento residual para darlles cabida a conceptos ligados á antigüidade, a un tratamento preferente das bolsas ao colectivo dos estudantes e a completar as provisións para a devolución de anticipos reembolsables.

Presentamos na seguinte táboa a desagregación presupostaria da UDC do exercicio 2012.

Presuposto da UDC					
INGRESOS	2011	%	2012	%	Var. 2011-2012
Capítulo III Taxas, prezos e outros	15.229.554,51 €	11,70%	14.740.900,00 €	12,00%	-3,20%
Capítulo IV Transferencias correntes	84.957.781,60 €	65,50%	83.710.558,32 €	67,90%	-1,50%
Capítulo IV Ingresos patrimoniais	990.000 €	0,80%	693.000 €	0,60%	-30,00%
Capítulo IV Transferencias de capital	16.966.275,17 €	13,10%	17.115.880,48 €	13,90%	0,90%
Capítulo IV Activos financeiros	6.800.000 €	5,20%	7.000.000 €	5,70%	2,90%
Capítulo IV Pasivos financeiros	4.678.403,11 €	3,60%	0,00 €	0,00%	-100,00%
TOTAL DE INGRESOS	129.622.014,39 €	100%	123.260.338,00 €	100%	-4,90%

GASTOS	2011	%	2012	%	Var. 2011-2012
Capítulo I Gastos persoal	88.608.538,83 €	68,40%	87.676.709,59 €	71,10%	-1,10%
Capítulo II Gastos bens correntes e servizos	17.905.694,07 €	13,80%	16.702.656,76 €	13,50%	-7%
Capítulo III Gastos financeiros	32.500 €	0,00%	99.300 €	0,10%	206%
Capítulo IV Transferencias correntes	3.787.490,06 €	2,90%	2.354.242,80 €	2,80%	-8,80%
Capítulo V Fondo de continxencia	250.000 €	0,20%	250.000 €	0,20%	0,00%
Capítulo VI Investimentos reais	18.396.500,22 €	14,20%	12.986.569,87 €	10,60%	-29%
Capítulo VII Transferencias de capital	1.270 €	0,00%	1.270 €	0,00%	0%
Capítulo VIII Activos financeiros	80.500 €	0,10%	90.600 €	0,10%	12,50%
Capítulo IX Pasivos financeiros	559.521,21 €	0,40%	1.995.989,79 €	1,60%	257,30%
TOTAL DE GASTOS	129.622.014,39 €	100%	123.260.338,00 €	100%	-4,90%

b. Cultura de calidade

Como institución pública e no marco do noso compromiso coa calidade e coa mellora continua na xestión, dispoñemos do 100% dos servizos certificados, seguindo un destes sistemas de certificación:

- O modelo European Foundation for Quality Management (EFQM)

- As normas International Organization for Standardization (ISO)
- As cartas de servizos

Presentamos na seguinte táboa de que categoría de certificado dispón cada servizo ou unidade da UDC.

Relación de servizos de la UDC certificados

Servizos da UDC	Certificación				
	EFQM	Carta de servizos	UNE-EN-ISO 9001:2000	UNE-EN-ISO 17025:2005	UNE-EN-ISO 9001:2008
Servizos do Estudante					
Servizo de Asesoramento e Promoción do Emprego (SAPE)					
Servizo de Retribucións, Seguridade e Acción Social					
Servizo de Parque Móbil e Correos					
Servizo de Prevención de Riscos Laborais					
Sección de Protocolo					
Servizo de Normalización Lingüística (SNL)					
Oficina de Relacións Internacionais (ORI)					
Unidade de Estudos Propios de Posgrao (UEPP)					
Servizo de Organización Académica (SOA)					
Sección de Extensión Universitaria					
Área de Deportes					
Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV)					
Servizo de Publicacións					
Oficina de Cursos e Congresos (OCC)					
Servizo de PDI					
Servizo de Arquitectura e Urbanismo (SAU)					
Unidade Técnica de Calidade (UTC)					
Servizos de Apoio á Investigación (SAI)					
Servizo de Biblioteca Universitaria					
Servizo Informático e Comunicacións (SIC)					
Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI)					
Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC)					
Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicións (CITIC)					
Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT)					
Laboratorio de Radioactividade Medioambiental (ETS Enxeñaría de Camiños, Portos e Canais)					
Laboratorio de Materiais (ETS Enxeñaría de Camiños, Portos e Canais)					

Táboa 16



Coma en anos anteriores, realizáronse as seguintes actuacións:

- 4 servizos que renovaron a súa certificación pola Norma UNE-EN-ISO 9001:2008.
- 1 servizo realizou a auditoría de seguimento da súa certificación Norma UNE 166002:2006/9001 (sistemas de xestión de I+D+i).
- 4 laboratorios que realizaron a auditoría de seguimento da súa certificación pola Norma UNE-EN-ISO 9001:2008.
- 2 laboratorios que realizaron a auditoría de seguimento da súa acreditación pola Norma UNE-EN-ISO 17025:2005.

c. Contratación responsable

Achegamos máxima transparencia á nosa actividade contractual grazas ao acceso do “perfil do contratante”, cumprindo cos requisitos establecidos no artigo 53 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, texto refundido da Lei de contratos do sector público e a súa normativa de desenvolvemento.

Para levar a cabo a xestión dos fondos destinados á realización das obras, a adquisición de bens, a contratación de servizos e garantir os principios de liberdade de acceso ás licitacións, a publicidade e a transparencia dos procedementos e a non-discriminación e igualdade de trato entre os candidatos, contamos co labor da **Sección de Contratación do Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica**, como departamento responsable.

2. O medio


O compromiso coa protección do medio e a xestión eficaz dos recursos, respectando as necesidades das xeracións futuras, converteuse nunha acción imprescindible no marco do noso compromiso de responsabilidade social.

A política da UDC nos últimos anos, unida á sensibilidade de toda a comunidade universitaria e ao impulso xestor do equipo da Oficina de Medio Ambiente (OMA),

permitiunos que a xestión sustentable sexa unha das nosas fortalezas.

2.1. Xestión sustentable

A continuación presentamos os cinco ámbitos de traballo sobre os que realizamos a xestión da sustentabilidade na nosa institución, e as principais accións desenvolvidas en cada un deles durante o ano 2012:



Imaxe 14. Sustentabilidade na UDC.

a. Auga

- Redución de consumo de auga embotellada, mediante a instalación de fontes de auga refrixerada en diversos centros, co obxectivo de ofrecer unha subministración de calidade, económica e sustentable, e de reducir os residuos que se xeran co consumo da auga embotellada.
- Aforro de auga, para o cal todos os centros contan con sistemas de aforro de auga, como son as cisternas de descarga interrompida, por exemplo. Para concienciar sobre o seu uso correcto, traballouse nunha campaña de sinalización destes dispositivos mediante adhesivos identificadores nos equipos que dispoñan destes.

b. Biodiversidade e protección de espazos naturais

- Eliminación de flora exótica invasora, a cal é o segundo factor de perda de biodiversidade no ámbito global. O seu coñecemento foi fundamental para o deseño de actuacións encamiñadas a previr a súa aparición e posterior eliminación, nos campus de Elviña e A Zapateira.
- Restauración forestal e o Monte da Fraga. Atravesados polo **río do Castro**, os campus de Elviña e A Zapateira (A Coruña) contan no seu interior

con áreas significativas destinadas á explotación agraria, dada a potencialidade produtiva do seu chan. Ademais da coexistencia entre a actividade agrícola e o espazo urbano, este territorio conta tamén cunha área forestal, o Monte da Fraga, que está a ser reforestado con especies autóctonas en substitución do eucalipto que nas últimas décadas invadira esta área. Nunha primeira aproximación, chegamos a recoñecer unhas 200 especies.

- Hortos e compost. Consolidación do compost in situ dos residuos orgánicos dos comedores da Facultade de Filoloxía e da ETS de Arquitectura. Complementariamente, realizáronse actividades de divulgación do uso do compost en pequenos hortos e de obras de adaptación do espazo destinado ás hortas urbanas, que se prevé que entren en funcionamento na primavera do ano 2013. Iniciouse a elaboración dun plan de xestión de residuos para os campus.

c. Enerxía

- Aforro e eficiencia no uso da enerxía, mediante actuacións de substitución de enerxías convencionais por enerxías renovables.
- Colocación de válvulas termostáticas nos centros cuxas infraestruturas o facían recomendable, co obxectivo de reducir o consumo enerxético e de

mellorar o confort da comunidade universitaria. Cada grao que se reduce a calefacción permite un aforro do 7% no consumo enerxético.

- Diagnóstico enerxético. Coa colaboración da Axencia de Ecoloxía Urbana de Barcelona elaborouse un diagnóstico enerxético. Grazas a este estudo contamos con máis coñecemento da situación actual e da necesidade e os beneficios de adoptar medidas de aforro e promoción de fontes de enerxía alternativas. Os resultados móstranse nun traballo que inclúe a análise dos datos de consumo de distintos tipos de enerxía por edificio e por espazo público.
- Plan enerxético da UDC. Grazas a este plan enerxético establecéronse as condicións para a mellora da eficiencia enerxética nas instalacións e nas edificacións. Para a súa posta en práctica, solicitouse e obtívose a participación no financiamento do Instituto de Enerxía de Galicia (Inega).

d. Mobilidade sustentable

- Estudo “Aproximación á mobilidade no campus universitario”, que lle achega á comunidade universitaria un novo enfoque co que poder abrir un proceso de reflexión sobre os sistemas de desprazamento nos ámbitos urbanos. O estudo avaliaba as características de diferentes percorridos ao Campus de Elviña, co fin de obter conclusións sobre o actual trazado da cidade, as facilidades coas que contan os diferentes medios de transporte (autobús, moto, coche, bicicleta e peón), os seus problemas e as súas virtudes.
- Plan de mobilidade e espazo público UDC. Elaborado pola Axencia de Ecoloxía Urbana de Barcelona, coa participación do Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos (SAU) e da Oficina de Medio Ambiente (OMA), respondeu a un novo modelo de mobilidade integral que pretende mellorar a calidade de vida da comunidade universitaria, mellorando a funcionalidade e a organización do Campus de Elviña e do Campus A Zapateira (A Coruña).

e. Pegada ecolóxica

- No ano 2008 realizouse o “Estudo da pegada ecolóxica da UDC” no marco dun convenio de colaboración asinado coa Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia.

- Exposición “A pegada ecolóxica na UDC”. Esta exposición sobre a pegada ecolóxica xerada pola actividade humana no ámbito global e a nivel particular do persoal da UDC foi organizada en colaboración coa Sociedade Galega de Educación Ambiental (SGEA).
- No ano 2011 desenvolveuse o proxecto “Avaliación das políticas universitarias de sustentabilidade como facilitadoras para o desenvolvemento dos campus de excelencia internacional”. Realizado polo grupo de traballo de avaliación de sustentabilidade universitaria da Comisión Sectorial de Calidade Ambiental, Desenvolvemento Sustentable e Prevención de Riscos da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CADEP-CRUE), o proxecto consistiu na definición dun sistema de indicadores de avaliación das políticas universitarias de sustentabilidade e de diversos modelos de implantación destas políticas, así como na identificación de boas prácticas.



2.2. Coidado do medio

A Oficina de Medio Ambiente (OMA) ten como función principal a de participar na coordinación e realización de diferentes actuacións de tipo ambiental: actuacións de xestión ambiental, de sensibilización e de participación da comunidade universitaria nas cuestións relacionadas co medio.



Imaxe 15. Estrutura da Oficina de Medio Ambiente na UDC.

A Oficina de Medio Ambiente (OMA) organiza as súas actividades arredor de cinco áreas de actuación:

a. Ciclos de conferencias e talleres

- “Responsabilidad Social y Medio Ambiente” // (Responsabilidade Social e Medio). É un ciclo organizado como punto de intercambio de experiencias entre expertos do sector privado e investigadores da Universidade.
- “Primavera Ambiental 2012”. Primeiro ciclo de conferencias no que, grazas á presenza de diferentes expertos, se trataron diversas temáticas como o impacto do lume nas Fragas do Eume, a mobilidade, a calidade do aire, a xestión dos residuos, o aforro enerxético e o aproveitamento da auga.
- Taller de maquetas “Cajas Nido” // (Caixas Niño), realizado na ETS de Arquitectura, organizado coa colaboración da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA).

b. Voluntariado ambiental

- **Proxecto Ríos: inspección e limpeza.**
É unha iniciativa de concienciación, educación e participación social na defensa dos ríos do ámbito da UDC, organizada en colaboración coa Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA). O proxecto fundaméntase na realización de inspeccións do estado dos ríos por parte de grupos de voluntarios, participando na vixilancia e adopción do río. No marco deste proxecto as actividades desenvolvidas foron:

- Conferencia sobre o Proxecto Ríos e a limpeza do río Lagar
- Inspección do río Lagar

- **Eliminación de especies exóticas invasoras no campus.**

Respecto á necesidade de concienciar a comunidade universitaria sobre a problemática da existencia de especies invasoras no Campus de Elviña (A Coruña), desenvóléronse:

- Xornada de inspección de plantas exóticas invasoras na UDC
- Eliminación de plantas exóticas invasoras

- **Limpeza da praia de Canide.**

Poñendo en valor a necesidade de custodiar o litoral e mantelo limpo de todo tipo de residuos, organizouse a limpeza da praia de Canide. Nesta iniciativa participaron 12 voluntarios, os cales recolleron arredor de 250 Kg de lixo, xestionados posteriormente polo Servizo de Limpeza.

c. Proxectos sectoriais

- **Proxecto Sostauga.**

Trátase dun proxecto estratéxico da UDC cuxo obxectivo é poñer en valor a auga e os ecosistemas asociados ao Campus de Elviña e ao Campus da Zapateira (A Coruña), potenciándoos como un elemento clave do patrimonio socio-cultural e ambiental deste territorio, mediante o seu estudo e posterior desenvolvemento de actuacións.

No marco deste proxecto, traballamos no modelo da conca hidrográfica, empregando o “storm water management model (SWMM)” unha aplicación da Administración Nacional Oceánica e Atmosférica (NOAA) xestionada pola Axencia de Protección Ambiental (EPA) dos Estados Unidos, co apoio técnico da Universidade de Oregón.

Este sistema simula a resposta da conca, partindo dos datos de precipitación e outros parámetros meteorolóxicos, así como da caracterización do sistema, para resolver o problema hidrolóxico en superficie e hidráulico nas conducións. O seu emprego permitiranos coñecer en profundidade os fluxos de auga no noso territorio, o que poderá ser aplicado a futuras melloras e remodelacións na rede.

- **III Feira da Sustentabilidade.**

Aproveitando a chegada do Nadal, organizamos a III Feira da Sustentabilidade, coa colaboración da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA). O contexto temporal propiciou e facilitou achegarlle á comunidade universitaria unha mensaxe sobre o comercio responsable, co fin de fomentar o consumo nos negocios locais, o comercio xusto e os traballos artesanais. Para iso, contouse coa colaboración das seguintes entidades:

Artesanía.

- Artesanías de Soedade
- Marybeliña – Artesanía Ilustrada
- La Lupe Pensante
- Rappa Taller Artesán
- Defectos espaciales
- Nené complementos
- La sombrerera loca
- Zig-zag bixutería
- Martina bixutería e complementos
- El escaparate de miss botoness
- Cucamonas artesanía
- AZULTIERRA
- El uno por ciento
- Arte charo
- Precicla



Entidades ambientais

- Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA)
- Asociación Galega de Custodia do Territorio (AGCT)
- Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños (CEMMA)
- Grupo Naturalista Hábitat
- Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN)
- Sociedade Galega de Ornitoloxía (SGO)

Comercio xusto

- Equisol

Solidariedade Internacional

- La dulce Meri
- Proxecto Fiare

Talleres

- A casa dos xogos
- Feito con xeito

d. Campañas

- **Re_Utilizando: 2 caras, 2 usos.**

Enfocada á reutilización do papel e á procura do seu mellor uso, organizouse a campaña Re_Utilizando: 2 caras, 2 usos. A iniciativa consistiu na colocación de caixas de cartón identificadas co logotipo e slogan desta, en puntos estratéxicos da ETS de Arquitectura.



- **Tríptico sobre o consumo de papel e enerxía**
Elaborouse un tríptico para concienciar sobre a problemática do excesivo consumo de papel e enerxía na UDC, e divulgar unha serie de consellos para diminuílo no día a día.
- **Guía para a compra pública de papel**
Dirixida aos órganos de contratación e á comunidade universitaria, o obxectivo prioritario desta guía é concienciar a estes sobre a necesidade de empregar responsablemente o papel, xa que se trata dun dos materiais máis consumidos na UDC.
- **Programa de préstamo de bicicletas**
O préstamo de bicicletas é un programa que se iniciou coa colaboración da Asociación por unha Mobilidade Responsable (Mobi-Liza), co fin de fomentar o uso da bicicleta como o medio de transporte máis empregado entre a comunidade universitaria para poder desprazarse aos diferentes campus da UDC.

Como en anos anteriores, proporcionóuselles unha bicicleta a todos os que presentaron a súa solicitude, tendo en conta os criterios de valoración establecidos. Das 350 solicitudes recibidas, concedéronse e repartíronse entre a comunidade universitaria 120 bicicletas (sendo un 47% para mulleres) da seguinte forma: 81% a estudantes, un 12% a PAS e un 7% a PDI.

En paralelo, realizáronse programas formativos e informativos, coa pretensión de facilitar e in-

- centivar o uso efectivo das bicicletas concedidas, como o taller “Ergonomía e mantemento básico da bicicleta” ou a conferencia “Ruta desde o centro da Coruña ata o campus”.
- **Somos tráfico**
Trátase dunha guía que informa sobre as medidas de seguridade e outros consellos para desprazarse polas cidades.

e. Comunicación e difusión

- Continuando co proxecto de comunicación iniciado no ano 2011, mantívose unha presenza activa da Oficina de Medio Ambiente (OMA) nos diversos medios de comunicación dispoñibles:
- Facebook, con 105 usuarios (un 133% máis que no ano anterior)
 - Twitter, con 80 usuarios
 - Blog da OMA, cunha media mensual de 405 usuarios
 - Biciblog UDC, cunha media mensual de 257 usuarios

A través destes blogs, a Oficina de Medio Ambiente (OMA) amplía a información que ofrece nas redes sociais. Así, destaca a iniciativa “o calendario verde” no Blog da OMA, unha ferramenta que permite ver dunha ollada as actividades programadas por esta.

2.3. Edificación sustentable

O Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos (SAU) participa na coordinación e realización das actuacións de índole urbanística, arquitectónica e tecnolóxica desenvolvida no ámbito territorial da nosa institución.

As súas actuacións sintetízanse nos seguintes campus de actuación:



Imaxe 16. Arquitectura e urbanismo na UDC.

- O contexto territorial da UDC estivo marcado pola realidade do Plan xeral de ordenación urbanístico do Concello da Coruña e pola consecuente modificación das condicións urbanísticas do territorio universitario. A xestión axeitada do plan por parte da UDC permitiu que as determinacións contidas no mencionado documento se axustasen aos parámetros de ordenación dos distintos campus universitarios, permitindo continuar e completar as accións emprendidas para satisfacer as necesidades do espazo construído na comunidade local.
- Acorde co Plan do Concello da Coruña, comezamos a redacción dun plan especial de infraestruturas para o Campus de Elviña e o Campus da Zapateira (A Coruña), co fin de acometer actuacións tanto de mellora viaria coma de espazo exterior. Entre outros temas, este plan incluíu un catálogo dos elementos de mobiliario urbano e dos elementos vexetais e da pavimentación presentes no espazo público.
- Os obxectivos que se enmarcaron neste plan camiñaron en paralelo coas actuacións que foron acometidas no ano 2012:
- Completouse a intervención no acceso á Facultade de Dereito coa configuración dun ámbito exterior pavimentado flanqueado por zonas verdes.
 - Continuouse coa adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior: adecuación na ETS de Arquitectura, na ETS de Náutica e Máquinas e na Facultade de Informática.

- Executáronse actuacións de accesibilidade para o Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE) e para a EU de Arquitectura Técnica, eliminando os problemas de barreiras arquitectónicas. Dotouse dun ascensor adaptado e iniciáronse as obras de accesibilidade da biblioteca e das aulas especiais.
- Púxose en valor a segunda planta do edificio Normal, cunha intervención de limpeza, que permitiu recuperar a estrutura espacial orixinal da planta e do patio interior como fonte de iluminación e ventilación para os espazos de espera e circulación.
- Acometéronse pequenas reformas para mellorar as condicións de uso dos espazos universitarios, ao tempo que se equiparon centros multidisciplinares que iniciaron as súas actividades durante o ano, como é o caso do Centro Cultural Universitario de Ferrol ou a Aula Náutica da Coruña.
- Iniciouse o estudo de rehabilitación das fachadas dos edificios da ETS de Arquitectura e da EU de Arquitectura Técnica.

No ámbito enerxético realizáronse as seguintes actuacións:

- Estudáronse e avaliáronse as medidas que se levarán a cabo nos próximos exercicios. Tras varios anos de investimentos en enerxías renovables e eficiencia enerxética, a liña de traballo actual é



a busca de puntos de mellora e aforro enerxético co mínimo investimento posible.

- Realizáronse seguimentos dos consumos enerxéticos para mellorar a contratación de enerxía (electricidade, gas, gasóleo) e auga, coa pretensión de optimizar e reducir os consumos dos centros con medidas organizativas que non afecten o confort.
- Traballouse en aspectos organizativos das novas instalacións para mellorar en horarios de funcionamento, co obxectivo de acadar curvas de traballo e regulamento máis adecuadas.
- Finalizouse a canalización de gas natural no Campus de Elviña (A Coruña), o que permitirá facer progresivamente substitucións do combustible. O gas natural é máis económico, o que permitirá un aforro enerxético dun 30% e unha redución de emisións de CO2 considerable, sen emisións de óxidos de xofre e con baixas emisións de óxidos de nitróxeno.

Ademais, o Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos (SAUE) foi o coorganizador do II Con-

greso Interuniversitario de Mantemento Sustentable e Eficiencia Enerxética, que tivo lugar na Universidade de Santiago de Compostela (USC). Neste congreso, o Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos (SAUE) puido presentar parte dos seus traballos máis salientables nos últimos anos:

- A instalación de calefacción de barrio (district heating) na Área Universitaria do Campus da Zapateira (A Coruña)
- A instalación de hidrotermia para a Aula Náutica no dique de Abrigo Barrié la Maza
- A instalación de iluminación con LED en varios centros da UDC.

Cómpre destacar a nosa adhesión ao proxecto Smart Cities, impulsado polo Concello da Coruña. Este proxecto persegue mellorar o ámbito socioeconómico da Coruña, a través da innovación tecnolóxica, dotando a cidade de solucións que permitan reactivar e impulsar o talento e o tecido produtivo local, facilitar a aparición de novos modelos de negocio e apoiar o desenvolvemento tecnolóxico e investigador da UDC.

AS EMPRESAS E OS EMPREENDEDORES

A terceira misión da Universidade focalízase na súa interacción coa sociedade e co tecido produtivo, polo que a súa posta en práctica non fai máis que completar e fortalecer os seus labores de formación de capital humano e de investigación. O aliñamento das estratexias da Universidade para responder a esta necesidade é un elemento clave, para o que temos en especial consideración as necesidades e opinións das empresas e os emprendedores.

A empresa é un grupo de interese clave para a Universidade en varios sentidos. Por un lado, é un dos ámbitos en que os estudantes poñerán en práctica to-

dos os coñecementos adquiridos durante a súa época formativa e, por outro lado, a empresa en si mesma tamén desempeña un importante papel na formación continua dos nosos egresados.

A empresa é un motor da investigación, do desenvolvemento e da innovación, que progresa atendendo ás súas demandas e necesidades, requirindo transferencia de coñecemento. Como institución de educación superior temos a capacidade de influír na formación dos profesionais, na súa escala de valores, na súa forma de interpretar o mundo e de comportarse nel, sendo o mundo empresarial un beneficiario principal desa capacitación.

1. Transferencia de coñecemento

As nosas actividades de investigación e desenvolvemento xeran coñecementos científicos e tecnolóxicos que son aproveitados polo sistema produtivo galego, permitíndolle á universidade acumular capital tecnolóxico. Este capital xera un impacto económico directo ao facilitarlle ao tecido empresarial resolver problemas organizativos e produtivos, impulsar o desenvolvemento tecnolóxico e mellorar a súa produtividade e a súa renda.

Xerar unha cultura emprendedora, impulsar as actividades de xeración de coñecemento do equipo investigador da UDC e identificar o sector social e empresarial ao que transferirle o devandito coñecemento implica que non só dispoñemos dos recursos adecuados para estas accións, senón que tamén contamos cunha relación estable co seu ámbito produtivo, como fonte de novos ámbitos de investigación básica e aplicada.

A Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación e a Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable modificaron o marco lexislativo para que a Universidade desenvolvese a súa terceira misión, converténdoa en protagonista activa do desenvolvemento socioeconómico español. Co fin de incorporar os cambios lexislativos, actualizamos os seguintes regulamentos:

- Regulamento para a contratación de servizos científicos, técnicos, artísticos ou docentes

- Regulamento de propiedade industrial e de propiedade intelectual
- Regulamento de creación e recoñecemento de empresas

1.1. Grupos de Investigación

a. Xestión e actuacións destacadas

Os grupos de investigación son a base sobre a que elaboramos a nosa produción científica, destacando aqueles que teñen a consideración de grupos de excelencia.

Co obxectivo de cubrir a necesidade de sistematizar toda a información xerada polos grupos de investigación, creamos o “Catálogo de investigación da UDC”, que incorpora ademais do rexistro dos grupos de investigación, o rexistro das unidades de investigación e o rexistro dos investigadores individuais.

No ano 2012, a Axencia Nacional de Avaliación e Prospectiva (ANEP) levou a cabo a convocatoria de avaliación da actividade dos grupos de investigación. Este proceso serviu para poñer en valor os puntos fortes destes grupos e para sinalar aqueles aspectos suxeitos a mellora. Desde o punto de vista do financiamento, esta avaliación permitiu a transición do sistema de avaliación anterior de produción científi-

ca ao sistema de financiamento plurianual dos grupos de investigación.

A actividade no campo da colaboración con outras institucións de investigación do noso ámbito socioeconómico foi prolífica. Destacamos a colaboración co Complejo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC) a través do Instituto de Investigación Biomédica da Coruña (INIBIC), promovido pola UDC e polo Complejo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC). Por medio deste proxecto púxose en marcha un proceso de adscrición ao Instituto de Investigación Biomédica da Coruña (INIBIC) de novos grupos de investigación. A iniciativa formou parte dun conxunto de medidas para estreitar a cooperación con este, que se agarda que culmine coa súa acreditación como Instituto de Investigación Sanitaria, recoñecido polo Instituto de Ciencias da Saúde Carlos III.


Ademais, deseñáronse diversas medidas de promoción para a concorrència a convocatorias europeas, entre as que destacaron as de European Research Council

(ERC), na que se alcanzou, por primeira vez, un proxecto da convocatoria Starting Grant, dotado con 1,5 millóns de euros.

b. Igualdade de xénero

Dos 125 grupos de investigación, seis grupos pertencentes ás áreas científicas de Ciencias Sociais e Xurídicas e Humanidades traballan nas súas liñas de investigación en materia de igualdade de xénero.

Estes grupos de investigación, así como outros investigadores individuais que realizan estudos de xénero, realizaron, no ano 2012, un gran labor de captación de fondos xa que a Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, concedeulles, por un lado, 6 axudas a membros do profesorado para realizen cursos de posgrao, conferencias, xornadas e outras actividades e, por outro lado, 3 axudas para realizar e difundir estudos e investigacións sobre cuestións de xénero.



Imaxe 17. Transferencia de coñecemento na UDC.

1.2. Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI)

A Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI) é responsable de potenciar as relacións entre o tecido empresarial e os grupos de investigación da UDC en materia de investigación e innovación, apoiando a busca dunha saída comercial aos resultados acadados. Tamén lle presta asesoramento ao seu equipo investigador en cuestións de financiamento colaborador con empresas, solución de problemas tecnolóxicos, redacción de contratos e convenios, negociación de licenza ou cesión de patentes, etc. Un dos seus labores fundamentais é a promoción dos grupos de investigación entre o sector empresarial, para o cal realiza visitas personalizadas, edita material divulgativo e participa en foros e xornadas.



Imaxe 18. Estrutura da Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación da UDC.

a. Xestión e tramitación dos contratos de investigación conforme o artigo 83 da LOU

O Regulamento para a contratación de servizos técnicos, artísticos ou docentes da UDC recolle o espírito do artigo 83 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (LOU) e establece que tipo de contratos se poderán formalizar a través da UDC ou a través das diferentes entidades habilitadas para iso, como é o caso da Fundación Universidade da Coruña (FUAC).

No caso dos contratos xestionados a través da UDC son tramitados directamente pola Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI), a cal conta cun rexistro informático para controlar e avaliar todos os contratos asinados a través das distintas entidades da UDC.


b. Explotación comercial de patentes e rexistros de software

A Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI) canaliza a xeración das estruturas adecuadas de protección de resultados de investigación, en forma de patentes ou outros títulos de propiedade industrial e intelectual para o persoal da universidade. Neste ámbito, as tarefas que desenvolve son:

- Xestión e asesoramento sobre a protección de resultados de investigación
- Documentación sobre propiedade industrial: normativas, leis, directivas, etc.
- Tramitación de solicitudes de patentes e rexistros de software
- Explotación de resultados: contratos de transferencia de tecnoloxía, contratos de licenzas de explotación e contratos know-how

Presentamos no seguinte gráfico a evolución do número de patentes e rexistros de software xestionados dende o ano 2009 ata o ano 2012.

Evolución das patentes e rexistros de software xestionados
Gráfico 72



c. Apoio a proxectos europeos

Outra das liñas de traballo da Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI) é a que desenvolve a través da **Unidade de Apoio a Proxectos Europeos de I+D**, con dúas funcións primordiais:

- Ofrecer un apoio directo na preparación e xestión de proxectos europeos de I+D.
- Fomentar a participación do PDI en programas europeos de I+D a través de actividades informativas e formativas.

Froito deste traballo conxunto, presentáronse 34 solicitudes de axuda ao VII Programa Marco e ao Programa de Cooperación Internacional, con 5 proxectos con financiamento aprobado.



1.3. Servizo de Apoio á Investigación (SAI)

O Servizo de Apoio á Investigación (SAI) ofrece servizos analíticos rutineiros e pon a punto novas metodoloxías de ensaio e serve como laboratorio de referencia para entidades públicas e privadas.

QUE É?

Dotado de persoal altamente cualificado, ofrece análises químicas e biolóxicas mediante espectrometrías de masas, combustión, microscopia, resonancia magnética nuclear, raios X, secuenciación de ADN, entre outras metodoloxías.

Análise de augas, minerais, metais, ADN, contaminantes orgánicos e inorgánicos, materiais xenéricos, xeolóxicos, químicos, etc.

OBXECTIVOS

Apoio a centros de investigación científica e técnica, control de calidade, protección do medio, farmacéutica, centros hospitalarios, industria agroalimentaria, química, construción, electrónica, minaría, mineraloxía e química ambiental.

Contaminantes orgánicos persistentes en produtos agroalimentarios: cereais, pensos, carnes, peixes, moluscos, aceites, graxas, etc.

CONTA CON ISO 17025 E ISO 9001

O Servizo de Apoio á Investigación (SAI) conta cun Sistema de Xestión da Calidade, conforme a Norma UNE-EN ISO 9001 e dispón dun laboratorio acreditado por ENAC para a análise de dioxinas en matrices alimentarias.

Formación en cromatografía, RMN, espectrometría de masas, raios X, secuenciación de ADN, PDC, ARN, microscopia confocal, electrónica, etc.


Imaxe 19. Estrutura do Servizo de Apoio á Investigación.

No ano 2012, a súa actividade tivo unha caída do 24%, afectado pola crise económica. Non obstante, a aposta pola mellora xa que a excelencia levou á adquisición dun novo granulómetro láser, para substituír un equipo obsoleto, e un extractor de líquidos presurizados, o que permitirá diminuír os tempos de análise en dioxinas e PCB's.

Presentamos nos seguintes gráficos a evolución da porcentaxe de destino das mostras realizadas polo Servizo de Apoio á Investigación (SAI), así como a facturación realizada por estes traballos, dende o ano 2009 ata o ano 2012.


Evolución das mostras analizadas polo Servizo de Apoio á Investigación

Gráfico 73



Avaliación da facturación do Servizo de Apoio á Investigación

Gráfico 74



1.4. Parque Tecnolóxico da UDC

Dispoñer dunha infraestrutura tecnolóxica moderna e ben xestionada é fundamental para acadar resultados positivos de I+D+i. A nosa oferta e capacidades neste ámbito é destacada en varios dos centros operativos.

a. Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC)

QUE É?

É un centro creado coa finalidade de mellorar a investigación e o estudo nos campos da edificación e da enxeñaría civil, no ámbito da construción, sempre desde a óptica da análise experimental.

É un centro capaz de realizar ensaios de gran envergadura en enxeñaría civil.

OBXECTIVOS

- Ampliar o coñecemento nos campos afíns á enxeñaría civil.
- Captar os recursos económicos para realizar proxectos de investigación.
- Colaborar co tecido empresarial e institucional da UDC.

- Fomentar a investigación de base.
- Investigación aplicada.
- Asesoramento a entidades públicas e privadas.

CONTA CON CINCO LABORATORIOS

Ten capacidade para ofrecer un asesoramento adaptado ás necesidades das empresas e institucións no ámbito da enxeñaría civil e posúe infraestruturas singulares semellantes ás dos centros europeos máis avanzados.

Construción, enxeñaría sanitaria, hidráulica, portos e cousas e túnel de vento para ensaios aeroelásticos.

Imaxe 20. Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC).

Como puntos fundamentais da actividade do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC), no ano 2012, hanse de sinalar os seguintes:

- Apoio ao desenvolvemento de 19 proxectos de investigación con financiamento público.
- Desenvolvemento de 8 proxectos de colaboración con entidades tan destacadas como: UTE Langosteira, Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH), Alfer Metal, Riego Tubos Armados, Augas de Galicia, Centro Tecnolóxico do Granito e OCASA.
- Execución dos fondos de infraestruturas concedidos na convocatoria do ano 2008.
- Inicio da colaboración activa coa Fundación de Enxeñaría Civil de Galicia (FICG), materializado nun convenio de colaboración do que resultou

un proxecto concedido á Axencia Galega de Innovación.

- Renovación do sistema de calidade implantado de acordo coa Norma UNE-EN-ISO 9001:2008.
- Formación continua dos técnicos de laboratorio e PAS do centro.

Máis do 80% do financiamento do CITEEC provén de convenios e proxectos de investigación.



Presentamos na seguinte táboa os datos relativos á xestión do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC), así como a evolución da procedencia do seu financiamento.

Evolución dos datos de xestión do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC)				
	2009	2010	2011	2012
Integrantes dos grupos de investigación ¹	79	77	77	
Investigadores contratados con cargo a proxectos	17	18	16	
Técnicos especialistas	6	6	6	
Núm. de proxectos e convenios	30	31	43	27
• Contratos e convenios con empresas	13	13	27	8
• Proxectos activos durante o ano	17	18	16	19
PRESUPOSTO TOTAL (€) ²	1.428.180,31	816.395,56	1.377.038,49	1.994.071,82
Núm. de convenios tramitados pola FICG con execución en laboratorios do CITEEC		12		
Financiamento xestor CITEEC S. L. (€)	61.289,88 €	45.372,93 €		
1(Composición segundo o Catálogo de investigación da UDC do día 09/03/2012)				
2(Cantidade onde se suman os importes totais dos proxectos de investigación e dos convenios con empresas)				

Táboa 17

Financiación do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC)				
	2009	2010	2011	2012
Producción científica	89.988,40 €	84.232,73 €	73.345,23 €	69.881,52 €
Proxectos de investigación	646.969,26 €	472.033,43 €	432.250,85 €	256.704,82 €
Convenios e proxectos de investigación			847.814,38 €	1.665.252,26 €
• UDC			72.722,19 €	153.773,04 €
• FICGA	601.234,25 €	214.756,47 €	602.267,86 €	1.365.939,22 €
• FEUGA			48.092,00 €	58.700,00 €
• FUAC			124.732,33 €	86.840,00 €
Xestora CITEEC	61.289,88 €	45.372,93 €	23.988,03 €	2.232,50 €
TOTAL (€)	1.401.490,79	816.395,56	1.377.038,49	1.994.071,82

Táboa 18

b. Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT)

QUE É?

É un espazo de colaboración e transferencia de coñecemento da universidade á empresa, que presta servizos de investigación e desenvolvemento tecnolóxico no eixo da tecnoloxía industrial.

Colaboración co tecido industrial galego en proxectos de investigación e desenvolvemento.

OBXECTIVOS

- Traballar para darlles resposta ás necesidades da industria.
- Fomentar a investigación.
- Traballar para a sociedade, mellorando a formación.

Equipo de traballo multidisciplinar (enxeñaría naval e industrial, da ciencia dos polímeros, da tecnoloxía láser e dos combustíbles) orientado a ofrecerlles solucións reais ás empresas e á sociedade.

CONTA CUN TALLER MECÁNICO

Dispón dun taller mecánico coa finalidade de darlle servizo á comunidade universitaria, coa realización de pezas e dispositivos únicos ou de difícil obtención.

A entrega ao traballo é a investigación, así como a gran experiencia do equipo.

Imaxe 21. Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT).

Como actividades claves do Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT), no ano 2012, hanse de sinalar as seguintes:

- Realización dunha convocatoria pública de pertenza e cesión de espazos para os grupos de investigación da UDC, coa posibilidade de ocupar dous espazos libres, tras a remodelación do edificio do antigo comedor do Campus de Esteiro (Ferrol).
- Traballouse en 34 proxectos de investigación financiados por entidades públicas ou privadas.
- Revisión do sistema de calidade implantado de acordo coa Norma UNE-EN-ISO 9001:2008 para tres dos seus laboratorios: Laboratorio de Plásticos, Laboratorio de Química e Laboratorio de Combustibles.

- Ampliación do espectro de ensaios incluídos no alcance da acreditación coa Norma UNE-EN-ISO 17025 do Laboratorio de Combustibles.

Desde a súa creación no ano 2006, a actividade do Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT) circunscribiuse a ensaios e asistencia técnica que se realizaron para distintas empresas e proxectos da convocatoria sectorial da Consellería de Industria na rama de centros tecnolóxicos. No ano 2012 asináronse, por primeira vez, convenios para realizar proxectos con empresas, o que supuxo un incremento do 150% na facturación anual.


Presentamos na seguinte táboa os datos relativos á xestión do Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT) dende o ano 2009 ata o ano 2012.

Evolución dos datos de xestión do Centro de Investigación Tecnolóxica (CIT)

	2009	2010	2011	2012
Integrantes dos grupos de investigación	102	92	92	100
Investigadores contratados con cargo a proxectos	34	42	47	23
Técnicos especialistas	6	5	5	5
Contratos de asistencia técnica realizados con empresas ou organismos públicos	43	45	45	39
Empresas coas que se traballou	44	37	42	47
Proxectos activos durante o ano	45	36	31	34
Artigos publicados en revistas recollidas no SCI	0	0	32	31
PRESUPUESTO TOTAL (€)	1.496.039,50	1.118.972,23	1.579.710	1.678.487

Táboa 19

c. Centro de Investigacións Tecnolóxicas da Información e das Comunicaci3ns (CITIC)



Imaxe 22. Centro de Investigacións Tecnolóxicas da Información e as Comunicaci3ns (CITIC).

As principais actuacións do Centro de Investigacións Tecnolóxicas da Información e das Comunicaci3ns (CITIC), no ano 2012, foron as seguintes:

- Creaci3n de dúas novas áreas tecnolóxicas: a área de Computaci3n de Altas Prestaci3ns e Matemática Aplicada e a Área de Estatística e Investigación Operativa.
- Renovaci3n do sistema de calidade implantado segundo a Norma UNE-EN-ISO 9001:2008 e a Norma UNE 166002:2006.
- Inicio dun ciclo de actividades de formaci3n mixta Universidade-Empresa, como parte das actividades encamiñadas a fomentar a colaboración e o coñecemento mutuo.
- A Unidade de Promoci3n Tecnolóxica intensificou o labor comercial e de mercadotecnia, o que repercutiu en maior presenza nos medios de comunicaci3n e no incremento da carteira de clientes potenciais, con máis de 70 novas empresas.

- Concorrencia conxunta dos investigadores ao Plan InnovaSaúde e Hospital2050, financiado polo Servizo Galego de Saúde (SERGAS), coa presentaci3n de 26 soluci3ns innovadoras das 33 que concorreron.
- Participaci3n na licitaci3n do Concello da Coruña do proxecto Smart Coruña. Ademais, os grupos do Centro de Investigacións Tecnolóxicas da Información e das Comunicaci3ns (CITIC) tamén participaron de forma conxunta na definici3n de varias das propostas en 5 dos 7 consorcios presentados á licitaci3n.
- Participaci3n activa nos grupos de traballo e nas xornadas e eventos organizados polas plataformas tecnolóxicas galegas.


Presentamos na seguinte táboa os datos relativos á xestión do Centro de Investigacións Tecnolóxicas da Información e as Comunicacións (CITIC), así como a evolución da procedencia do seu financiamento.

Evolución dos datos de xestión do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (CITIC)				
	2009	2010	2011	2012
Integrantes dos grupos de investigación ¹	103	106	132	286*1
Investigadores contratados con cargo a proxectos ²	5	14	18	23*2
Técnicos especialistas	3	3	3	3
Contratos novos con empresas ³	12	12 + 22 (novos)	20	10*2
Proxectos con financiamento público	2	2	0	1*3
Proxectos activos durante o ano ³	2	34	31	28*3
FINANCIAMENTO CAPTADO NO ANO 2011 ³ 782.078,31 € 1.177.125,52 € 413.963,93 € 559.235,00 €				
1 Datos actualizados tras a incorporación efectiva de tres novos grupos ao CITIC, segundo o informe Agrupación estratéxica CITIC.				
2 Só se inclúe o número medio de contratos xestionados directamente pola Sociedade Xestora do CITIC.				
3 Só se inclúen os datos dos convenios e proxectos xestionados pola Sociedade Xestora do CITIC e as axudas públicas acadadas como CITIC (agrupación estratéxica CITIC). Non se inclúen os xestionados directamente polos grupos de investigación na UDC.				

Táboa 20

Evolución da procedencia de financiamento para o CITIC

Gráfico 75



d. Centro de Investigaciones Científicas Avanzadas (CICA)

Acabado de concluír e en fase de equipamento no ano 2012, a UDC presenta o Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) para darlles cabida aos grupos de investigación que traballan en proxectos relacionados coa investigación da enerxía e dos recursos naturais nun total de 4.900 m² de superficie construída.

1.5. O Consello Social

Un dos seus obxectivos principais é impulsar a colaboración entre as empresas e a Universidade mediante a satisfacción por estas das necesidades do seu ámbito, contribuíndo eficazmente ao desenvolvemento social, profesional, económico, tecnolóxico e cultural. Para iso, desenvolvo as seguintes liñas de acción durante o ano 2012.

a. Premio Impulso UDC e Premio Confianza UDC

Con estes premios, o Consello Social da UDC quere recoñecer os mellores proxectos de colaboración entre a UDC e o tecido empresarial, sendo estes valorados cos principios de promoción da investigación e a transferencia de tecnoloxía.

O Premio Impulso UDC vén a recoñecer o compromiso dos grupos de investigación da UDC en liña coa consecución dos obxectivos que o Consello Social da UDC considera como prioritarios no campo da I+D+i. No ano 2012, o premio foille outorgado ao Grupo Integrado de Enxeñaría da UDC.

Pola súa banda, o Premio Confianza UDC outórgaselles como recoñecemento aos méritos acreditados ás empresas do tecido empresarial galego, como reflexo do compromiso e a implicación desta na consecución dos obxectivos do Consello Social da UDC en clave de colaboración Universidade - Empresa. No ano 2012, foille concedido á empresa ENMACONSA, S.A.

O Consello Social da UDC pretende así poñer en valor as boas prácticas que contribúen á implantación dun modelo produtivo baseado na transmisión e explotación do coñecemento, nun exercicio de confianza na relación de colaboración Universidade - Empresa.

b. Transfiere – UDC e RSU - UDC

Transfiere - UDC é unha colección bibliográfica, cuxo obxecto é promover o estudo e a investigación sobre materias vinculadas esencialmente á terceira misión da

Universidade: a achega das universidades ao desenvolvemento socioeconómico, con especial énfase na innovación e no emprendemento.

RSU - UDC é unha colección a través da cal se pretende impulsar o estudo e a investigación da responsabilidade social universitaria, compromiso por parte da Universidade de bo goberno social e ambiental, nas súas tres misións: ensino, investigación e transferencia de resultados á sociedade.

No ano 2012, presentáronse dous novos títulos La reforma de la universidad española. Un análisis desde su gobernanza e Emprendimiento y Transferencia de Conocimiento. La optimización de los resultados de la I+D+i de origen público.

1.6. Premios de investigación

Como cada ano, foron outorgados, conxuntamente co Concello de Ferrol, os seguintes premios de investigación:

- VIII Premio de Investigación “Concepción Arenal” ao traballo titulado “Valle-Inclán, poeta moderno no canonizado”, cuxa investigadora principal é Rosario Mascato Rey.
- VIII Premio de Investigación “González Llanos” ao traballo titulado “Reducción del consumo de combustible fósil y de las emisiones de CO2 en buques de pasaje mediante la implementación de un nuevo diseño de colector solar término”, asinado por Ana Álvarez García.

1.7. Institutos universitarios de investigación

Para reforzar a súa oferta académica e investigadora, a UDC conta con seis institutos universitarios de investigación. Como mostra da súa iniciativa investigadora e das relacións co mundo empresarial, a UDC configúraos como espazos especializados nun ámbito da investigación concreto, o que lles permite poñer en valor os seus resultados de forma máis visible:

- Instituto Universitario de Ciencias da Saúde
- Instituto Universitario de Estudos Europeos Salvador de Madariaga
- Instituto Universitario de Estudos Irlandeses Amergin
- Instituto Universitario de Estudos Marítimos (en colaboración coa Autoridade Portuaria da Coruña)



A UDC conta
con **6** Institutos
Universitarios de
Investigación

- Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal. Resultado da colaboración co Laboratorio Xeolóxico de Laxe (Fundación Isidro Parga Pondal)
- Instituto Universitario de Medio Ambiente

1.8. Ética na investigación

O Comité de Ética (CE) é o órgano asesor da comunidade científica da UDC. Vela polo cumprimento das boas prácticas na realización das actividades vinculadas á investigación, sobre todo no campo dos dereitos fundamentais das persoas, o benestar dos animais e os intereses vinculados á defensa e á protección do medio.

A súa función principal é someter a informe os proxectos de investigación que presentan, individualmente ou en grupo, os investigadores vinculados á UDC, en especial aqueles que se presenten a convocatorias cuxas bases reguladoras requiran informes sobre os aspectos éticos e/ou xurídicos de investigación.

1.9. Financiamento da investigación


Ante a diminución actual das achegas do sector público ao financiamento das universidades, consecuencia directa da situación de crise económica actual, a captación de recursos económicos a través de contratos de investigación e de transferencia de tecnoloxía ao sector produtivo, convértese nunha fonte relevante de ingresos.

Por iso, estamos a realizar un importante esforzo por aumentar a porcentaxe de financiamento proveniente de fontes privadas: realización de proxectos de investigación con entidades públicas ou privadas orientados á transferencia de tecnoloxía, creación de cátedras Universidade-Empresa, patrocinio de mestrados, estudos de divulgación, etc.

O seguinte desenvolvemento de gráficos presenta os resultados da capacidade de investigación da UDC, mediante indicadores dos recursos e axudas obtidas.


Evolución dos recursos externos obtidos para a investigación

Gráfico 76




Evolución dos recursos externos obtidos para a investigación, a través de proxectos competitivos

Gráfico 77




Evolución dos recursos externos obtidos para a investigación, a través de convenios e contratos

Gráfico 78




Evolución das axudas outorgadas ás unidades de investigación

Gráfico 79




Evolución dos importes das axudas outorgadas ás unidades de investigación

Gráfico 80



Evolución do financiamento dos centros de investigación

Gráfico 81



2. Emprendemento

Moitas das actividades que desenvolvemos ao longo do ano están enfocadas a fomentar a capacidade de emprender de estudantes e titulados. Mediante estas, pretendemos estimular o emprendemento, facendo diso unha saída profesional viable e crecente, considerada xa como unha fonte de creación de riqueza e de emprego.

Para algúns estudantes e titulados, a cultura do emprendemento permítelles adquirir, por primeira vez, habilidades e competencias que incentivan a súa participación en proxectos nos cales logo terán a posibilidade de traballar. Para outros, implica avanzar, dando un paso máis, adquirindo a formación necesaria para dirixiren unha empresa familiar ou crearen as súas propias empresas de base tecnolóxica.

2.1. Empresas de base tecnolóxica (EBT)

A creación de empresas de base tecnolóxica consolidouse, pouco a pouco, como un novo mecanismo de transferencia do coñecemento xerado tanto polos grupos de investigación coma pola súa comunidade universitaria á sociedade e ao tecido produtivo. Un dos obxectivos é fomentar a creación de empresas promovidas por membros da comunidade universitaria, baseadas no coñecemento e nos resultados de investigación, para o que se desenvolveu o **Regulamento de creación e recoñecemento de empresas da UDC**.

A través deste tipo de iniciativas, a UDC asumiu un papel máis dinámico e activo no funcionamento do sistema de innovación, tal e como se reflicte a continuación.

30 empresas promovidas por membros da comunidade universitaria.

Spin-offs participadas pola UDC

Appentra Solutions, S.L.
Humigal Sistemas Ecológicos de Depuración de Aguas, S.L. (Sedaqua)
Syntheractive, S.L.
Torus Software Solutions, S.L.

Empresas asociadas á UDC

AllGenetics & Biology, S.L.
Avansig, S.L.
Galebook, S.L.
Goovent Technologies, S.L.N.E.
Teimas Desenvolvemento, S.L.
Trileuco Solutions, S.L.

Outras empresas apoiadas pola UDC

Aplicaciones informáticas corporativas y empresariales, SL (aCore)
Auganosa, soluciones en ingeniería del agua, S.L.
Bilega Energía, S.L.
Coingal Sistemas de Información, S.L.
Connectical
CRM SOLINTEC ingeniería e innovación, S.L.
Doibos ingeniería, S.L.
Enxenio, S.L.
Fismare, Innovación para la Sostenibilidad, S.L.
Health [in] Code, S.L.
Goovent Technologies, S.L.N.E.
Innovación, cooperación, cartografía y territorio, SL - icarto
Ilux Visual Technologies, S.L.
Ingeniería Insitu, S.L.
Investigación, diagnose e aplicacións de química analítica, S.L. - Invesga
La Charca Digital
Lambdastream, S.L.
Lonxanet Directo, S.L.
Nomasystems, S.L.
Plain concepts, S.L.
Recursos y Servicios Gerontológicos, S.L.
Trabe Soluciones, S.L.



O equipo de Appentra Solutions, empresa participada pola UDC.

2.2. Viveiro de empresas

As empresas que se aloxan no Viveiro de Empresas deben de contar cun alto compoñente de innovación ou ser empresas xurdidas do coñecemento xerado na Universidade (spin-off) e enfocadas, especialmente, á transferencia de resultados de investigación.

O éxito do Viveiro de Empresas, cuxa actividade se iniciou hai 8 anos co obxectivo de canalizarlle ao tecido produtivo a actividade investigadora e profesional da comunidade universitaria, constátase cun dato contundente: dende o ano 2004 pasaron polo Viveiro de Empresas un total de 38 iniciativas empresariais que xeraron máis de 150 postos de traballo.

O Viveiro de Empresas está situado na 4.ª planta o Edificio de Servizos Centrais de Investigación (ESCI). Dispón de 7 locais de 21 m² cada un, equipados con acceso ás redes de comunicación, salas para reunións e outros servizos comúns.

No ano 2012 destacaron as seguintes actuacións:

- Actualización do Regulamento para a creación de empresas da UDC.
- Participación no programa “Empresa-concepto”, desenvolvido polo Sistema Universitario de Galicia (SUG) e o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) para o apoio e fomento das spin-off académicas.

- Participación no Comité de Iniciativas de Emprego de Base Tecnolóxica (IEBT) da Xunta de Galicia, para fomentar e incrementar os sistemas de apoio á creación de novas empresas dese tipo.
- Sinatura dun convenio con AJE Marineda (Asociación de Jóvenes Empresarios de A Coruña) para o fomento da innovación e apoio aos emprendedores do Viveiro de Empresas da UDC.

A composición do Viveiro de Empresas o 31 de decembro de 2012 era:

- Appentra Solutions, S.L.: www.appentra.com
- Doibos Ingeniería, S.L.: <http://doibos.com>
- Appeiros Mobile Development: www.appeiros.com
- Kappowsky, S.L.
- Allgeneticx & Biology, S.L.: www.allgenetics.eu
- AVANSIG, S.L.: www.avansig.com
- Trileuco Solutions, S.L.: www.trileucosoluciones.com

É mester destacar que somos membros da “Rede de incubadoras empresas tecnolóxicas e innovadoras” galega, que pretende ser o instrumento que facilite a cooperación entre os axentes implicados na creación de empresas.

2.3. Fundación da Universidade da Coruña

UNIDADE DE XESTIÓN
UNIVERSIDADE - EMPRESA

- + 1 000 contratos de I+D promovidos e xestionados con empresas e universidades.
- + 180 investigadores contratados para proxectos de colaboración con empresas.
- + 700 empresas contrataron proxectos de investigación a través da FUAC
- + 25 000 000 € de volume xestionado en proxectos de investigación con empresas.
- + 1 800 000 € de financiamento para a UDC, achegado pola FUAC.

UNIDADE DE INNOVACIÓN
E COOPERACIÓN
INTERNACIONAL


- Exemplo europeo de boas prácticas en xestión e coordinación de Programas de Cooperación Territorial Europea.
- + 70 proxectos de cooperación Universidade – Empresa para o fomento da innovación.
- + 160 organizacións colaboradoras a nivel nacional e internacional.
- Actividades para a promoción da I+D+i con + 1.000 empresas e outros axentes dos sistemas de innovación de Galicia e España.
- + 200 diagnósticos e plans de innovación realizados a pemes galegas para a súa mellora competitiva.

Imaxe 23. Xestión da FUAC.

a. Unidade de Xestión Universidade - Empresa


A Fundación da Universidade da Coruña (FUAC) a través da Unidade de Xestión Universidade - Empresa xestiona programas delegados e propios nos ámbitos da formación (cursos de especialización, posgrao, mestrados e congresos, xornadas e outros), a investigación (contratos de investigación, asistencia técnica, subvencións e outros) e as bolsas (prácticas en empresas por parte de estudantes ou titulados universitarios).

Presentamos nos seguintes gráficos a evolución dos volumes económicos xestionados por xestión delegada e por xestión propia desde o ano 2008 ata o ano 2012.




Evolución do volume total por xestión delegada

Gráfico 82



Evolución do volume total por xestión propia

Gráfico 83




a.1. Formación

No ano 2012, confirmouse a diminución prevista na xestión dos cursos de posgrao propios debido á súa progresiva desaparición. Non obstante, a actividade da Unidade de Xestión Universidade - Empresa neste ámbito viuse compensada positivamente coa contratación da Fundación da Universidade da Coruña (FUAC) para levar a xestión económico-administrativa dos programas externos á Universidade, tal e como recollen os seguintes gráficos.


Evolución da xestión dos cursos de posgrao

Gráfico 84



Evolución da xestión das xornadas e outros

Gráfico 85



Ademais, esta unidade participou na organización e xestión dos seguintes congresos e simposios nacionais e internacionais:

- Talleres dixitais e conferencias de promoción do sector multimedia e audiovisual galego no marco da iniciativa “Mundos dixitais 2012”
- Congreso – Eurographics – Symposium on parallel graphics and visualization”
 - 12th Internacional Conference on logic programming and nonmonotonic reasoning”
 - Congreso Ibérico de Percepción

a.2. Investigación


A Fundación da Universidade da Coruña (FUAC), na súa faceta de promoción das relacións entre o mundo da empresa, a sociedade e a Universidade, propón a súa colaboración e asesoramento para identificar e satisfacer as necesidades das empresas no ámbito autonómico e nacional, así como as dos investigadores da UDC. Esta colaboración materializouse, durante o ano 2012,

en contratos, convenios específicos de colaboración, e outras axudas e subvencións.

Presentamos nos seguintes gráficos a evolución da contratación xestionada pola Fundación da Universidade da Coruña (FUAC), por tipo de contrato, dende o ano 2008 ata o ano 2012, e por tipo de actuación e por orixe de financiamento no ano 2012.


Evolución da contratación no ámbito da investigación

Gráfico 86




Distribución da xestión da investigación por tipo de actuación

Gráfico 87



Distribución da xestión da investigación pola orixe do financiamento

Gráfico 88




A Fundación da Universidade da Coruña (FUAC) está integrada en redes e asociacións coa finalidade de establecer colaboración e sumar esforzos para ampliarlles o seu ámbito de actuación e consecución de obxectivos xerais comúns aos membros das distintas redes:

- Rede Española de Fundacións Universidade Empresa (RED FUE)
- Asociación Española de Fundacións con participación especial no Grupo Sectorial de Fundacións Universitarias

- Rede Española do Pacto Mundial de Nacións Unidas
- Global University Network for Innovation

Por outra parte, a Fundación da Universidade da Coruña (FUAC) contribúe economicamente coa UDC grazas ás doazóns e comisións xestionadas por esta. Así, presentamos no seguinte gráfico a evolución das achegas realizadas dende o ano 2008 ata o ano 2012.

Evolución da xestión de axudas e achegas á UDC (doazóns e comisións)
Gráfico 89




A UDC aposta por *fomentar*
as relacións co sector productivo.

b. Unidade de Innovación e Cooperación Internacional

A Fundación da Universidade da Coruña (FUAC) leva a cabo diferentes proxectos de carácter propio no ámbito do fomento da innovación, que teñen lugar na dimensión rexional, estatal e internacional, tal e como reflicte o seguinte gráfico.

Evolución da xestión de proxectos
Gráfico 90



No ano 2012, foron executados os proxectos que se presentan na seguinte táboa. Canda estes, presentáronse outros 10 proxectos (9 vinculados ao ámbito da cooperación internacional, para seren executados con financiamento da Unión Europea e 1 vinculado ao ámbito rexional, para ser executado con financiamento da Xunta de Galicia).

Programas gestionados por la Unidad de Fomento e Innovación y Cooperación Internacional					
Programa	Acrónimo	Entidade de financiamento	Socio principal	Ámbito	Obxecto
Programa DISNEY-TC3		Entidades responsables: UDC, Tompkins Cortland Community College - The State University of New York e Walt Disney World (WDW).	Entidade xestora: Fundación da Universidade da Coruña (FUAC)	Cooperación Internacional	Curso de 15 créditos que inclúe prácticas profesio-nais pagadas en Walt Disney World (WDW), Orlando, Florida.
Apoio integral a actores clave do sistema dominicano de innovación para promoveren o desenvolvemento da República Dominicana baseado na economía do coñecemento	SINNDOTEC	Xunta de Galicia Socio principal: FUAC		Cooperación Internacional	Promoción da innovación e da economía do coñece-mento para o desenvolvemento da República Domini-cana, de maneira que acade maiores cotas de prospe-ridade económica e benestar social baseándose nas actividades de I+D+i.
Diseminación e redes de coñecemento da área atlántica	KNETWORK	Comisión Europea. CE	Presidencia do Consello de Ministros (CEGER). Centro de Xestión da Rede Informática do Goberno de Portugal	Cooperación Internacional	Creación dunha rede sustentable de intercambio e difusión do coñecemento no Espazo Atlántico, co fin de promover o intercambio de boas prácticas na aplica-ción de estratexias para a Sociedade da Información e do Coñecemento.
Bases para a construción dun sistema de innovación transrexional no SUDOE, fundamentado na creatividade para a innovación das empresas, con apoio das universidades, administracións públicas e contorno social das rexións participantes	CREATINN	Comisión Europea. CE	Fundación da Universidade da Coruña (FUAC)	Cooperación Internacional	Contribución á creación de riqueza mediante o lanzamento dun instrumento de apoio sistemático á competitividade das empresas en sectores estratéxi-cos das rexións SUDOE participantes, sobre a base da creatividade e a innovación.
Atlantic Power Cluster (Cluster Atlántico da enerxía)	ATLANTIC POWER	Comisión Europea. CE	Sociedade para o Desenvolvemento Rexional de Cantabria (SODERCAN, S.A.)	Cooperación Internacional	Busca as complementariedades transnacionais para o despregamento adicional das tecnoloxías da enerxía mariña da zona atlántica e para a identificación dos mercados futuros. Baséase no grupo de traballo de enerxía mariña creada na Comisión Arco Atlántico da CRPM.
